



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 13

Sesión Plenaria
25 de xaneiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 2. Mocións

2.1 2756 (10/MOC-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1876, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, debatida na sesión plenaria do 27.12.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

2.2 2757 (10/MOC-000009)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación asistencial da sanidade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 2077, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, que foi debatida na sesión plenaria do día 27 de decembro de 2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Pleno

3.1 676 (10/PNP-000042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 8, do 07.11.2016

3.2 1587 (10/PNP-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

3.3 1739 (10/PNP-000165)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

3.4 2413 (10/PNP-000221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37, do 30.12.2016

3.52451 (10/PNP-000225)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e Sánchez García, Antón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

3.6 2507 (10/PNP-000234)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

3.7 2638 (10/PNP-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

3.8 2930 (10/PNP-000259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

Punto 4. Interpelacións

4.1 1044 (10/INT-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 1334 (10/INT-000050)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

4.3 2294 (10/INT-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis

Sobre a posición do Goberno galego para Galicia respecto da revisión do modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 32, do 21.12.2016

4.4 2491 (10/INT-000096)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 3446 (10/POPX-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os resultados das políticas do Goberno galego en materia de emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

5.2 3459 (10/POPX-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a extratexia do Goberno galego para evitar os prexuízos para Galicia derivados do modelo de financiamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

5.3 3483 (10/POPX-000012)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir e destinar ao pagamento do alugueiro e as subministracións enerxéticas os fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 2875 (10/POP-000301)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas de actuación en relación co porto da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.2 2939 (10/POP-000324)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión diante do Goberno de España para que Renfe manteña o servizo de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.3 3182 (10/PUP-000042)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante de Portos do Estado e o Ministerio de Fomento para evitar a poxa dos terreos portuarios nos que están asentados A Solana e o Hotel Finisterre na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

6.4 3484 (10/PUP-000045)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de garantía pola Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado e o Concello da Coruña da conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

6.5 2735 (10/POP-000271)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación co resto de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.6 2764 (10/POP-000277)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.7 3460 (10/PUP-000046)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso laboral que está a padecer unha traballadora dunha empresa de transporte de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

6.8 3482 (10/PUP-000044)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai promover o Goberno galego para evitar a fuga e deslocalización das empresas auxiliares do sector do automóbil ao norte de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

6.9 2946 (10/POP-000322)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a pretensión da Xunta de Galicia de suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega nos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.1 02722 (10/POP-000268)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel, e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados das políticas do Goberno galego en materia de emprego xuvenil. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia do Goberno galego para evitar os prexuízos para Galicia derivados do modelo de financiamento. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para reducir e destinar ao pagamento do alugueiro e as subministracións enerxéticas os fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica que a interpelación que figura en segundo lugar será debatida en cuarto e que a que figura en cuarto será debatida en segundo lugar. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 29.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 30.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 32.) e *Sra. Vázquez Veroa (EM)*. (Páx. 34.)

A señora Rodríguez Arias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 36.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 38.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 40.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 42.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 43.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 47.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 50.) e *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 52.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 53.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 55.)

Votacións das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e catro deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia: *aprobado por 54 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.* (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Go-

berno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C, incluída a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita a votación por puntos. (Páx. 59.)

Votación do primeiro punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia: *rexeitado por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia: *rexeitado por 18 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D. Antón Sánchez García, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan: *rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais: *aprobado por 62 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.* (Páx. 60.)

A seguir, o señor presidente dálle a palabra ao señor señor Álvarez Martínez (S) para que dea lectura ao texto transaccionado entre os grupos parlamentarios respecto da proposición non de lei presentada por el mesmo e pola Sra. Burgo López. (Páx. 61.)

O señor Álvarez Martínez (S) le o texto transaccionado. (Páx. 61.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato, para todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións. (Páx. 61.)*

O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei, por iniciativa do Sr. Torrado Quintela e da Sra. Blanco Rodríguez, o señor Torrado Quintela solicitou a votación por puntos. (Páx. 62.)

Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 62.)*

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 62.)*

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 62.)*

Votación das mocións

O señor presidente anuncia que se vai votar a continuación unha moción que estaba pendente dunha transacción. (Páx. 63.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) le a transacción á que chegaron os grupos parlamentarios. (Páx.63.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)*

Declaracións institucionais

O señor presidente procede á lectura de dúas declaracións institucionais, unha en memoria das vítimas do Holocausto, e outra con motivo do Día escolar da non-violencia e a paz, que son aprobadas por asentimento. (Páx. 66.)

Interpelación de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 66.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 70.)

Réplica do autor: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 75.)

Interpelación de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 80.)

Réplica da autora: Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 85.)

Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego para Galicia respecto da revisión do modelo de financiamento autonómico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 87.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 90.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 95.)

Interpelación de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co sector lácteo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 100.)

Réplica do autor: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto). (Páx. 104.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.

O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas 6.1, 6.3 e 6.4. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as medidas de actuación en relación co porto da Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante de Portos do Estado e o Ministerio de Fomento para evitar a poxa dos terreos portuarios nos que están asentados A Solana e o Hotel Finisterre na cidade da Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de garantir pola Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado e o Concello da Coruña, a conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 106.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 108.) e *Sr. Fernández Prado (P)* (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 110.)

Réplica dos autores: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 112.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 113.) e *Sr. Fernández Prado (P)* (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión diante do Goberno de España para que Renfe manteña o servizo de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación co resto de España. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da luz. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso laboral que está a padecer unha traballadora dunha empresa de transporte de viaxeiros. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai promover o Goberno galego para evitar a fuga e deslocalización das empresas auxiliares do sector do automóbil ao norte de Portugal. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a pretensión da Xunta de Galicia de suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega nos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do Informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 139.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 141.)

Remata a sesión ás seis e trinta e catro minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados das políticas do Goberno galego en materia de emprego xuvenil

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Señor Feijóo, a mocidade é o grupo social que está pagando de xeito máis intenso os efectos da crise e das políticas de austeridade. É certo en toda España, pero tamén en Galicia. Aínda onte o Banco de España publicaba unha información estatística que corroboraba este feito. Eu non quero abusar das estatísticas pero si é necesario citar algunhas cifras.

Entre 2009 e 2016 en Galicia, as persoas de entre 16 e 29 anos son 102.000 menos, en descenso continuado, que non acaba, ademais, no ano 2012 ou 2013, como consecuencia da caída da natalidade anterior pero tamén dos saldos migratorios. Hai case 100.000 activos menos e hai 85.000 ocupados menos neste grupo de idade. Certo que desde 2013 a evolución non é tan dramática, os ritmos modifícanse algo. Pero a recuperación económica só permite a este colectivo de menores de 30 anos estabilizar a súa taxa de ocupación, ¡estabilizala!, nun contexto de recuperación económica. E segue sendo esa taxa de ocupación inferior á media española. É certo que mellora algo a taxa de paro, pero empeora a de inactividade, compensándose ambas as cousas. E nas cifras indicadas desapareceu —porque non pode estar contado— o saldo migratorio, que é negativo en 10.000 ou 12.000 persoas neste mesmo período.

Ademais, a calidade do emprego está resentíndose incluso na recuperación. A taxa de parcialidade, a taxa de emprego a tempo parcial, neste colectivo increméntase dun 15 % a un 22 %. E aquí hai unha diferenza de xénero moi notable, porque para as mulleres está situada no 32 %. E ademais esta taxa de parcialidade non se está recuperando a partir de 2012-2013, segue a peor ou estabilizada tamén no momento da recuperación. E non só a taxa de parcialidade, a taxa de temporalidade tamén aumenta, e esta taxa aumenta máis xustamente a partir do ano 2012. Está agora próxima aos dous terzos, case dous terzos dos empregos de menores de 30 anos son empregos temporais en Galicia.

É a mocidade a que sofre de forma máis intensa o axuste económico. A recuperación non ofrece unha oferta de ocupacións dabondo, e os traballos que crea son temporais ou parciais nunha proporción demasiado elevada. Os indicadores son remisos a mellorar pese a que cada vez hai menos mozos, con efectos negativos sobre a taxa de natalidade —porque ¿quen vai

ter fillos nestas condicións?—, sobre a emancipación, sobre o crecemento económico. A emancipación residencial segue baixando desde 2013. A capacidade adquisitiva da mocidade sitúanos en terceira posición pola cola das comunidades autónomas. A súa taxa de pobreza é do 37,2 %.

¿Está vostede satisfeito, señor Feijóo, con estes resultados ou está pensando en cambiar de políticas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, permítame contextualizar a pregunta de vostede para poder contextualizar tamén a resposta.

Acaban de saír os datos definitivos de paro do ano 2016. En total, Galicia baixa en 23.000 parados menos no ano 2016 con respecto ao ano 2015. O número de afiliacións á Seguridade Social en Galicia creceu no último ano en 17.600 novos afiliados á Seguridade Social. En relación cos datos dos mozos e mozas menores de 30 anos, a taxa de paro baixa algo máis: o 14,4 %, 4.600 parados menos entre mozos de ata 30 anos.

Como vostede comprenderá, señoría, estes son os datos que acabamos de coñecer tan só hai unhas semanas. Supoño que estes datos seguirán tendo valor. É certo, señoría, o que vostede refire en relación coa diminución do número de ocupados, hai menos ocupados de todas as idades, é verdade, e hai menos ocupados en todas as comunidades autónomas. ¿Sabe por que, señoría? Porque, como vostede acaba de dicir, aínda non superamos na súa totalidade a crise económica que herdamos.

En todo caso, creo que, se quere vostede seguir sendo rigoroso, debería de non omitir un dato. Hai menos ocupados por todo isto, pero, ademais, hai menos ocupados porque hai menos mozos, e hai menos mozos porque naceron menos. Si, señoría. Os mozos entre 16 e 30 anos de 2009 naceron entre 1979 e 1993. ¿Cantos naceron nese período? 423.000 mozos. Sen embargo, os mozos entre 16 e 30 anos de 2016 loxicamente naceron entre 1988 e 2000. ¿Cantos naceron durante ese período? 110.000 menos. Señoría, non debe contar as cousas así, desa forma tan mediocre. Porque se naceron 110.000 mozos menos e agora di que hai 100.000 ocupados menos, señoría, entre outras cousas é porque hai 110.000 mozos menos.

Señoría, fala vostede tamén da taxa de paro —xuvenil, de menos de 30—. Pois, efectivamente, a taxa de paro, cando tomei posesión, cando tomei posesión no ano 2012, era do 36 %, agora é do 27,9 %. ¿Imos seguir traballando? A resposta é que si. E, por certo, señoría, unha das razóns é que o 47 % dos traballadores que tiveron axudas da Xunta de Galicia para atopar o seu traballo, o 47 % do total, son mozos. E por iso, señoría, imos seguir traballando,

e dende hai dous anos temos un programa específico para os mozos, o Programa de garantía xuvenil, que vostede coñece; unha mellora da inserción —acabamos de contratar 56 técnicos de orientación—, e na última lexislatura investimos 150 millóns de euros en políticas activas de emprego en materia de emprego xuvenil.

En definitiva, ¿seguimos tendo un problema de paro nos mozos? A resposta é si. ¿Estamos mellor que cando comezamos a lexislatura do ano 2012? A resposta é si. ¿Estamos mellor que a media de España? A resposta é si. ¿Estamos satisfeitos? A resposta é non.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eu tiña entendido que vostede tomara posesión no 2009, pero xa vexo que eses anos están eliminados da conta. (*Aplausos.*) Non pasa nada, non, non pasa nada. O problema destas cousas, cando se traen as respostas preparadas, é que xustamente que baixara o número de mozos é por onde empecei eu, pero é que, cando baixa en 100.000 o número de mozos, que teñamos o paro xuvenil que temos dámos idea da magnitude do problema, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

Pero falemos das súas políticas, falemos das súas políticas. Por outra parte, das cifras que dá vostede dedúcese que, en contra do que estaba sostendo aquí até agora, hai unha emigración xuvenil da orde de 10.000 ou 12.000 persoas; das súas mesmas cifras, das cifras que deu vostede.

Pero falemos das políticas, xa que vostede o introduce. Galicia participa do Programa de garantía xuvenil, financiado pola Unión Europea, xustamente para atallar este problema urgente. Por iso o programa tiña un prazo de 2014-2015 que despois se prorroga a dous anos máis e chega a 2017. A primeira avaliación oficial do programa xa foi feita con data de decembro do ano 2015. E ¿sabe que nos di? Que Galicia só utilizou nestes dous anos cinco millóns de euros dos trinta e nove e pico que estaban destinados no programa, cinco millóns de trinta e nove e pico. Son indicadores moi pobres. Non estamos sendo dilixentes non uso deses fondos que nos pon a Unión Europea xustamente para atender estes problemas nos momentos en que a falta de ocupación xuvenil era a máis grave de todas. A responsabilidade é súa por unha xestión pouco dilixente.

Pero a Conta xeral da Comunidade Autónoma de 2015 e a liquidación que coñecemos do ano 2016, en ingresos —que é onde dá esa información, porque non a dá en gastos porque non hai transparencia suficiente—, indícanos que vostedes teñen, como dereitos recoñecidos, cero neste punto.

Bueno, un problema: das 80.000 persoas deste colectivo vostedes só trataron nestes dous anos 16.000, e quedan once meses para pechar o programa, cun ano máis para poder pagalo. O balance é desolador para un asunto central no país, para o que a Unión Europea pon fondos

específicos. E a responsabilidade é do seu goberno, pero tamén é súa se persiste en manter as políticas e as persoas que nos levaron a esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, agradézolle que me recorde que xa gañamos as eleccións no ano 2009. O que pasa é que comparar as políticas económicas do ano 2009 era ben sinxelo, vostedes estaban gobernando en España e producindo a maior crise económica que coñecemos. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, non me parecía razoable facer comparacións sobre cando vostedes gobernaban, porque cando vostedes gobernaban o paro xuvenil e o paro total ascendeu aos máximos históricos do país.

Segue vostede falando como lle peta das estatísticas, aínda que despois di que non recorre a elas. E dime que non, que agora os mozos se van. Señoría, cando máis mozos saíron de Galicia foi no ano 2007. E agora, señoría, que acabamos de coñecer os datos do ano 2015 —xa sei que lle molesta, señoría—, Galicia é a comunidade autónoma de onde están saíndo menos mozos entre 16 e 34 anos, o 2,23 % do total de mozos; e en España o 3,31 %.

Supoño que esta pregunta facela en Andalucía debe ser bastante complexa, señoría. Pero como vostede debe de facer política en función de se é pola tarde ou é outro momento en distintos sitios... Falamos de Galicia, si, señoría. No ano 2007 en Galicia saíron 14.000 mozos e agora están saíndo 12.000. Pero no conxunto de España, insisto, en porcentaxe do total de mozos están saíndo menos de Galicia que do resto de España.

Pero se vostede me segue plantexando se estou satisfeito coas políticas, dígolme que non, coas políticas activas de emprego, porque ese programa ao que vostede se refire son fondos centralizados, son fondos centralizados, si, señoría, si, señoría, son fondos centralizados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Digo —se me deixa explicarlle— que a clave do traballo dos mozos é a formación, porque o 70 % dos mozos sen emprego non acabaron os estudos secundarios. Ese é o problema, señoría, e ese problema non xorde no ano 2009, como vostede sabe. E por iso o que estamos facendo é diminuindo o fracaso escolar. Temos o menor fracaso escolar da nosa historia. O que estamos é incrementando os ciclos de formación profesional. Temos máis mozos e máis prazas de formación profesional que en toda a nosa historia. O que estamos facendo é mellorar a oferta da formación profesional e adaptala á realidade. Acabamos de coñecer que o 76,5 % dos mozos que concluíron a formación profesional atoparon traballo en menos de dous anos. O que estamos facendo, señoría, é ter as taxas universitarias máis baixas de España. O que estamos facendo é sementar hoxe para que creza no futuro. O que estamos facendo é seguir executando as políticas activas de emprego. Mañá o Consello da Xunta aprobará 22 millóns de euros para políticas activas de emprego. (*Aplausos.*) Estamos nas primeiras semanas deste ano 2017, son 22 millóns de euros,

máis de 16 millóns de euros para obradoiros de emprego —os beneficiarios son principalmente mozos de menos de 30 anos—, 4 millóns de euros para obradoiros de emprego, efectivamente, só para mozos de menos de 30 anos —400 beneficiarios— e unidades de formación nas empresas cun obxectivo de 450 beneficiados.

Señoría, ¿queda moito por facer? A resposta é que si. ¿As consecuencias da crise económica e da recesión económica están aínda sen solucionar ao cen por cento? A resposta é que si. Pero non lles diga vostede aos mozos galegos que son os que máis emigran, porque é mentira. E non lles diga aos mozos galegos que son os que máis paro teñen en España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque é falso.

E por iso, señoría, pídame unha cousa, pídame que siga traballando, pero non me pida que copie as políticas de paro xuvenil do Partido Socialista Obrero Español.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia do Goberno galego para evitar os prexuízos para Galicia derivados do modelo de financiamento

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día, señor Feijóo.

Eu teño que empezar por recoñecerlle que onte, despois da súa comparecencia, quedei bastante preocupada. Non é que non puidera durmir esta noite, pero si que quedei bastante preocupada.

Onte deixounos moi claro que vostede non confía na capacidade e no potencial de Galiza e que cre que somos un país dependente. E isto non deixa de ser chamativo, porque vostede é o presidente da Xunta. Non sei se sabe, señor Feijóo, que Galiza é excedentaria na produción de enerxía eléctrica. Fíxese, un só concello galego, Caldas de Reis, produce máis electricidade que todo Madrid. Pero nós non nos podemos beneficiar desta riqueza porque hai unha tarifa única que o impide. Pero é máis, é que estamos pagando unha das tarifas máis altas de todo o Estado, e os galegos e galegas pagamos un sobrecusto por enviar a electricidade fóra. Pero a vostede isto parécelle xusto e normal. ¿Sabe canto subiu a luz? ¿Que prefire, señor Feijóo, unha tarifa eléctrica propia que abarate a luz para os galegos e as galegas ou seguir defendendo os privilexios e os beneficios multimillonarios das eléctricas?

Eu ánimoo a que vostede saia á rúa e a que lles explique aos galegos e ás galegas que están pasando frío porque non poden pagar a electricidade que este é o modelo que vostede defende e que non quere que nos beneficiemos da produción de enerxía. Pero é máis, eu invíto a que, xa que vostede vai saír á rúa a explicarlles isto aos galegos e ás galegas, tamén lles diga a eses galegos e galegas que sufriron a crise e os recortes por que vostede quere impedir que Galiza teña un sistema de financiamento xusto, que realmente nos garanta servizos públicos de calidade.

Estaría ben que neste debate vostede, por primeira vez, puxera algúns datos enriba da mesa. Porque o certo, señor Feijóo, é que do debate do financiamento vostede só ten dous logros: un é criticar o BNG e ao mesmo tempo contarnos o conto de que os galegos vivimos do traballo dos demais, e o segundo gran logro, no sistema de financiamento, foi firmar este sistema de financiamento, que vostede mesmo ten que recoñecer que foi un absoluto fiasco para este país.

Nós, con datos oficiais —cifras do Ministerio—, o que dicimos é que, se facemos unha liquidación real dos impostos que soporta Galiza —a última é do ano 2014—, ¿canto nos dá esa liquidación? 11.131 millóns de euros recadados en Galiza. ¿Canto nos devolve o Estado? 7.034 no ano 2014. Se tiveramos un concerto, o cupo que teríamos que pagarlle ao Estado serían 630 millóns de euros. A diferenza son 3.500 millóns de euros a favor de Galiza, señor Feijóo, que terían permitido que non houbera recortes durante esta crise económica e que evitarían que vostede tivera que triplicar a débeda, como fixo.

Polo tanto, señor Feijóo, o que a nós hoxe nos gustaría saber é por que vostede está en contra de que Galiza se beneficie dos seus recursos, por que non quere unha tarifa eléctrica galega ou por que non quere un sistema de concerto económico, que nos permitiría ter autonomía financeira real.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, deixe de preocuparse, non se preocupe vostede. Creo no que fago, creo en Galicia, dedícome a Galicia e non me podía dedicar a unha cousa na que non creo. Polo tanto, despreocúpese, despreocúpese. (*Aplausos.*) Despreocúpese, señoría, despreocúpese.

Proba de que creo en Galicia é que estou convencido, porque acabo de escoitala, de que o BNG tamén pode mudar de opinión. Acaba de dicir vostede algo importante. Di: «O Concello de Caldas de Reis produce máis enerxía que Madrid». ¡Que pena que vostedes estivesen sempre en contra da presa do Umia en Caldas de Reis, señoría! (*Aplausos.*) ¡Que pena! ¡Que pena, señoría, que vostedes sempre estean en contra de producir riqueza en Galicia.

Pero esa é a historia, señora Pontón, por iso debería de preocuparse un pouco máis por si mesma e deixar de preocuparse polo presidente da Xunta, aínda que lle agradezo, como é

natural, a súa solidariedade. Mire, señoría, a min preocúpanme as contas que fan, porque me recordan determinados contos de determinados independentistas. A min preocúpanme as contas que fan citando, ademais, o Ministerio de Facenda. ¿Ao Ministerio de Facenda de España se refire vostede? Bueno, supoño que ao final poderá pasarme vostede as contas, porque eu teño a liquidación aquí dos tributos do ano 2014, nos que tamén pon «Axencia Tributaria», e teño os recursos liquidados, é dicir, os ingresos da Comunidade Autónoma. E hai unha diferenza —segundo a Axencia Tributaria— respecto do que deben ser as contas súas, e é que temos ingresos por 2.000 millóns de euros menos que o que nos corresponde polo financiamento da Comunidade Autónoma. Isto é o que di a Axencia Tributaria, pero, bueno, debe ser que vostede ten outra parte do Ministerio de Facenda. Eu teño a liquidación da Axencia Tributaria. E teño tamén os economistas galegos —que pode vostede imaxinar que non todos estarán en contra do país—, que din que, como mínimo, estender o sistema de concerto suporía un déficit para Galicia de ingresos de 1.000 millóns de euros. E vostede parece ser que coñece algún economista que di que non, que non soamente non perderemos 1.000 millóns senón que gañaremos tanto que incluso poderíamos dar á solidariedade nacional española 600 millóns excedentarios.

Señora Pontón, é evidente que aquí alguén se trabuca. Pode ser que nos trabuquemos todos salvo vostedes, ou pode ser que se trabuquen vostedes e que acertemos todos. Eu quedo, señoría, con que a xente o que quere é acertar, vostedes tamén. O que pasa é que nesta Cámara somos 75 deputados e deputadas, e 69 non estamos de acordo con vostedes. En consecuencia, supoño que aos 69 deputados e deputadas desta Cámara que cren que o concerto non é un bo plantexamento para Galicia deberían de escoitalos con atención, señoría. Do mesmo xeito que nós a escoitamos a vostede con moita atención.

Señora Pontón, déixese de contos e falemos de contas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, a verdade é que non podo crer que vostede veña aquí defender este tema con esta simpleza. Segundo eses datos dos que vostede nos fala, en Galiza non conta o imposto de sociedades. ¿Canto recada o Estado polo imposto de sociedades? Señor Feijóo, segundo eses datos, non se contabiliza o imposto de tabaco. Parece ser que os galegos e galegas non estamos fumando nin pagando impostos. Polo tanto, o que hai que analizar non son os impostos que forman parte dos que aparecen no sistema de financiamento, senón a totalidade dos impostos que se recadan no noso país. Parece mentira que vostede non queira facer esas contas. (*Aplausos.*)

De verdade, señor Feijóo, fagámolas. Poñamos en marcha unha comisión neste Parlamento no que realmente se analice todo e poñamos con claridade os datos. Porque, mire, é curioso que todo o mundo reconece que o concerto vasco foi fundamental para que houbera un progreso económico e que soportaran mellor a crise. Neste momento os cataláns están plante-

xando un pacto fiscal, que é o seu modelo de concerto, porque saben que con iso van saír gañando. E vostede quere seguir en Galiza cun sistema de financiamento que nos priva de 3.500 millóns de euros en recursos que son clave para financiar a nosa sanidade, a nosa educación, ou a dependencia. Pero é que ter ese modelo nos permitiría ter autonomía financeira plena. ¿Por que non quere vostede ter un autogoberno real, señor Feijóo? Ten que explicarnos por que nos quere privar e por que quere situar a Galiza no tren das rexións e non no tren das nacións.

Mire, nós seguimos coa man tendida para que, desde a confianza nas capacidades e no potencial de Galiza, apostemos por todo. E un concerto económico só tería vantaxes para o noso país. Da mesma maneira, señor Feijóo, que creo que non é de recibo que onte nos criminalizara por defender unha tarifa eléctrica galega. Hai moita xente neste país, nun país que é excedentario na produción de enerxía eléctrica, que non pode prender a calefacción. Hai xustamente un ano, nesta mesma Cámara tomamos en consideración unha ILP, que promovía a CIG, para tomar medidas no camiño da tarifa eléctrica e contra a pobreza enerxética. ¿Por que un ano despois, señor Feijóo, teñen paralizada esa lei no Parlamento?

Se vostede cre e confía na capacidade de Galiza, confiará en que non somos un pobo dependente, senón que temos capacidade e potencial. E se cre que temos que beneficiarnos dos nosos recursos, non sexa cómplice co espolio eléctrico e cos beneficios multimillonarios das eléctricas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora Pontón.

Permítame que non lle conteste moito sobre os temas eléctricos, porque a pregunta de En Marea vai diso. Non sei se o interese do BNG é que lle conteste ao BNG a pregunta de En Marea, pero supoño que a educación parlamentaria exige que falemos do concerto do BNG, non dos problemas da tarifa eléctrica. En todo caso, a ILP da que vostede fala estase tramitando.

Eu, señoría, vólvolle reiterar que me parece que o máis importante desta mañá na súa intervención foi defender a presa do Umia en Caldas de Reis. Non é un tema menor, señoría. É que aí é cando se produce a riqueza do país. E vostedes ¿recordan todo o que fixeron coa presa do Umia de Caldas de Reis? ¡E agora están orgullosos dela! É o que nos pasa, señoría, entre os que defendemos Galicia sempre e os que defendemos a nosa ideoloxía con independencia dos intereses de Galicia. E este é o seu plantexamento, señoría, este é o seu plantexamento. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, hai algo que xa de inicio fixen mellor que os nacionalistas, que foi asistir á Conferencia de Presidentes. Se eu non asistise á Conferencia de Presidentes, vostede felicitaríame agora. Si, aínda non sei, porque levo catro ou cinco intentos de coñecer exactamente qué é o que me propoñen os nacionalistas galegos en relación con este asunto. Os nacionalistas vascos non foron e os nacionalistas cataláns tampouco. ¿Vostede cre que nós non deberíamos ir? Diso non ten opinión, paréceme ben.

Pero o primeiro paso, señoría, foi que, por exemplo, onte o presidente do Goberno acaba de dicir que vai nomear un comisionado para o pacto demográfico. Eu creo que iso é unha boa noticia para os que defendemos que os temas demográficos deben pesar no financiamento do Estado, e lamento que vostede non se felicite por isto. ¿Imaxina por un instante que isto o conseguira o BNG en relación co presidente do Goberno de España de turno? Iso chamaríase «cooperación intelixente». O noso non, o noso chámase «ser mendicante».

Pois mire, señoría, eu vou seguir defendendo a Galicia, non a Cataluña. E non me sinto para nada inferior ao presidente da Generalitat de Cataluña. ¿Sabe por que? Porque teño as mesmas competencias ca el. Cunha diferenza, si, señoría, cunha diferenza: que eu manteño a Galicia solvente e el quebrou Cataluña. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza entre uns e outros, señoría. Eu manteño a autonomía política de Galicia, porque manteño a súa autonomía financeira. E vostedes nin terían autonomía política nin terían autonomía financeira.

Mire, señoría, di vostede que na Axencia Tributaria non se liquida o imposto de sociedades. Non, aquí aparece, na Axencia Tributaria, que o imposto de sociedades liquidou en Galicia 1.164 millóns de euros. Estas son as contas da Axencia Tributaria. A min non me serven, señoría, porque a localización dos impostos ten uns ritmos e unhas claves que non comparto nin me interesan. ¿Sabe por que, señoría? Porque ¿que ocorre se unha gran multinacional galega debe tributar exclusivamente aquí? Que dirán os cataláns que teñen alí media multinacional ou un cuarto e que ¿por que non tributa aquí ese cuarto? Entón, ¿que imos discutir, señoría?

Creo recordar que vostede me está falando das balanzas fiscais. ¿É diso do que me falaba? Porque supoño que me dará esa información. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿tampouco?

Bueno, señoría, a súa fonte do Ministerio de Facenda gustaríame saber se é, polo menos, do século XXI (*Risos.*) Iso gustaríame sabelo para poder botar as contas.

Mire, señoría, ou todos estamos equivocados ou seis deputados e deputadas deste Parlamento están equivocados. Non me pida que, para manter un plantexamento nacionalista de Galicia, diga cousas que non son. Galicia forma parte dun estado. Por certo, ten miles e miles de euros en depósitos nas entidades financeiras que teñen aquí e que están facilitando investimento noutros lugares de España. Supoño que iso contará.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, nós imos seguir traballando, e seguir traballando significa dicir as contas aos galegos como son. Galicia ten dereito a un sistema de financiamento con base nos custos efectivos dos servizos que presta —este é o noso plantexamento, señoría—, con base na situación demográfica e con base na situación da dispersión. Galicia non é menos soberana por non ser nacionalista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para reducir e destinar ao pagamento do alugueiro e as subministracións enerxéticas os fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a primeira pregunta que cabería facerlle sería se vai frío en Monte Pío. *(Risos.)* En Monte Pío non debe de ir frío, pero en moitos fogares galegos si. Segundo os datos do IGE —do Instituto Galego de Estatística—, o 22,5 % dos fogares galegos vive, segundo os índices do AROPE, en risco de pobreza ou exclusión social. No último ano aumentaron os índices de pobreza material extrema no noso país en máis dun punto, do 5,32 % ao 6,59 % e, sen embargo, con este panorama o Partido Popular reduce dos orzamentos de 2016 a 2017 as axudas para o tócket eléctrico de 2.100.000 euros a 793.000 euros; é dicir, 1.300.000 euros menos para este mesmo concepto. Debeulles de parecer a vostedes que co cambio climático —aquel que negaba o primo de Rajoy— xa non hai problema de frío nos fogares galegos e por iso reducen este tócket.

Foi a semana pasada vostede á Conferencia de Presidentes e dixo tamén, precisamente en relación coa pobreza enerxética, que falaran dese tema. ¿Cal foi a súa posición na Conferencia de Presidentes? ¿Dar unha *masterclass* en desviación de fondos? *(Aplausos.)* E dicimos desviación de fondos porque en 2016, coas partidas existentes para o tócket eléctrico, vostedes desviaron fondos, inicialmente asinados para estas partidas, a outras partidas diferentes; concretamente, 201.000 euros para iluminar o Gaiás, 140.000 euros para amañar a desfeita legal de Corcoesto e 8.000 euros para estudar os usos lúdicos da auga termal. Debe ser que para vostedes a pobreza enerxética é un xogo, por iso fan ese tipo de desviacións. En todo caso, Valle-Inclán estaría orgulloso de vostede. Quitar os fondos para a xente que non ten recursos para iluminar o Gaiás, o monumento ao despifarro, tamén o despilfarro, neste caso, eléctrico...

Pero esta é soamente unha das proposicións que queríamos formularlle. A seguinte das cuestións está relacionada con outro tema do que vostede tampouco saberá demasiado. Porque, como vostede con relación ao prezo da vivenda non ten que preocuparse, igual que con relación ao prezo dos Vega Sicilia —porque lle saen gratis igual que a vivenda—, pensará tamén que lle sae gratis ao resto da xente o prezo da vivenda, cando non é así; a xente ten que pagar a vivenda igual que ten que pagar os viños. Por iso vostede pensa que a xente non ten dificultades para acceder a un ben esencial básico como é unha vivenda digna. E xa non dicimos en propiedade senón en aluguer.

Por iso en 2016 vostede, unha vez máis, desviou 261.450 euros consignados en partidas de fomento do aluguer para outros fins diferentes. En concreto, as seguintes partidas: 111.400 euros para afectados por execucións hipotecarias; 81.000 euros para o Programa Aluga; 18.000 euros para o Programa do bono-alugueiro; e 50.000 euros para o Programa de vivendas baleiras. E todo isto mentres o Consello Xeral do Poder Xudicial, en datos do terceiro trimestre de 2016 —no mesmo momento no que vostede facía este desvío de fondos— dicía —e son datos oficiais— que se producían en Galicia 461 lanzamentos —non procedementos

de execución hipotecaria senón lanzamentos directos—. Debe de ser que iso non lles preocupa. ¿E sabe vostede —que isto é o peor de todo— a onde foron estes cartos? A pagar o IBI que debía a Xunta aos concellos polos seus propios inmobles.

Valle-Inclán estaría orgulloso de vostede, desde logo. Quitarlle os cartos á xente que non ten para pagar a vivenda para pagar os impostos das vivendas da Xunta, ¡formidable! Ten vostede unha política social de cartón pedra, que é falsa, que é fría e, desde logo, que é insensible. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, eu si sei o que é pasar frío porque nacín nunha casa onde non había calefacción. (*Murmurios.*) E, polo tanto, ata os 14 anos, cando mudei a outra, si que sei o que é pasar frío. Ao mellor vostede non. Pero si que o sei, sei o que é pasar frío. (*Murmurios.*)

E sobre vivendas públicas vostedes saben bastante, porque son capaces aos 19–20 anos de comprar vivendas públicas, señoría, e despois, iso si, vendelas a outros. (*Aplausos.*) Si, señoría, vostedes saben bastante de vivendas públicas. Polo tanto, non me estraña que vostede me pregunte polo que xa sabe. (*Aplausos.*)

Mire, señor Villares —volvendo ao interese da pregunta—, di que eu fun á Conferencia de Presidentes e que falara do ticket. Mire, dixeron dúas cousas: primeiro, que estamos nun Estado e que o lóxico é que nos problemas eléctricos, que son competencia exclusiva do Estado, o Goberno central intente concretar unha proposta; segundo, que nas comunidades autónomas —que somos as que estamos neste momento con programas sociais para mellorar as dificultades das familias con dificultade para pagar a luz— o lóxico é que todas concretemos unha parte do noso presuposto para axeitar esas necesidades. E tamén dixeron que Galicia era un referente, porque estes problemas levámoslos xa acometendo dende o ano 2014. O ticket eléctrico —unha das primeiras comunidades autónomas, non quero dicir a primeira, aínda que creo que si— é galego: 300 euros ao ano. O mecanismo automático para que non haxa cortes de luz en Galicia pactámolo aquí, señoría. E ningún pode cortar a luz sen notificar previamente á Xunta de Galicia. E, neste ano 2017, ademais de concretar e garantir o ticket eléctrico e os 300 euros ao ano, tampouco poden cortar o gas. E nós imos garantir tamén o gas.

Dende o ano 2014 axudamos a 6.000 fogares galegos. Supoño que iso ten un mérito, señoría. E agora dime que a partida correspondente non a executamos na súa totalidade. ¿Sabe por que, señoría? Porque atendemos todas as solicitudes que chegaron. E as que non chegan non se poden atender. Polo tanto, a todos os que pediron esta axuda, a todos, concedéuselles, ao cen por cento dos galegos que pediron esta axuda concedéuselles. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿de que se me acusa, señoría?

É a primeira vez que me acusan por ter un orzamento excesivo, é a primeira vez. «Ten vostede un orzamento excesivo en política social, e resulta que, despois, como non o esgota,

dedicac o a outras cousas». Se or a,  que quere que faga? Eu insisto: en Galicia temos 300 euros ao ano e garantimos que non haxa cortes de luz sen notificaci n previa e tampouco cortes de gas.

Pero sobre transferencias, mire, se or a, como non sei exactamente a que se dedican vostedes ultimamente, eu si vexo as transferencias doutras administraci ns p blicas. Hai unha transferencia da renda social no Concello da Coru a. Ti a o presuposto de 2,1 mill ns de euros.  Sabe en canto reduciron esta partida? Nun 85 %. (*Pron ncianse palabras que non se perciben.*) Fixeron unha transferencia de 1,8 mill ns de euros,   dicir, reduciron o cr dito ao 85 % na renda de integraci n social da Coru a. (*Murmurios.*)  Sabe a que dedicaron iso? Pois, mire, a paliar a d beda da Empresa Municipal de Servizos e Actividades e a comprar bicicletas. (*Protestas.*)   algo moi razoable, se or a.

Ent n, exactamente,  que   o que me pregunta?  Por que o Concello da Coru a rebaixa ao 85 % as partidas da renda de integraci n? Seguro que por iso non me pregunta, pero ao mellor era a resposta que buscaba.  Que lle fale do Concello da Coru a? Se or a, non lle vou falar m is do Concello da Coru a.

M is nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O se or PRESIDENTE: Grazas, se or presidente.

R plica, se or Villares.

O se or VILLARES NAVEIRA: Est  ben que vostede aproveite o Parlamento para facer a oposici n ao Concello da Coru a que non pode facer al  no pleno. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Non hai ning n problema, aproveite o seu tempo como queira xa que non pode proveitalo para contestar as preguntas que se lle fan. (*Murmurios.*)

Porque, claro, dotar partidas orzamentarias e despois desviar os fondos..., pois,  home!, as  dota calquera. (*Murmurios.*) Si, si, desviar, agora me referirei ao concepto de desviar, efectivamente.

Est  moi ben que diga que se atenden todas as solicitudes, pero   que hai un problema denunciado polos traballadores e as traballadoras sociais con relaci n a este tema. E   que os requisitos administrativos deixan f ra moita xente que obxectivamente estar  dentro dese marco. Porque non me ir  vostede dicir que o 5 % da poboaci n galega en situaci n de pobreza extrema   beneficiaria do t cket, porque non saen as contas. As s as tampouco saen.

E falamos de desviar, si, falamos de desviar fondos con esa intencionalidade, porque sabemos que   parte ten esa acepci n social concreta de algo que se fai sucio, que se fai a escuras. Porque si que fan vostedes algo a escuras. Mire, a partida de 200.000 euros que acabou enterrada nas bombillas do Gai s sa u do t cket el ctrico. Pero foi mediante unha estrutura de cambio de partidas orzamentarias para disimular que pasaba do t cket el ctrico ao monte Gai s.  E sabe como o fixeron? (*Pron ncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o 4 de novembro de 2016 quitaron 261.000 euros da partida do t cket el ctrico social para un programa denominado  plans de ga-

sificación» —o 4 de novembro—. ¿Saben canto durou esa partida no plan de gasificación? Once días. O 15 de novembro toda esa partida foi transferida —literalmente toda, integramente— ao monte Gaiás. Polo tanto, dúas conclusións: primeiro, nunca houbo intención de facer un plan de gasificación; e, en segundo lugar, vostedes querían ocultar que quitaban o diñeiro da xente que non tiña para electricidade para enterralo no monte Gaiás. Díganos así, non pasa nada, (*Aplausos.*) pero non se escondan mediante unhas estruturas falsarias que pretenden ocultar o destino dos fondos, igual que fai Bárcenas en Suíza creando sociedades interpostas. (*Murmurios.*) Isto é o mesmo. Ten vostede a oportunidade de levantarse e explicar por que crearon esta estrutura de cambio de partidas orzamentarias para disimular que ían do ticket eléctrico ao monte Gaiás.

E, finalmente, outra cuestión, xa que vostede sacou peito antes aquí co tema demográfico —e do que tamén deu leccións, polo visto, na Conferencia de Presidentes—. Tamén en 2016 reduciron 25.000 euros unha partida do Plan de conciliación e dinamización demográfica para pagar unha sentenza pola que foron condenados por despido nulo —nulo, nin máis nin menos, non era impropio, nulo—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Entón, explique tamén vostede se esa é a súa política demográfica. Insistimos no que dixemos antes e seguiremolo dicindo: a súa política social é de cartón pedra, é fría, insensible e, sobre todo, falsa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Mire, ¿a que foron as partidas do ticket eléctrico? A todos os que solicitaron o ticket eléctrico, a todos, ao cen por cento. Atendemos todas as solicitudes. Vostedes rebaixan as políticas sociais nun 85 % na Coruña. ¿E sabe cantas axudas deron na Coruña? Unha. (*Murmurios.*) ¿E sabe cantos empregados públicos contrataron para levar ese programa? Iso direillo noutra resposta. (*Risos.*)

Mire, señoría, ¿a onde foron as partidas? Pois, mire, a impulsar o comercio de proximidade e as prazas de abastos —está vostede en contra, de acordo—, a promover o termalismo na comunidade autónoma —que é unha fonte de ingresos, por certo—, a desenvolver medidas de eficiencia enerxética na Cidade da Cultura —¿vostede está en contra de aforrar custos na Cidade da Cultura? Bueno, pode ser— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e a defender os intereses de Galicia perante o Tribunal Internacional de La Haya pola demanda de Corcoesto, porque nós defendemos os intereses de Galicia —hai empresarios que nos denuncian por iso pero nós defendémolos—. E defendemos, efectivamente, os cidadáns. ¿Sabe cantos expedientes sancionadores se abriron nos gobernos anteriores ás eléctricas? Nove expedien-

tes por importe de 97.000 euros. ¿Sabe cantos expedientes abrimos nós ás eléctricas? 2.400 expedientes por importe de 23,8 millóns de euros. (*Murmurios.*) Así defendemos os consumidores galegos, señoría, (*Aplausos.*) abrindo expedientes de sanción ás compañías eléctricas por un importe de 23,8 millóns de euros. (*Aplausos.*) Aquí non hai desvío, señoría, aquí hai defensa do país. E con isto imos seguir traballando.

En materia de pobreza e de inclusión social nós incrementamos os presupostos. Entre os que recibimos dun goberno progresista, que dedicaba 66 millóns, aos de agora, que dedicamos 98 millóns, hai un incremento do 47 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, executámoslos, si. Lamentablemente nisto executámoslos porque hai moitas necesidades no país. Si, señoría, non diminuímos un 80 % a partida de inclusión social como fan vostedes. Nós executámola.

E por iso, señoría, imos seguir executando as nosas políticas. Volvo reiterar: é a primeira vez que un parlamentario me critica por un exceso de orzamento. (*Risos.*) Isto, dende logo, forma parte da historia do Parlamento. É certo que este parlamentario ten pouca historia no Parlamento. (*Aplausos.*) Pero, dende logo, acaba de iniciar algo importante, que é criticar o Goberno por facer un exceso de presuposto en políticas sociais. Todos os que solicitaron a axuda do ticket eléctrico recibiron a axuda, todos os que precisen a axuda do ticket eléctrico e tamén do gas seguirán recibindo esa axuda.

Por certo, señoría, é que pactamos cos concellos do país, e pactamos coas 26 ONG. Si, señoría, pactamos a nosa axenda social, 160 millóns de euros. Señoría, nós imos facer o que estea na nosa man para que as persoas que máis problemas estean a pasar non perciban a suba da luz. Si, imos facer todo o que estea na nosa man. Agora ben, ¿estamos dispostos a ampliar a poboación diana do ticket eléctrico? Si. ¿Estamos dispostos a estudar ampliar esa poboación diana? Si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora ben, se vostede o que me plantexa é que eu faga oposición á Coruña, eu non a vou facer, señoría. Pero son o presidente tamén dos coruñeses, ¿sabe vostede? (*Murmurios.*) Na cidade da Coruña tivemos moitos máis votos que o resto dos grupos parlamentarios. Eu defendo os coruñeses, e defendo os vigueses, e defendo os lucenses, e defendo os de Compostela. Defendo a todos os galegos, porque eses son os que nos votan, señoría, todos os galegos —os da Coruña tamén—. E por iso me parece unha broma que un representante de En Marea veña dicirme que facemos unha modificación presupostaria despois de esgotar todas as solicitudes e que vostedes fagan un recorte das súas políticas sociais dun 85 %, e teñen unha solicitude.

Máis nada.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de continuar coas proposicións non de lei, quero comunicar que xustificou a ausencia a este pleno a deputada Paula Quintero por un problema de saúde, e tamén

unha alteración na orde do día que ten que ver coas interpelacións: a que figura en segundo lugar será debatida no cuarto lugar, e a que figura en cuarto lugar será debatida no segundo.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Proposición non de lei (10/PNP-000234, doc. núm. 2507).

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais.*
- 2. Presentar na Cámara galega dito programa de axudas, para someter a súa aprobación a debate e votación nun prazo máximo de seis meses.*
- 3. Dotar o programa de axudas específico para familias monoparentais-monomarentais do orzamento necesario para o seu desenvolvemento.*

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

- 1. Modificar a lexislación relativa ás familias numerosas, ao obxecto de que as familias monomarentais-monoparentais con dous fillos, sexan consideradas familias numerosas.*
- 2. Adoptar as medidas necesarias para a progresiva equiparación dos dereitos das familias monomarentais-monoparentais con dous fillos e os das familias numerosas, analizando e equiparando na medida do posible os beneficios que poidan compartir unhas e outras.>>)*

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei, núm. 2507 (10/PNP 000234).

Emenda de adición.

Débase engadir na parte dispositiva o seguinte texto:

«Implementar unha liña de axudas de urxencia –compatibles con outras prestacións e axudas– para familias monoparentais con ingresos inferiores ao SMI, con menores de 0 a 16 anos a cargo de, como mínimo, 100 € ao mes por menor, para cubrir necesidades básicas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2507 [10/PNP-000234].

Emenda de adición.

Proponse engadir a continuación do texto os seguintes puntos:

«-Establecer para este Programa unha dotación económica suficiente, que xa se reflecta con partidas concretas nos orzamentos da Xunta para o ano 2017, para atender propostas precisas en: emprego e conciliación, protección social, saúde, educación, transporte, ocio, medidas fiscais e vivenda.

-O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que proceda a realizar as modificacións lexislativas que sexan precisas para a consideración das familias monomarentais e monoparentais con dous/dúas fill@s a cargo teñan a consideración de familia numerosa a todos os efectos.»)

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Un pouco de silencio, por favor; se non, así vai ser difícil que poida presentar a proposición a señora Rodríguez Arias. Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe presentamos unha iniciativa relativa ás familias monoparentais. No ano 2011 aprobouse unha lei, a Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, unha lei que establece que a familia, en todas as súas manifestacións e formas de organización, debe ser obxecto de protección por parte dos poderes públicos. Este apoio, ademais, debe responder á complexidade da nosa sociedade galega e dar solución ás diferentes familias ou grupos estables de convivencia.

Porque, señorías, todos sabemos que non todas as familias son iguais nin presentan as mesmas necesidades e características. Por iso, esta Lei de apoio á familia reconece como familias de especial consideración as familias monoparentais, as familias numerosas, as familias con persoas maiores a cargo, as familias con persoas con discapacidade a cargo, as familias con persoas dependentes a cargo e as familias acolledoras, e, ademais, contempla un trato preferente para elas: preferencia na adxudicación de prazas en escolas infantís públicas, preferencia na convocatoria de axudas do Bono Concilia e do Bono Coidado, preferencia no acceso ás casas niño, consideración de colectivo prioritario na valoración necesaria para acceder á Risga, consideración como colectivo preferente nos programas de fomento de em-

prego e nas axudas destinadas á inserción laboral ou consideración como colectivo preferente nas distintas medidas do Plan galego de vivenda.

O artigo 5 desta mesma lei, da Lei de apoio á familia, establece o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia dun Plan de apoio á familia e dun Plan integral de apoio á natalidade, como instrumentos de planificación de axudas ás familias e de revitalización demográfica.

De acordo con esta previsión, aprobouse, en primeiro lugar, un Plan de dinamización demográfica de Galicia, que recolle un amplo abano de accións e propostas destinadas a apoiar as familias galegas, e tamén un programa de apoio á natalidade. Neste momento destínanse 123 millóns de euros á infancia e á familia; estamos falando dun incremento de 10 millóns de euros en relación co ano pasado; ampliouse o Bono Coidado, con 2,4 millóns de euros, para que 3.000 familias poidan acceder a esta axuda; ampliouse a Tarxeta Benvida, da que neste momento xa son beneficiarias máis de 1.600 familias galegas; e, ademais, neste momento, Galicia conta con 22.316 prazas de escolas infantís e superamos en 4 puntos a cobertura recomendada pola Unión Europea.

A Xunta de Galicia, ademais, xunto coas entidades e asociacións do sector, está a traballar na posta en marcha dun Plan galego de política familiar. Este plan atende os dereitos fundamentais que repercuten directamente na vida familiar, como pode ser o emprego, a vivenda, a sanidade, a educación e a protección social. Este plan contempla, entre outras medidas, a creación dun rexistro de familias monoparentais, porque neste momento non temos datos de cantas familias monoparentais hai na nosa comunidade, e un sistema de beneficios específicos para esas familias monoparentais.

É necesario seguir reforzando as políticas dirixidas ao benestar das familias e, sobre todo, daquelas familias de especial consideración, que xa falamos delas. Por iso hoxe nós presentamos esta iniciativa, para instar a Xunta de Galicia a que elabore un programa de axudas específicas para unhas familias de especial consideración, concretamente para as familias monoparentais.

Polo tanto, esperamos chegar a un acordo con todos os grupos parlamentarios, e nunha segunda quenda falaremos das súas emendas. Esperamos poder contar co seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Efectivamente, coñécese como familias monoparentais aquelas nas que un só proxenitor é responsable de fillos menores ou dependentes. Como non hai datos —acábo de dicir a proponente da iniciativa—, pois hai estimacións que sitúan ao redor do 10 % a porcentaxe de núcleos familiares baixo a responsabilidade dun ou dunha proxenitora, do total de familias

nas que hai menores de idade. É unha estimación, pero imos tomala como boa. A gran maioría dos fogares cunha soa persoa están baixo a responsabilidade de mulleres; ese cálculo é que entre o 85 e o 90 % destes núcleos familias teñen unha muller á fronte; é dicir, se lle damos a volta, que como moito un 15 % teñen un home.

Polo tanto, falar de núcleos familiares cunha soa persoa adulta á fronte é referirse a situacións nas que unha nai é responsable en solitario das fillas ou fillos, polo que dende o BNG consideramos que é máis correcto falar de familias monomarentais, que son moi diversas entre si, tanto nos recursos de partida, nas circunstancias vitais, se son monomarentais por decisión propia ou por falecemento dunhas das persoas que con anterioridade puideran formar esta parella. O que si é unha evidencia é que estas familias están cada vez máis presentes na nosa sociedade e, polo tanto, coincidimos en que deben ser obxecto de preocupación e ocupación por parte do Goberno galego.

Dicía que nunha inmensa maioría, entre o 85 e o 90 %, son familias monomarentais, e, por exemplo, un informe de *Save the Children* establece que máis da metade dos nenos que viven neste tipo de familias —é evidente que non todas as familias monomarentais están nas mesmas circunstancias económicas, pero voume referir fundamentalmente a aquelas que si están en risco de exclusión e en risco de pobreza ou xa inmersas directamente na exclusión ou na pobreza— e a maioría dos informes inciden que unha parte moi importante destas familias e dos nenos que viven nestas familias son onde hai as taxas de pobreza máis elevadas, que estes fogares son os que soportan altas taxas de precarización, que no conxunto da poboación infantil son o dobre, o que están nestas familias, as que están neste risco, e que para facer fronte sen axuda a todas as responsabilidades familiares nesta situación faise moi difícil conciliar a vida familiar e laboral, que un 65 % das mulleres que encabezan fogares monomarentais afirman ter dificultades para chegar a fin de mes, que son o 10 % máis que noutro tipo de unidades familiares, que a falta de oportunidades laborais condicionan de maneira significativa estes fogares, que a vivenda é outro dos problemas moi importantes que ten este tipo de fogares, e que, en suma, o coidado de fillos e fillas por parte dunha soa persoa en circunstancias adversas chega a afectar a saúde, tanto da nai como dos fillos ou fillas, e que, evidentemente, a precariedade económica está en relación directa coa ausencia de saúde.

Onte un deputado do Partido Popular mostraba desgusto porque tiñamos cualificado dende o BNG a súa iniciativa como unha iniciativa «botafumeiro», porque era desas que case non din nada. Entón, o BNG presenta unha emenda a esta iniciativa do Partido Popular, porque, en principio, esta parte resolutiva, pois eu, despois da intervención da deputada do Partido Popular, non cheguei á conclusión de se o plan se está facendo, se todo o que está facendo a Xunta xa non é necesario facer nada máis ou o que é, sinceramente. Entón, bueno, eu tamén agardo que acepten as emendas que propoñemos, que van na dirección do que acabo de expoñer agora, de que ese plan teña cuestións concretas, teña orzamento e se ocupe de cuestións concretas.

Por iso a emenda do BNG pide que se estableza para este programa unha dotación económica suficiente, que xa se reflicta en partidas concretas nos orzamentos da Xunta para este ano 2017, para atender propostas precisas en emprego, conciliación, protección social, saúde, educación, transporte, é dicir, nas cuestións concretas, non na filosofía de fondo, senón en cuestións concretas.

E logo, na segunda parte da emenda, o que pedimos é que o Parlamento de Galicia inste o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que proceda a realizar modificacións lexislativas que sexan precisas para a consideración das familias monomarentais e monoparentais con dous fillos a cargo como familia numerosa para todos os efectos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Resulta que esta cuestión —remato xa, señor presidente— tiña que estar resolta, porque na Lei de acompañamentos dos orzamentos do Estado para o ano 2008 contemplábase unha cuestión, que era que o Goberno levara a cabo as oportunas modificacións legais para que as familias monoparentais con dous fillos ou fillas teñan consideración de familias numerosas. Nove anos despois, dous partidos políticos diferentes no Goberno do Estado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...non se efectivizou. E que tamén —remato, de verdade— se a Lei 40/2003, de protección ás familias numerosas, foi modificada para equiparar a situación nos fogares onde haxa un viúvo ou unha viúva con dous fillos a cargo para equiparar as familias numerosas, non entendemos por que esa mesma consideración non se ten tamén coas familias monomarentais, salvo unha cuestión ideolóxica. Co cal, evidentemente, no BNG estamos dispostos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa.

A señora PRADO CORES: ...a acordo, pero sempre e cando sexa sobre cuestións concretas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Blanco Rodríguez por parte do Grupo Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

Téñenme que desculpar, porque a verdade é que estou aínda un pouco impactada pola pregunta ao presidente de hoxe, porque, se durante o Bipartito os mozos e mozas emigraban, na anterior lexislatura do Partido Popular había unha mobilidade exterior que facía que a nosa mocidade fora unha mestura entre Indiana Jones e Willy Fog, e resulta que agora, nesta X lexislatura, nin sequera existe. Parece que os que están fregando pratos en Londres fose mentira, esa realidade (*Aplausos.*) que todos coñecemos e eses casos que nega o presidente de todos os galegos e galegas.

Pero agora imos falar das familias monoparentais, e o primeiro que chama a atención ao ler a iniciativa do Partido Popular é a urxencia, unha urxencia que vén motivada pola necesidade

de posicionarse canto antes do Parlamento de Galicia. Claro, un, ao ler isto, pode pensar que hai unha nova realidade. Estas familias levan moitos anos existindo neste país, non é nada novo. Ou podería pensar tamén que o Partido Popular acaba de chegar ao Goberno da Xunta de Galicia, e resulta que levan gobernando, que gobernaron esta comunidade autónoma durante máis de trinta anos.

Eu non sei se o que acontece é que durante moito tempo, durante moitos anos, estiveron nas rúas manifestándose co señor Rouco Varela por un único modelo de familia, igual ese é o problema, e acaban de percatarse agora de que hai un problema e de que, segundo os datos do IGE —porque algún dato si que hai—, estas familias representan o 9,78 % das familias galegas e —xa se comentou aquí— o 50 % deses nenos e nenas están en risco de exclusión social.

Claro, unha nova realidade, porque cando revisamos a Guía de recursos para a familia do ano 2016 da Xunta de Galicia, as medidas que se atopan son as do malo malísimo Goberno do señor Zapatero, algunhas en deducións fiscais e noutras materias relativas á Seguridade Social; do resto, a nivel autonómico, practicamente nada; ou si, algunhas tamén concretas, que non teño tempo a desgranar, que foron postas en marcha por outro monstro de sete cabezas que foi o Goberno bipartito da Xunta de Galicia.

Pois ben, o 72,24 % destas familias —e repito, segundo datos do IGE— son mulleres. Por iso, outra cousa que chama a atención ao ler a súa iniciativa é que fala en todo momento de familias monoparentais, invisibilizando as mulleres. E nós imos falar a partir de agora de familias monomarentais. Porque a linguaxe é importante, a linguaxe é importante para visibilizar, para aceptar e para respectar, para respectar un tipo, unha tipoloxía de familias que durante moitos anos estivo estigmatizada neste país. Porque primeiro foron estigmatizadas as mulleres separadas e divorciadas, mesmo facéndoas culpables desta situación, e despois o foron aquelas que quixeron ter fillos ou fillas sen varón. Esa foi neste século a última estigmatización. E, polo tanto, é necesario poñerlles cara, poñerlles nome e visibilizalas a través da linguaxe.

A outra cousa que nos chama a atención da súa iniciativa é que, claro, fala dun programa específico, non di nada na iniciativa, no texto, e vostede, con todos os meus respectos, señora Rodríguez Arias, sobe aquí, fai unha intervención eu non sei se de tres ou catro minutos onde non explica absolutamente nada das medidas e onde vai ir encamiñada esta nova estratexia, este novo programa, e, dende logo, nós non soemos asinar ningún cheque en branco nin votar a cegas —por así dicilo—.

Por iso presentamos unha emenda na que instamos a Xunta de Galicia a que traia á Cámara este plan para o seu debate e para a súa posterior votación e aprobación se cabe. É importantísimo tamén baixo o noso punto de vista considerar as familias monomarentais con dous fillos como familias numerosas, que teñan esa consideración e que teñan todos os dereitos que esas familias están tendo agora mesmo.

Esperamos que acepte a nosa emenda, porque é certo que o titular da Xunta de Galicia porá en marcha o programa de axudas específicas para as familias monomarentais, quedará precioso nos xornais, e convertan esta iniciativa nunha iniciativa de titular social, nunha iniciativa de contido social. Iso é o que pretende hoxe o Grupo Socialista a través da súa emenda.

Á marxe disto, nós acabamos de rexistrar unha iniciativa onde hai medidas concretas para as familias monoparentais... —non sei se lle resulta gracioso, señora Rodríguez Arias..., non, pois...—, onde hai medidas concretas para o transporte, para incentivos fiscais, para taxas públicas, para a redución de taxas públicas; tamén unhas familias que, como dixemos, estiveron esquecidas durante moitos anos e principalmente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...como mulleres.

Nós o que pretendemos, como lle dicía, é que hoxe acepte a nosa emenda, porque está moi ben parecer bos, pero tamén hai que selo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Polo Grupo de En Marea ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas. Bo día.

Efectivamente, vexo que coincidimos toda a Cámara hoxe na necesidade de actuar especificamente para este tipo de familias, para as familias monoparentais/monomarentais, que coincidimos na urxencia, pero é tamén curioso que, como sempre, a urxencia nas iniciativas urxentes do Partido Popular veña motivada pola necesidade de que o Parlamento galego se pronuncie urxentemente sobre esta cuestión. Pois parece hoxe como se... non durmimos hoxe ante tamaño acontecemento.

Nós cremos que precisa isto un debate máis fondo, esta iniciativa é moi xeral. Evidentemente, estamos de acordo. ¿Como non estar de acordo en que se implemente unha liña de axudas específicas para familias deste tipo? Pero precísase máis debate, máis medidas concretas. É por iso que tamén presentamos unha emenda.

Como xa se dixo aquí, cada vez normalízanse máis os tipos de familia ou de unidades de convivencia e fórmanse, efectivamente, cada vez máis familias chamadas monoparentais. Isto vén dado por dúas circunstancias. Primeiro, de xeito voluntario, porque cada vez, afortunadamente, ter descendencia é máis unha decisión persoal que un destino que se nos atribúe ás mulleres. Pero tamén de xeito forzoso. Onte mesmo poñía a señora Pontón un exemplo aquí de como a violencia machista orixina a veces este tipo de situacións dramáticas de que unha familia se xera de xeito forzoso ante a violencia. Isto quero relacionalo despois co maior risco de pobreza e exclusión social que —xa se sinalou aquí— sofren este tipo de familias.

As estimacións, os datos é verdade que non os temos actualizados, pero si que podemos dicir que case o 10 % dos fogares galegos, como dicía o Consello Económico e Social no 2014, correspondían a fogares chamados monoparentais. ¿E isto que significa? Pois nunha sociedade económica e socialmente desigual como é a galega, cada vez máis, porque a crise non fixo

máis que consolidar a desigualdade en Galicia, a renda das familias cae —temos un dato aí: o 18 % durante a crise—, pois o que significa é que este tipo de familias teñen aínda un maior risco engadido de pobreza e de exclusión social.

En primeiro lugar, é ben sabido, porque a conciliación entre a vida laboral e familiar para este tipo de familias é máis dificultosa, por non dicir imposible. Isto, ademais, agravouse coas reformas laborais. Onte eu entendínlle, señora Prado, que o Partido Popular emancipaba as mulleres porque lles daba traballo. Algo así dixo, si, onte, na súa intervención. Valente forma de emancipalas quitándolles dereitos por exemplo á escolla do horario de redución de xornada coas reformas laborais. A min paréceme que ese non é o camiño. Por outra parte, o maior risco... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu entendín iso, onte. Ademais, dixo tamén que nós que tiñamos un modelo de mulleres para o coidado, para a maternidade... Ademais, cun xeito de menosprezar os coidados, cando o problema non é que sexan un valor negativo os coidados, o problema é que o asumen as mulleres, cando debe ser un valor social e debe ser compartido. Moitas veces esa realidade tampouco é escollida, é unha realidade que vén imposta, porque os sistemas de protección social non son o suficientemente amplos como para evitar que as mulleres teñan que dedicarse a esa cuestión.

Ben, por outra parte, como se dicía, máis do 80 % das familias monoparentais son en realidade monomarentais. E, como xa dixemos repetidamente nesta Cámara, as mulleres temos menores salarios, temos maior taxa de precariedade, ocupámonos máis do coidado de fillas e fillos e, polo tanto, o que se dá, a situación que se dá é que a taxa de pobreza se eleva ata un 40 % nestas familias; soen ser familias compostas por mulleres; un 68 % delas din que teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes, e o que orixina —e orixíno aquí, no noso país, non en Venezuela— é que moitas familias deste tipo sistematicamente están recorrendo, primeiro, ao contorno familiar, contorno familiar moitas veces, como saben, cunhas pensións das máis baixas do Estado, ou tamén sistematicamente, se non teñen ese contorno familiar, a comedores sociais ou axudas a todo tipo de solidariedade ou caridade.

Iso está sucedendo. Por iso propoñemos unha medida de urxencia, unha axuda específica de urxencia. ¿Para que? Para actuar sobre a feminización da pobreza, porque as familias monoparentais son, en realidade, monomarentais, pero actuar contra a pobreza infantil e axudar as familias monoparentais, e tamén actuar directamente contra a pobreza infantil, é un paso imprescindible nun camiño que temos que dar para considerar a socialización da protección á infancia como un valor fundamental da nosa sociedade.

E —iso si— que esteamos de acordo en medidas específicas para este tipo de familias non quere dicir que non consideremos que se precise un marco xeral, como dixen: sistemas amplos de protección social, medidas laborais que consoliden os dereitos da clase traballadora e que non llos quiten, ou tamén, como se ten sinalado aquí, o cambio na consideración de familia numerosa.

Por iso presentamos unha emenda para unha axuda chamada de urxencia, compatible con outras prestacións, para familias monoparentais con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional, con menores de 0 a 16 anos ao cargo, de como mínimo 100 euros por menor.

Pretendemos tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: —si, remato—...abrir determinados debates con esta emenda, simplemente os enuncio. Primeiro, que os ingresos mínimos en todo este tipo de axudas deberían estar fixados neste salario mínimo interprofesional, porque, como o seu propio nome indica, é bastante xa reducido como para ter que referirse a indicadores aínda máis reducidos, porque o propio salario mínimo non garante moitas veces unha existencia material digna.

E nada máis. ¿Axudas a familias monoparentais? Si, pero concretemos e non fagamos iniciativas non sei se de botafumeiro, de campanario, de salón. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Todas as voceiras que interviñeron por cada un dos grupos parlamentarios denuncian que a iniciativa do Grupo Popular non concreta as medidas específicas deste plan de axudas ás familias monoparentais, pero, revisando as súas emendas, vostedes, que tiveron a oportunidade de concretar esas medidas, tampouco concretan nas súas emendas as medidas que estiman vostedes oportunas que debería de ter este plan específico para familias monoparentais e monomarentais.

Si concretan unha medida —os dous grupos parlamentarios: o Grupo dos Socialistas e o Grupo do BNG—, que é solicitar a equiparación dos dereitos e beneficios das familias monoparentais e monomarentais con dous fillos ou fillas ás familias numerosas. Nós estamos de acordo nesa cuestión. Polo tanto, ofertamos unha transacción co Grupo Socialista e co Grupo Nacionalista en relación con este punto.

Como tamén estamos de acordo en ampliar as medidas fiscais de apoio ás familias ou solicitar a consideración das persoas menores en acollemento familiar simple como membros da unidade familiar para os efectos de recoñecemento da condición de familia numerosas. E, como estas medidas, moitísimas máis. Pero se vostedes queren concretar e concretan unicamente na equiparación ás familias numerosas, nós estaríamos de acordo nesa cuestión.

O que non entendemos, por exemplo, é a emenda do Grupo Socialista, que di que nestes orzamentos da Xunta para 2017 — orzamentos que estamos xa tramitando por certo, que estamos na fase das emendas ao estado de gastos, que temos pronto o debate na Comisión 3ª, onde xa debatemos as transversais, as emendas á totalidade— se inclúa unha partida concreta por parte da Xunta de Galicia neses orzamentos de 2017 para a dotación deste programa. Eu perfectamente penso que isto non pode ser posible. Pero si estamos de acordo co seu punto segundo, no que poderíamos chegar a un acordo.

En relación coa emenda do Grupo Socialista, tamén poderíamos chegar a unha transacción en relación co apartado a), punto 1º, e co apartado b), punto 1º e 2º.

En relación coa emenda do Grupo En Marea, nós estimamos a medida máis oportuna unha liña de axudas de urxencia de 100 euros ao mes, cando estamos falando dos orzamentos e das medidas concretas que está a poñer a cabo a Xunta de Galicia, como ampliación do Bono Coidado, a Tarxeta Benvida, as escolas infantís, os 123 millóns de euros destinados nestes orzamentos do 2017. Polo tanto, non compartimos a súa emenda.

Nós falamos sempre, dende un primeiro momento, da Lei de apoio á familia e convivencia de Galicia, e concretamos que esta lei establece que a familia, en todas as súas manifestacións e formas de organización, debe ser obxecto de protección por parte dos poderes públicos. Non sei a deputada socialista de onde saca a información para a súa intervención, pero estamos falando de diferentes familias ou grupos estables de convivencia e non estamos falando dese tipo de familias que vostede supón que ten que apoiar o Grupo Parlamentario Popular.

Por outra parte, estivemos falando non só das familias monoparentais, senón das familias numerosas, das familias con persoas maiores a cargo, das familias con persoas con discapacidade, das familias con persoas dependentes ou das familias acolledoras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto, esperamos poder chegar a un acordo con vostedes, sobre todo no punto 2º da emenda do BNG e nos puntos do apartado a), o 1º, e do apartado b), o 1º e o 2º, do Grupo Socialista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos ao debate da seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 10/PNP-000246(2638).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apoiando a labor docente cun conxunto de instrumentos e ferramentas que faciliten a elaboración das programacións didácticas en infantil, primaria e secundaria, seguindo a liña emprendida en Formación Profesional por este goberno, e aproveitar así as novas posibilidades de estruturación e organización curricular que existen en Galicia grazas á posta en marcha da LOMCE.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e todos, deputadas e deputados.

Traemos hoxe unha proposición non de lei que, aínda que se pode considerar que afecta un tema extraordinariamente sectorial como é o ámbito da educación e un tema dentro dese ámbito aínda máis concreto como é elaboración das programacións didácticas, no fondo trata dun asunto que ten incumbencia sobre centos de miles de galegas e galegos.

Centos de miles porque estamos a falar evidentemente de profesorado —profesoras e profesores— tanto de centros públicos como privados, concertados ou non, que xa son miles, pero tamén estamos a falar do dereito á información das familias e dos alumnos; é dicir, dos pais e nais dos alumnos e dos propios alumnos sobre aquilo sobre o que van ser —digamos— instruídos e posteriormente avaliados e examinados dentro do ámbito educativo.

Polo tanto —insisto—, pese a parecer que se trata dun asunto extraordinariamente concreto, incumbe a centos de miles de persoas nesta comunidade autónoma.

A nosa proposición non de lei vai fundamentalmente ou exclusivamente sobre un sistema de axuda á elaboración das programacións didácticas nos centros. Todos os que nos dedicamos ao ámbito educativo sabemos que o sistema educativo español, nas etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria ou no bacharelato e formación profesional, está caracterizado por un elevadísimo nivel de autonomía, autonomía, evidentemente, nos ámbitos organizativos dos centros, pero autonomía tamén no ámbito curricular, que é ao que se refire esta proposición non de lei.

Esta autonomía curricular plásmase en que todos os centros teñen que elaborar programacións didácticas sobre todas as materias que se imparten na etapa correspondente, e, polo tanto, estamos a falar dun traballo de extraordinaria relevancia, porque significa nin máis nin menos que plasmar nuns documentos como se van desenvolver todos os procesos de ensino, aprendizaxe dos centros, e como se vai avaliar os alumnos, como se vai desenvolver toda a actividade de cada un dos departamentos didácticos.

O certo é que hai unha realidade que eu penso que está a punto de mudar a nivel estatal, e, polo tanto, a nivel autonómico, que é un permanente cambio nos currículos que se seguen nos centros educativos, porque temos unha lamentabilísima inestabilidade dentro do que se refire a leis que afecten o ámbito da educación.

Digo que estamos a punto —entendo— de chegar a un gran pacto de Estado que nos permita que esta realidade desapareza. Pero —bos días aos alumnos e alumnas que acababan de entrar na zona de invitados deste Parlamento— ¿que ocorre cando iso afecta os currículos? Pois algo tan sinxelo como que un esforzo impresionante que teñen que facer as profesoras e profesores para elaborar formacións, ao cabo de tres anos ou de catro, xa non serve, porque o currículo xa non está vixente. Esa é a triste realidade do noso sistema educativo.

Polo tanto, o colectivo do profesorado acaba asumindo, case case como unha carga inevitable, ter que reelaborar ou elaborar novas programacións cada poucos cursos, e ademais consideran que iso ten unha alta compoñente meramente administrativo, porque se trata tamén dun trámite para realizar os servizos de inspección correspondentes.

E, ademais, en moitos casos, para aliviar ese traballo, de *per se* tedioso, recórrase a modelos elaborados con toda a mellor vontade polas editoriais de libros de texto pero que ás veces incluso nin se adaptan ao propio currículo da nosa Comunidade Autónoma.

Polo tanto, a nosa proposta significa, nin máis nin menos, que pedirlle ou instar o Goberno a que, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poña en funcionamento un sistema que xa ten posto en funcionamento na formación profesional, e é facilitarlle a todo o profesorado do noso sistema educativo que as súas programacións didácticas se leven a cabo mediante propostas que lle formule unha plataforma, un sistema informático en definitiva, que lles dea un modelo de programación feito. E isto non debe confundirse cunha vulneración, nin de lonxe, da autonomía pedagóxica dos centros.

Esas propostas, evidentemente, que esa plataforma lanzaría de forma automática ao profesorado estarían elaboradas tanto por profesoras e profesores especialistas como pola Inspección de Educación e, polo tanto, todos teríamos a garantía de que se adaptan perfectamente ao que necesita o sistema educativo.

Polo tanto, esas programacións serían correctas. O profesorado que o considerase necesario podería facer as modificacións necesarias e isto aliviaría moitísimo esa parte de traballo administrativo que se ten.

E, ademais, tamén estou seguro de que, como sei —e aí non é unha cuestión de fe— que na comunidade autónoma temos profesorado extraordinariamente cualificado para facer esta actividade e tamén temos inspectoras e inspectores de educación extraordinariamente cualificados para facer este traballo, o traballo que se realice vai ser extraordinariamente válido. E, ademais, tamén estou seguro de que neste momento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conta con plataformas informáticas suficientemente robustas e chequeadas como para levar a cabo este traballo con garantías de éxito.

Non estamos dicindo, porque sei que sería pedir algo imposible, que este traballo estea feito antes do remate deste curso, pero si iniciar ese traballo, porque estou seguro de que vai redundar nun beneficio extraordinario para todo o sistema educativo e que, ademais, nos pode levar como comunidade autónoma a liderar —como así o poñemos na nosa proposición non de lei— a nivel estatal este ámbito que sempre está esquecido e que, posiblemente por deformación profesional —podo admitilo—, considero de extraordinaria relevancia.

Por último, e con respecto á emenda de substitución que presentou o Partido Popular, xa lles comuniquei ao resto dos grupos e tamén á Presidencia da Mesa que chegamos a unha transacción para conseguir o maior acordo posible na Cámara para un aspecto —volvo repetir, e xa estou ao borde de estar incurso nesa afirmación de que *tanta insistencia es necesaria*— que consideramos de extremada relevancia.

Os grupos todos coñecen o texto da transacción e, polo tanto, en aras de alixeirar o debate parlamentario, remato aquí esta miña primeira intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Álvarez, evidentemente, esa transacción e ese espírito de acordo —eu creo que xa o temos dito tamén en moitas ocasións— ten que ser o que presida o debate sobre a educación. O debate sobre a educación é un debate que precisamente debe estar presidido, dende o noso punto de vista, por esa busca de acordo, esa busca de puntos de encontro, porque ao final estamos a falar do futuro da nosa sociedade, e nese sentido eu creo que todos temos que traballar na mesma dirección, e creo que así o podemos facer, e seguramente así conseguiremos ao longo da lexislatura acordar moitas cuestións, man con man, para conseguir mellorar o noso sistema educativo e en definitiva o noso futuro, como dicía antes.

Para nós é moi positivo este punto de encontro entre o PSdeG e os novos proxectos e plans educativos da Consellería nesta nova lexislatura. Mencionou a posta en marcha da plataforma na formación profesional. Ademais, compartimos tamén totalmente ese sentimento de frustración ao que nos levan os cambios normativos, tal e como vostede sinalou na súa intervención; un sentimento de frustración que, ademais, vai engadido non só ao cambio normativo, senón tamén aos pésimos resultados educativos que en moitos casos se veñen recollendo nas última décadas, e que eu entendo que ten que ser obxectivo para todos mudar esa tendencia ou inverter esa tendencia, e para iso o traballo a prol dese pacto educativo que se ten que facer na Cámara, nas Cortes Xerais neste caso.

Nós o que si temos claro é que para nós en ningún caso as programacións podemos velas como un problema ou como un traballo que excede as competencias dun docente; eu creo que niso coincidimos plenamente. Unha programación ten que ser a folla de ruta da actividade docente nunha materia ou área determinada, pero non como unha simple obriga estándar, senón que son pautas que están directamente relacionadas cos contidos pedagóxicos e que tamén están directamente relacionadas coas circunstancias reais e particulares de cada grupo de alumnos.

Por iso tamén, independentemente de que se traballe para habilitar ferramentas que faciliten a elaboración, nunca podemos escapar desa particularidade do grupo concreto de alumnos, que, evidentemente, como ben dicía vostede, coa calidade dos docentes que temos na Comunidade Autónoma de Galicia, somos conscientes de que esa adaptación ao caso concreto se vai levar sempre da mellor maneira posible.

A Consellería está a traballar xa nesta idea para poñer en marcha un proxecto de novas ferramentas de apoio á elaboración de programacións didácticas nas etapas de infantil, primaria e secundaria. Ademais, hai que dicir —eu creo que é de xustiza— que Galicia foi pioneira na aplicación das novas tecnoloxías no sistema educativo e ademais na posta en marcha dun sistema, como se falaba antes, de intercambio de unidades e material didáctico entre os docentes galegos.

No seu momento a Xunta de Galicia foi tamén pioneira na posta en marcha dunha plataforma dirixida á elaboración das programacións didácticas de formación profesional, que hoxe en día é unha peza fundamental para a planificación curricular destas ensinanzas superiores. Pero hai que ter en conta tamén que isto vén un pouco facilitado pola particularidade do ensino da formación profesional, polo seu alto contido técnico, que dalgún xeito facilita moito unha programación estándar.

Hai que sinalar tamén —eu creo que é de xustiza facelo— que a aplicación total da LOMCE permitiu que Galicia tamén fose pioneira nunha nova estrutura nas programacións didácticas, unha estrutura máis clara, a estrutura onde se introduciron estándares, competencias clave, atención á diversidade, cando anteriormente se regulaban unicamente as competencias básicas. Entón, desta maneira, a redacción das programacións é moito máis sinxela xustamente pola relación concreta que existe ou que sinala a LOMCE á hora de desenvolver a estrutura das programacións didácticas.

Grazas a isto, grazas ao avance das novas tecnoloxías, o sistema educativo galego conta con ferramentas de axuda aos docentes na planificación da súa actividade, e, ademais, a Xunta está traballando precisamente para presentar un proxecto na liña do que estamos acordando nesta proposición non de lei: presentar un proxecto de ferramentas precisamente para facilitar, como falabamos antes, a elaboración das programacións didácticas.

Evidentemente, hai unha cuestión que para nós tamén é fulcral e que hai que ter presente —que tamén se sinalaba na súa intervención—: é que ante todo hai que respectar sempre con escrupuloso celo a liberdade dos centros e a autonomía dos docentes, e nese sentido temos que fiar moi fino para que este tipo de ferramentas deixen sempre —falando e reco-

llendo o que dicíamos antes: a particularidade de cada grupo concreto— tamén un espazo a esa liberdade dos centros e a esa autonomía docente, que, ademais, é a liña na que se camiña nos países con mellores resultados educativos, sen afondar na liberdade dos centros e na autonomía do docente.

Dito isto, pola miña parte simplemente agradecer a vontade de diálogo e de transacción por parte do Grupo Socialista e agardar que este clima de consenso ou esta consciencia da necesidade dun pacto e dun traballo man con man en educación sexa constante en moitos dos debates que teñamos nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día.

Antes de máis, por parte do Grupo Parlamentario do BNG imos absternos e vou explicar a razón. Dunha banda, non imos ser nós quen poña atrancos a ferramentas de traballo que poidan neste sentido facilitar o traballo que teñan que desenvolver día a día os equipos profesionais, neste caso os equipos docentes, ou que poidan mellorar a accesibilidade a todo tipo de materiais.

¿Por que razón nos abstemos e non imos apoialo? Porque, en base tamén a esta cuestión que poñía agora enriba da mesa o deputado do Partido Popular, teño a impresión, no tempo que levamos aquí —escasos meses—, de que esa concepción do diálogo e do entendemento que teñen desde o Partido Popular lévana sempre ao seu rego. Lembrábame a unha concepción que lanzaba un autor en relación coa inclusión social, neste caso a integración social, que é unha rúa de sentido único. Temos que camiñar e transitar sempre polo lado que eles queren, porque se non non hai diálogo nin entendemento posíbel, e nese sentido a transacción que acordaron co Partido Socialista, absolutamente lexítima —e xa digo que nós imos absternos, non imos votar en contra—, sempre ten que poñer a puntilla do traballo que se supón está a desenvolver a Consellería e ademais ten que —pon ademais na última liña— ser acorde co modelo curricular vixente.

Eu creo que é sobradamente coñecida a opinión que nos merece ao Bloque Nacionalista Galego tanto a LOMCE, até o momento vixente porque non foi derogada, e o modelo curricular e o modelo educativo que con ela se instaurou, eu creo tamén sobradamente rexeitada nas rúas pola propia comunidade educativa.

Nós non estamos de acordo —e nese senso non imos apoiar decididamente co voto a favor ese modelo curricular— con ese modelo educativo, esa lei educativa, e, polo tanto, tamén a actitude que mantivo durante os últimos anos, desde que se puxo en funcionamento a LOMCE, desde que se botou a andar e comezou a súa aplicación e entrada en vigor e que desde o noso punto de vista non era acorde co que correspondía por parte do Goberno galego, que,

como ben saben tamén —é sobradamente coñecida a opinión que nos merece ao BNG—, non exerce *de facto* as competencias que ten en materia educativa a Xunta de Galiza.

Nós témolo denunciado en moitas ocasións, e creo que en parte esa posición que manteñen moitas veces os equipos docentes é que ven nesa excesiva burocratización no labor administrativo que teñen que desenvolver nos últimos anos algo que non axuda a que collan con ánimo e con toda a vontade profesional que deberan a elaboración desas guías docentes, desas programacións didácticas. Entendemos que maiores recursos, sobre todo no plano material e no plano humano, axudarían a que poidan desenvolver dunha maneira máis eficiente e máis efectiva o seu traballo.

Nós xa digo —reitéroo, e xa para rematar— que non imos poñer ningún pau na roda para que saia adiante, ademais, toda vez que se aproba esa transacción entre o Partido Socialista e o Partido Popular, pero non podemos deixar dalgunha maneira de manifestar tamén na votación o rexeitamento que para o noso grupo ten a lei educativa que rexe até o momento, o acordo que poida desenvolverse —entendemos tamén que non como nós quixeramos— dese novo pacto educativo, e xa digo que non imos neste sentido apoiar tampouco esa visión que se ten do diálogo —reitero— como unha rúa de sentido único. Creo que hai veces que ese espírito de acordo debера pasar tamén porque se recollan as propostas tal cal son presentadas, sen necesidade de que se deixe claro e se poña constantemente de manifesto que a Xunta fai as cousas absolutamente de maneira brillante. Como poden comprobar, nós nese sentido non estamos de acordo.

Xa digo que o BNG, neste senso, absterase.

Graciñas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

O Grupo de En Marea vaise abster tamén, porque o que en principio parece unha boa iniciativa, e que podería ser relevante para axudar tamén á coordinación das programacións de cada centro, mesmo para traballar interdisciplinarmente, en principio non é nada desprezable, todas as ferramentas que poidan axudar os nosos compañeiros e compañeiras docentes, e aí si que estamos de acordo todos os grupos parlamentarios: temos extraordinarios e extraordinarias profesores e profesoras que se deixan a pel cada día para facer programacións que axuden os nenos e nenas a aprender mellor.

Pero ¿por que nos abstemos? Hai varias recomendacións do Consello Escolar estatal e mesmo un ditame que fala das recomendacións do Parlamento Europeo. Estas recomendacións son vinculantes. Obviamente, estas recomendacións teñen que ver con que teñen que estudar os

nenos e as nenas, en que etapas, en que niveis, e entón hai unha estratexia que se chama Europa 2020, e aí se fala de competencias clave, é dicir, de capacidades, temos que ter capacidade para ir superando niveis.

Ben, eu estou moi contenta de que estean alumnos e alumnas, porque eu son pedagoga e eu levo moitos anos tamén na docencia.

¿Que competencias son esas das que se fala en Europa? Competencias lingüísticas, competencias en matemáticas, ciencias, tecnoloxía, competencias dixitais —todos e todas manexades hoxe moito as tecnoloxías—, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, competencias en consciencias e en expresións culturais. Estas competencias, obviamente, son moi importantes.

¿Que di o ditame? O ditame di, nesa Comisión Permanente do Consello Escolar, que igual que en cada centro hai un consello escolar e unha comisión de coordinación pedagóxica e titores, o Consello Escolar estatal é de toda España, igual que existe un Consello Escolar galego. Moi ben. Fai observacións e di: ben, todo este enfoque do currículo e das capacidades, das competencias clave para poder ir promocionando, teñen que ver co desenvolvemento e nunca deben ser nin exclusivo nin exhaustivo, de tal maneira que a implantación debe facerse con moita prudencia, debe facerse moi ben.

¿Como se fai en España? Non como no resto de Europa. No resto de Europa deciden: imos coller dúas ou tres competencias; naturalmente lingua, naturalmente matemáticas; noutros países matemáticas, tecnoloxía e ciencias; pero aquí nada, aquí collemos todo, todo e en todos os niveis.

A prudencia pois pasámola polo forro, je así nos vai! E temos unha LOMCE, que é unha lousa, e nós estamos convencidas de que hai que derrogala. Entón, hai que buscar acadar ese equilibrio entre o coñecemento e a competencia. ¿Para que somos capaces? ¿Que sabemos? ¿Como o sabemos? E isto ten que ver coas metodoloxías, e ten que ver coa motivación, e, naturalmente, ten que ver cos contidos clave, pero ten que ver coas etapas, e aquí: primaria, secundaria, bacharelato..., moi ben, jala! Cambio substancial, cambio moi importante a nivel didáctico e a nivel pedagóxico. Naturalmente, os profesores e as profesoras están non só abrumados, están desbordados.

Cando se tiveron que facer as primeiras programacións, era de toliños, porque ¿como se fai unha programación? Xente que leva anos deixando a pel e aínda a día de hoxe non sabe como ten que avaliar os alumnos e as alumnas de segundo de bacharelato en xuño. Isto si que é urxente, prioritario e grave.

E eu estou de acordo co presidente do Goberno: a educación é vital para o futuro e para o presente deste país e de calquera, o que pasa é que non estamos poñendo a escoita. E tamén di Bachelard: para facer crer, hai que crer. E eu teño moitas dúbidas, eu non acredito que teñamos uns resultados maravillosos, o fracaso neste país está sendo alarmante. Podemos ver a mesma realidade desde distintas perspectivas. Oxalá sexa común a vontade de mellorar o noso sistema educativo, necesítamolo como auga de maio.

Moi ben, dentro desas reflexións fondas que debemos facer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Sempre me queda pouco tempo, teño que aprender a dosificar.

O señor PRESIDENTE: Non, pero remate; se ten unha cousa moi importante que ten que dicir, remate.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, simplemente dicir que todo o que sexa axudar o profesorado benvido sexa, e que o Plan Eurydice —e a min gustaríame falar deste mito pero non hai tempo— e os pactos imos procurar que o mito de Eurídice non se cumpra, aínda que si escoitemos moi ben as recomendacións dese Informe Eurydice.

Si ás ferramentas, benvidas as ferramentas, pero cuestionamos absolutamente os contidos, habería que cambiar o contexto, e valoren de verdade se este programa informático que se está utilizando da formación profesional está sendo útil ou estamos chegando case a final de curso sen que se rematen as programacións.

Por outra parte —e xa remato—, hai programas que están funcionando dende os centros de formación moi bos e moi valiosos, que poden ser preámbulo para facelo de verdade ben no futuro.

Grazas. Perdoen. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Con respecto ás intervencións das voceiras do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, quero dicirlles que non estabamos debatendo iso, non; estabamos a debater unha ferramenta, unha utilidade, non un modelo curricular, non se nos gusta ou non nos gusta, ese é un debate absolutamente distinto.

E, polo tanto, eu lamento fundamente a súa abstención, porque do que se trataba precisamente con esta proposición non de lei era evidentemente facilitarlle o traballo ao profesorado pero garantindo o cumprimento da normativa, cumprimento da normativa á que evidentemente veñen obrigados, como todos os funcionarios, e que é certo que lles está a supoñer un problema serio este modelo curricular.

Pero insisto: ese non é o debate. O debate é se lles facilitamos e garantimos a toda a comunidade educativa —que non só son os profesores, son os alumnos e os seus pais e nais— que hai unha capacidade para facilitar información, transparencia, administración electrónica, en definitiva, en calquera momento e en calquera lugar do proceso educativo dos seus fillos.

Esa era a finalidade e a filosofía única do programa. De todos modos, déanse conta vostedes de que no acordo que transaccionamos se fai referencia ao modelo curricular vixente, o que estea vixente en cada momento, o de agora ou o de despois; é que, ademais, o modelo curricular vixente neste momento en educación infantil non é LOMCE, é LOE, e polo tanto haberá que facer unha cousa distinta para as programacións de educación infantil. Fíxense ata que punto nos abstraemos da lei en concreto vixente en cada momento. Falamos doutra cousa.

E para rematar, evidentemente, con respecto á intervención do voceiro do Partido Popular, que agradezo a transacción, e si, evidentemente, non estamos a falar dunha proposta pechada, pero si dunha proposta practicamente completa, que ten que respectar a autonomía pedagóxica dos centros, e debe permitir en aspectos tales como a secuenciación, a temporalización e a aplicación dos criterios de avaliación que o propio centro os adecúe ao seu contexto. Iso é autonomía pedagóxica, claro que si, por suposto que si estamos de acordo.

E si, evidentemente, é certo que os currículos de formación profesional teñen unha estrutura moitísimo máis concreta que os currículos LOE, pero insisto en que o debate non é ese tampouco. Pero os currículos LOMCE, que por certo tampouco podo admitir, porque non é así, que sexa un empecinamento particular do Partido Popular, senón que é un modelo curricular estendido en varios países de Europa e do resto do mundo, que nos guste máis ou nos guste menos, pero insisto en que ese é outro debate, e ese modelo curricular si que permite instrumentalizar esa plataforma.

Por certo, xa para rematar, coñezo as funcionalidades das plataformas da formación profesional, porque traballei desde o principio como inspector de Educación no seu desenvolvemento, na parte conceptual, que na parte de programación xa se encargaron os informáticos.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2930 (10/PNP-000259).

Emenda de supresión.

Eliminarase o seguinte no punto 2:

«...de urxencias...»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 2930 [10/PNC-000259]).

Emenda de adición.

Propónse engadir os seguintes puntos:

«-Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais, tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

-Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.

-Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

-Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bos días.

Vou comezar por algo que seguro que lle gusta ao meu compañeiro de debate sempre, ao señor Núñez Centeno: a gripe non é culpa do PP. Xa empezamos por algo, xa estamos de acordo con algo, non está mal empezar por algo no que estamos de acordo: a gripe non é culpa do PP. A epidemia de gripe non é culpa do PP. Xa son dúas cousas. Non me pode negar que non lle cedo nalgunha cousa. De feito, estivemos ante unha epidemia de gripe nada excepcional en número, nada que non ocorrera outras veces, e ademais froito, como todos sabemos, das Navidades, da chegada da gripe. Non é culpa do PP.

A previsión e a xestión desa epidemia, si, xa é responsabilidade de quen dirixe a sanidade. Polo tanto, aí xa entramos un pouco en debate.

Gústame, ademais, que falemos e que teñamos un debate sobre urxencias, porque para nós a urxencia en sanidade son as urxencias. Lémbrolle que a súa última urxencia na Comisión de Sanidade era a urxencia de que o Parlamento se posicionase sobre a e-consulta, que se leva facendo moito tempo. Esa era a urxencia. Non lles pareceron importante as urxencias

hospitalarias, senón que a urxencia era posicionar o Parlamento sobre un tema que levaba tempo facéndose. Nós, se o traemos, considerámolo relevante.

Hai unha situación asistencial que explota en urxencias e que é un problema en urxencias pero que non é un problema das urxencias hospitalarias, é o pico do iceberg dunha situación delicada nos hospitais en Galicia. E é un reflexo da situación que temos: déficit de persoal, déficit de recursos, problemas coas camas..., que no que deriva é que teñamos esas saturacións inmensas nas urxencias hospitalarias. ¿Por que? Porque os pacientes chegan — todos sabemos —, normalmente persoas maiores, algúns deles necesitan hospitalización. Como digo, nada excepcional en número, as porcentaxes de hospitalización están variables, agora menos a final de mes; poderían estar algo preto do 20 % ou menos — normalmente o 20 %—. Pero non poden acceder ás camas e aos ingresos hospitalarios incluso durante máis de doce horas, máis de vinte e catro horas, e teñen que estar aglutinados — non quería dicir hacinados, porque é unha palabra un pouco dura — nos pasillos dos hospitais, porque non hai camas onde ingresalos, e porque ademais teñen que facer a espera porque non hai persoal suficiente para atendelos. Polo tanto, temos un problema asistencial grave.

Creo que houbo varias declaracións dicindo que non había ese tipo de saturacións e que non existían eses problemas. Bueno, recollín algunhas novas dos medios de comunicación — se o saben os medios, supoño que deberían de sabelo sempre os dirixentes da sanidade galega—. Xa o 30 de decembro había algunha noticia — cito unha en Ribeira — que anunciaba que a previsión é que a partir da próxima semana se poida falar dun importante repunte dos ingresos. En Montecelo as camas dos hospitais estaban nos pasillos — esas que se dixo que non existían —; no Hospital da Coruña: camas nos pasillos, enfermos nos pasillos durante a noite — que se dixo que non existían—. Podería seguir así recitando todos os hospitais de Galicia durante o tempo que tiñamos, pero creo que todos os que pasaron por un hospital saben nese día que existía ese problema e todos — especialistas incluídos ou en primeiro lugar os especialistas — coñecían que esa situación se ía dar. As Urxencias do Hospital de Ourense — Ourense unha vez máis —, que xa sabemos que foi pioneiro porque xa empezou con isto en novembro; o CHUS, onde as urxencias pediátricas tamén tiveron algún problema; a porcentaxe dos ingresos hospitalarios no CHUS, por exemplo, foi menor á media dunha situación parecida noutras situacións iguais, noutros anos iguais, e aínda así colapsou.

Como xa anunciabamos nós onte — e como vimos dicindo —, a situación da sanidade galega é un barco que xa colapsa en canto o mar está tranquilo, a pouco que lle metamos un pico de gripe... Non obstante, o xerente do CHUS dixo que non había ningún problema — fotos con camas nos pasillos —. En definitiva, hai unha realidade asistencial que semella non ser asumida por parte da dirección da sanidade en Galicia.

Neste caso o que nós plantexamos é unha iniciativa que cremos que necesita ser construtiva, porque este é un problema que afecta todos os anos, porque xaneiro existe todos os anos e epidemias de gripe hainas todos os anos. Nós somos conscientes de que é importante desaloxar por un momento o debate partidario e facer algunha proposta construtiva, sen olvidar que hai diferenzas nas xestións.

Por iso o que plantexamos na nosa iniciativa é solicitar informes, solicitar información sobre o que ocorreu; informes sobre cales foron os plans previstos, cal foi o nivel de previsión da situación, que foi co que se dotou os servizos de urxencias. Neses informes nós o que queremos saber é que se houbo previsión de que houbera máis persoal —sería o natural—, que houbera reprogramación de operacións xa programadas que poden esperar un día ou unha semana para deixar libres as camas; non sería concibible que mantiveramos o nivel de operacións programadas que ocuparían á súa vez un número determinado de camas que puideran en realidade esperar unha semana para habilitar camas para os que chegaran; abrir plantas pechadas, abrir camas pechadas no Chou o no Salnés, no Gil Casares; reforzar o servizo de pneumoloxía, que é importante no caso das urxencias, tan importante como que se en verán se reforza normalmente o servizo de trauma, porque tende a haber máis problemas asociados a ese servizo, pois no caso dunha previsión de epidemia de gripe debería de existir un reforzo do servizo de pneumoloxía.

Nós, cando a Consellería de Sanidade di que estaba perfectamente preparada, queremos os informes, queremos eses datos, queremos saber se isto se cumpriu ou non se cumpriu.

Queremos saber se se fortaleceu a atención primaria, porque se nós temos unha atención primaria forte, o que estamos facendo é liberar de carga os hospitais. E, por tanto, entendemos que unha previsión dun pico de urxencias, unha previsión dunha epidemia así, o que debería de facer é fortalecer os servizos de atención primaria; substituír aqueles profesionais que non están en Navidades —que é certo que é unha época onde hai máis baixas por vacacións ou hai máis días pedidos—. En definitiva, que non se diga que isto estaba previsto. Nós o que queremos son os informes que nos dean indicadores de que efectivamente estaba previsto e os informes que nos dean indicadores de cal foi o resultado, porque o que era certo é que era previsible. Tan previsible era o pico da gripe que nós rexistramos esta iniciativa no día 3-4 de xaneiro porque estabamos pendentes de como funcionaban e de como respondían as urxencias hospitalarias. Gustaríanos non ter que traer este tema porque tiveran funcionado ben, pero estabamos pendentes, nós sabiamos que esta situación se podía dar se non había unha boa previsión.

É certo que non existiron en ningún caso explicacións oficiais, que desapareceron os dirixentes da Consellería. Pero nós consideramos que era o seu deber dar esas explicacións e, como non se obtiveron, pedimos eses datos. Queremos informes de valoración, se foron suficientes os medios, se se considera que se respostou correctamente, se hai previsión para próximas ocasións de modificar estes plans de continxencia. Porque esta é unha situación reiterada. Como dicía, no Chou deuse en novembro; no Hospital de Santiago a valedora do pobo xa tivo que pedir informes sobre a situación no novembro pasado; en Montecelo é constante esa situación de dificultade, ano tras ano dáse. Nós solicitamos esa información. E solicitamos, por suposto, na nosa proposta, a incorporación de máis persoal aos servizos de urxencias.

Nós corremos o risco —non é a primeira vez que alerto sobre isto— de ter un persoal sanitario que é marabilloso, que están deixando un esforzo innegable e impagable por facer o seu traballo, e de que non sexan capaces de dar máis, de que teñan un problema de queime profesional, de que cheguen un momento no que a súa calidade de servizo sexa baixa por non ser capaz de render todo o que se lles exige, porque están facendo un sobreesforzo impagable,

están alongando as xornadas máis alá do que lles toca e están facendo un traballo moito máis alá do que deberían, porque son incapaces de deixar un servizo se ven que con iso van deixar un problema moi grande aos compañeiros que quedan e aos enfermos que están.

Polo tanto, nós o que plantexamos é que se atendan esas queixas, que se atendan esas queixas dos profesionais e as queixas dos pacientes e que se tome en conta que é preciso ter plans de continxencia, que é preciso prever as situacións. Porque insisto na previsibilidade: xaneiro existe todos os anos e picos de gripe, todos os anos. E nós o que comprobamos esta vez é que as medidas chegaron tarde; sumáronse algunhas persoas de profesionais sanitarios despois do pico da gripe; e despois do pico da gripe valorouse: ¡que boas foron as medidas! Claro, se engadimos persoal na semana en que xa non hai tantas asistencias aos hospitais, dobre mérito, pero non estamos resolvendo o problema da primeira semana ou da incidencia grave da gripe. Polo tanto, nós o que plantexamos é que exista a previsión e que se nos informe, solicitamos a información para ser capaces de valorar correctamente.

E si que insistimos: gustaríanos ter asistido a algunhas explicacións —como ocorreu en moitos outros lugares, xa que lles gusta falar doutros sitios— do conselleiro, porque é certo —e eu xa o dixen—. Eu agardo que o conselleiro non tivera estado esperando por unha atención pola gripe, eu creo que está ben, pero por un momento pensei que estaba afectado pola gripe e que estaba atrapado nun hospital e non podía dar explicacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, pois seguimos con urxencias e con picos da gripe.

É evidente que a saturación e auténticos colapsos dos servizos de urxencias que se volveron vivir na práctica totalidade dos hospitais galegos poñen en evidencia as eivas do sistema sanitario, os problemas estruturais do sistema sanitario, dos propios servizos de urxencias, do resto dos servizos dos hospitais e da atención primaria; problemas estruturais debido á política de recortes e de incentivación da privatización que leva a cabo o Partido Popular: falta de recursos, falta de persoal, non aproveitamento da totalidade de recursos de que dispón o Sergas e falta de planificación. Cos recortes orzamentarios, desde o ano 2009, unha media de 300 e algo millóns menos cada ano; se o multiplicamos por oito orzamentos, pois estamos en moitos centos de millóns de euros menos investidos na sanidade pública de Galiza.

Redución de persoal. Desde o ano 2009 máis de 2.000 profesionais menos na sanidade pública de Galiza. Co cal, así como os incendios se apagan no inverno, pois os problemas dos servizos de urxencias dos hospitais tamén necesitan planificación, neste caso no verán, para que se minimicen os resultados deses colapsos.

Eu creo que todos e todas vimos a situación dos servizos de urxencias, que se converten en noticia de xeito recorrente. Vemos os centros hospitalarios vivindo auténticas situacións de caos:

doentes sufrindo esperas de horas inaceptables para poder ser atendidos —habitáculos, boxes, padiolas, cadeiras totalmente insuficientes, padiolas nos pasillos con doentes, en cadeiras nos pasillos, xente de pé, doentes esperando ingresos— e profesionais desenvolvendo a súa actividade nunhas condicións de sobrecarga asistencial e de estrés desde logo inaceptábeis.

Coincidimos na necesidade de que hai que tomar medidas e coincidimos coa iniciativa que presenta o Partido Socialista, mais presentamos unha emenda porque —como dicía antes— é previsíbel este tipo de picos, este tipo de repuntes da demanda asistencial, e é necesario para iso tomar medidas.

E a primeira é que presentamos un primeiro punto da emenda que é a elaboración dun protocolo de actuación para os brotes ou picos asistenciais. ¿Como hai que facelo? Con interlocución cos profesionais dos servizos de urxencias, do resto dos servizos dos hospitais e con atención primaria, e con representantes sindicais, onde se contemple a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización...; é dicir, que se teña planificado como se vai actuar, que se teña planificado cantas persoas, cantos profesionais vai ser necesario ter reforzado, e non quitar profesionais duns servizos para mandalos para urxencias, e non contratar profesionais para unhas determinadas horas ou uns determinados días en concreto durante esa presión asistencial, como se está facendo. ¿Que é necesario facer desde o punto de vista do BNG? Pois que se tomen as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen. E non se está a facer, a pesar de iniciativas aprobadas neste Parlamento. Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza. Porque a estas alturas seguen pechadas camas nos hospitais galegos, por exemplo no Meixoeiro; camas pechadas en todos os centros hospitalarios. É posíbel e é desexábel ter previsto e ter todos os dispositivos a pleno rendemento. ¿E que é necesario? Pois dimensionar as plantillas cun número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

É evidente que os picos da gripe non é planificable no cen por cento, pero o que si é planificable é ter todo previsto para cando estes picos se produzan. E sobre todo o que non pode ser é: atención primaria, saturada; listas de espera en atención primaria de días, de semanas incluso, co cal os doentes que non teñen asistencia en atención primaria van directamente aos centros hospitalarios; ou colapsos directamente tamén nos PAC de atención primaria. Co cal é necesario ter os recursos funcionando, é necesario ter persoal suficiente, é necesario ter orzamento suficiente para que logo non se dean sistematicamente este tipo de situacións.

O Partido Popular, evidentemente, tanta ineficacia e permitir continuamente esta situación de colapsos non pode ser casualidade, senón que é froito desa estratexia de deterioración da sanidade pública para empurrar cada vez máis...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...os doentes á atención sanitaria privada.

Co cal, apoio a esta iniciativa, e agardo que o propoñente acepte as emendas que presentamos desde o BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Retomamos, pois, o debate que iniciamos xa onte relativo á situación das urxencias no noso país, e xa trasladamos tamén onte que cando os servizos de urxencias se saturan de xeito crónico, cada vez máis frecuente, o problema ou problemas non están soamente nos servizos de urxencia, senón en todo o sistema sanitario. É por iso que, entendendo a necesidade de incremento de persoal, plantexamos, precisamente, esa emenda, para que o incremento non se circunscriba soamente aos profesionais en urxencias, senón ao persoal en xeral.

Ontes xa o trasladamos. Nós manexamos datos do Ministerio que din que a redución de persoal foi ao redor dos 1.800 profesionais da sanidade pública dende que governa o Partido Popular —un pelín menos, 1.700 e algo longos—, e deses, máis de 1.100, é dicir, máis do 60 % foron eliminados en atención primaria ou foron amortizadas as prazas —chámenlles como queiran—.

Esa redución de profesionais, obviamente, causa demoras e causa, ademais, como xa trasladamos onte, agardas, esperas para acudir ás citas de atención primaria dunha semana ou de máis dunha semana nalgúns centros de saúde. Iso significa que hai persoas que non poden agardar a seren atendidas e, polo tanto, iso empeora a situación das urxencias.

Os PAC —os puntos de atención continuada— teñen tamén persoal insuficiente e de maneira crónica levan denunciando nalgúns centros a ausencia de persoal para cubrir incluso as urxencias que atenden no propio centro e as urxencias ás que teñen que saír nos vehículos de atención sanitaria. E as unidades de hospitalización perderon tamén persoal, e practicamente todas as áreas sanitarias manteñen durante a totalidade do ano camas ou unidades pechadas. Fíxense vostedes en como hai algúns anos nesta Cámara debatíamos ou denunciábamos os peches de camas que se efectuaban durante o verán e agora mesmo estamos falando de que temos que denuncialos durante a totalidade do ano, porque se manteñen. Así, así se consolidan os recortes, este é un exemplo clarísimo.

Hai tan só uns anos estabamos aquí discutindo sobre os peches de verán, agora temos que estar discutindo sobre os peches que se fan durante todo o ano. Iso é un exemplo de como, precisamente, a crise era unha estafa e de como serviu para eliminar ou para reducir e recortar parte dos servizos públicos e con eles, polo tanto, recortar os dereitos sociais.

Ter unha boa atención sanitaria debера ser non só algo obvio, senón prioritario para calquera goberno preocupado polo seu pobo. E parece que non é así cando se nega a maior, como sucedeu no debate de onte, e cando se traslada que non existe ese problema e que as plantillas son adecuadas, cando o mesmo día se mobilizan ou se manifestan profesionais como no caso de Vigo, denunciando a insoportable situación das urxencias hospitalarias, que non hai

persoal suficiente, que non hai materiais suficientes, que non hai camas suficientes. E si, no novo hospital, nese que era o mellor hospital de Europa para o señor Feijóo, non hai camas suficientes, e resulta que esas magníficas habitacións individuais teñen que ser desdobladas, é dicir, temos que poñer máis camas dentro das mesmas habitacións porque non é suficiente o espazo e, non obstante, mentres, mantemos tres alas pechadas enteiras no Hospital do Meixoeiro.

É indecente, sinceramente. Acúmulo de persoas agardando unha cama para seren ingresadas e mentres, non obstante, mantemos camas ou unidades enteiras pechadas nos centros. É a destrución da sanidade pública, é a súa deterioración, iso que se fai, precisamente cando se fixo que o novo hospital tivese tamén un 30 % menos de camas para asegurar que continuaba ese frutífero negocio da empresa Povisa. E, non obstante, cando si se deciden, cando xa salta á prensa, porque hai protestas, porque se acumulan moitas persoas agardando cama, a abrir algunha desas unidades, fano con persoal insuficiente. É indecente como tratan os profesionais sanitarios.

Antes, as urxencias de Vigo, tiñamos dúas, e trasladouse a unha porta única, que pode estar ben, pero resulta que antes se colapsaban cando nos dous centros había, aproximadamente, unhas 500 entradas, agora nun único centro se colapsan cando hai 350. ¿É ou non é unha estafa? Ou o caso de Ourense, que tiveron que forzar as portas, retirar as camas da zona nova que estaba para inaugurar e volvelas trasladar á zona vella para colocar catro camas nas habitacións, porque eran insuficientes os servizos que tiñan, cando existen outros servizos que continúan pechados porque vostedes se negan a abrílos.

E, obviamente, señor Torrado, claro —vou rematar xa— que estamos de acordo tamén con que se solicite a información, e a ver se vostede ten máis sorte, porque eu levo aquí mesmo catro anos reclamando información sobre as listas de espera non estruturais, e sendo deputada continúa negándosenos esa información; xa ven as señorías a elasticidade desta democracia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Camas en los pasillos, servicios de urgencia saturados, retrasos para ser atendidos y para obtener cita. El virus de la gripe está haciendo de las suyas estos días en Galicia. Hizo estragos en la ciudad olívica, porque los casi 700 enfermos que ayer se acercaron a los servicios de emergencia tuvieron que esperar hasta ocho horas para ser atendidos. La Voz de Galicia.

El incremento de pacientes con gripe satura el Clínico de Santiago y el Xeral-Calde de Lugo. La dirección del CHUS aclaró que no hay un problema de personal, hay una incorporación más lenta a

planta —reconocieron—. Por su parte, el director gerente del Hospital Xeral-Calde de Lugo admitió que el servicio de urgencias registra una afluencia importante. Agregó que se trata de una situación habitual de los servicios y descartó que se deba a la falta de profesionales. El Correo Gallego.

El Meixoeiro deriva pacientes y los enfermos aguardan hasta nueve horas para ser atendidos. Ocho días esperando una cama en Pontevedra. Ingresos nocturnos se duplicaron en Ourense. Faro de Vigo

Novas, señor Torrado, eu tamén sei ler novas. Algunhas destas novas ten razón que poderían lerse hoxe, pero é que non estamos no ano 2017, non estamos no momento dos recortes de persoal, da falta de camas, da demolición da sanidade pública, no momento da sanidade deteriorada, como dicía a señora Solla onte e hoxe o repetiu, estamos nos anos 2007 e 2008.

Polo tanto, señorías, o problema das urxencias por mor dos picos da gripe xa vén dende hai moito tempo, cando non había crise, cando non había recortes, nos anos de bonanza e inversións, nos que gobernaba, señor Torrado, o Partido Socialista, xunto co Bloque.

Nós, desde logo, non imos negar o problema; o problema existe, teñen vostedes razón. Non facemos como facía Touriño, que negaba a crise no servizo de urxencias, porque dicía que só había dificultades. Nós asumímolos e tratamos de xestionalo, e xestionalo sen botarlle a culpa a ninguén. Non facemos o que facían vostedes cando gobernaban a señora Rubio; a conselleira de Sanidade dicía que os populares o que querían era desacreditar a sanidade pública cando falaban destes temas, ou falaba tamén da falsa alarma promovida polos profesionais sanitarios nos medios de comunicación. Si, señor Torrado, iso está nas hemerotecas, e é noticia de *El País* —un periódico que vai completamente a favor do Grupo Popular—: *PSOE y BNG niegan que haya colapso en urgencias*. Bueno, faláron de folga á xaponesa, faláron de moitas cousas que mellor non repetir.

Pero é que, ademais, non é un problema exclusivo de Galicia, nin das políticas de Feijóo. En noticias de *La Sexta TV: La epidemia de gripe satura las urgencias de los hospitales. Asturias es una de las comunidades más castigadas por la gripe. En el País Vasco, el Hospital de Galdakao saturado por las urgencias, con veinte camas en los pasillos. En Cataluña, hospitales como el Viladecans llevan días saturados, según los profesionales, el Vall d'Hebron.*

Comunidades todas elas gobernadas polo PP, señorías. Está claro, señor Torrado, que ten vostede razón: a culpa non é do PP nin é dos gobernos do PP, nin é dos recortes do PP.

En Europa sucede exactamente o mesmo. No Reino Unido desviáronse corenta e oito ambulancias, non as deixaron entrar, porque estaban saturados os hospitais. En Francia hai saturación de hospitais.

Imos tratar este tema con seriedade, señoría. O problema non se soluciona, como vostede pide na iniciativa, exixindo aos xerentes un informe. Non botemos a culpa agora aos equipos directivos, non voltemos botar as culpas aos profesionais. Estou segura de que levan traballando arreo desde que se iniciou a onda de gripe, porque o seu obxectivo é buscar a mellora da asistencia hospitalaria. E dígollo porque sei do que falo, porque eu mesma fun subdirectora médica do Hospital de Ourense e o problema da saturación da urxencia nos picos da

gripe xa o tiñamos entón, no ano 2003, no ano 2004, e non había recortes, señorías. O problema é moi complexo e vese afectado por moitos factores que en cinco minutos non me dá tempo a explicar. Pero hai moitos estudos, como vostedes saberán, sobre a saturación das urxencias.

O incremento da demanda asistencial aquí en Galicia e o aumento da necesidade de ingresos si que se preveu polo Sergas, e os plans de continxencia existen e elabóranse anualmente e fanse en contacto cos profesionais. Os directivos teñen previstas as actuacións, señora Prado, non actúan ao chou, tanto os profesionais como os directivos. Habilítanse novos espazos, potencianse medidas de prevención da infección, ábrense e reasígnanse camas de hospitalización con reforzo das gardas da área médica, refórzanse os hospitais de día.

Con respecto ao pasado ano, as cifras son similares. Xa non imos abondar máis no tema da gripe. Foi similar e menos virulenta, segundo din os expertos, porque houbo unha porcentaxe de ingresos en UCI menor, aínda que houbo un 15 % de ingresos maiores.

Sanidade considera que o pico da gripe xa pasou e que os cadros de persoal da urxencia —xa falamos onte dabondo nesta Cámara— están perfectamente dimensionados. Volvo repetir: o problema da urxencia, da saturación de urxencias, non se debe aos recortes de persoal, non se debe aos recortes do PP.

E, para rematar, agradecer, dende logo, dende o Grupo Popular o traballo dos empregados públicos, tantas veces deostado, que, como sempre, en momentos de dificultade, son capaces de dar ou somos capaces de dar o mellor de nós mesmos polos pacientes e pola organización.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Presidente da Xunta, onte: «No Parlamento de Galicia fálase de Galicia». Facerlle un pouco de caso, ¿non? Eu falei de Galicia, vostede falou doutro sitio. De todas formas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), si, si, si, que contextualizar, é certo, si, si, si, hai que falar de Galicia ás veces e outras veces non. Non se poña nervioso, que non estou dicindo nada malo, aínda.

Non hai camas dispoñibles —dicía—, pero ¿como vai haber camas dispoñibles?, ¿como vai haber? 7 de xuño, *Almuíña dice que las camas importan en los hoteles y no tanto en los hospitales.* Claro, ¿como vai haber camas dispoñibles, se importan nos hoteis? Asturias —é tan previsible que xa o tiña—, consejero en Asturias, rolda de prensa diaria para informar da gripe, rolda de prensa diaria. Primeira medida: *Sanidad incorpora a todos los médicos disponibles para afrontar la peor gripe en años.* Asturias, todos os médicos dispoñibles, non quedou nin un médico por contratar. Todos os pacientes ingresados. A epidemia máis grave en oito anos, a

peor epidemia de gripe en España, todos os médicos contratados, explicacións diarias. Creo que a comparativa non lle é favorable.

Claro, esas son as diferenzas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, por favor, déixeme acabar—. Claro, ¿eu que podo facer, entón, cando comparo as diferenzas? Pois teño que vir aquí e pedir a destitución do conselleiro por ineptitude e incapacidade, é o que teño que facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, ¡home!, non... Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Perdoe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor TORRADO QUINTELA: Si, si. ¿Parécelle mal que llo diga? Nada, non se preocupe, señor presidente, estou seguro de que agora vai atender.

Mire, ¿sabe cal é a diferenza? Que no caso do Bipartito eu non lle pedín a destitución, non son palabras miñas, son palabras do seu portavoz de sanidade no 2008: ineptitude e incapacidade, petición da dimisión da conselleira de Saúde. (*Aplausos.*) Esas son as diferenzas. A miña primeira frase foi: «A gripe non é culpa do PP». Compártoo con vostede, este é un problema estrutural que debemos solucionar. Eu non pido dimisións. Pero vostedes están agora mesmo moi molestos por unhas palabras que digo eu pero que non son miñas, son do seu portavoz de sanidade no 2008. Se acaso me teñen que reprender neste Parlamento agora por chamarlle inepto a alguén, en realidade eu creo que debería a Mesa reprenderse a si mesma. Ineptitude e incapacidade, esas son as diferenzas. Insisto, o conselleiro dando explicacións todos os días en Asturias.

O PP reprochoulle a Sanidade a súa falta de previsión. Claro, pero é que os índices eran moito menores, as esperan eran moito menores, está nos seus datos. Claro, é que ás veces as comparativas teñen ese problema.

Eu non vou pedir a dimisión do conselleiro. Eu creo que o conselleiro non fixo ben o seu traballo, pero non creo que sexa merecedor de chamarlle incapaz e inepto, como si ocorreu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? Pensei que me dicía algo.

Si ocorreu. Eu non llo vou chamar, pero si ocorreu a unha conselleira. É que as diferenzas non son só cando se goberna, senón tamén cando se está na oposición. E nós creo que garantimos bastante máis elegancia na oposición.

En todo caso, sobre as emendas, seguindo a emenda do Grupo de En Marea, podíamos solicitar, en todo caso, a ampliación da solicitude de máis persoal para todo o sistema sanitario. Eu voume referir soamente a ausencias. Unicamente, ademais, pola esperanza de que me poidan votar a favor, que se lle votan a favor a este grupo esta proposta, igual é máis posible deixándoo en urxencias, como a iniciativa do Chou onte, que se centraba unicamente en urxencias.

Compartimos o referido ao protocolo —moi interesante— que propuxo o BNG, e propoñemos, aínda así —con toda esperanza de, despois do debate, recibir unha votación afirma-

tiva—, a votación por puntos. Xa sei que a parte de incrementar persoal, pode suscitar algún debate sobre se é necesario ou non é necesario. Polo tanto, incluso para facilitar que non teñan que votar a favor nesa parte, na que sei que temos unha discrepancia profunda, pero para intentar si pedir os informes... ¿como non imos pedir os informes, se os informes son para recibir datos e avaliar? Nós subimos aquí...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...non a pedir unha destitución, non a chamarlle inepto a ninguén, vimos pedir datos para avaliar. Se non se piden datos para avaliar, ¿como se pode avaliar? É o único que pedimos: datos, información...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e sumar a parte do protocolo. Se podemos, eu quereda incorporar, como terceiro punto da proposta, a parte da emenda do BNG relativa a protocolo e votar os tres puntos, por tanto, por separado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Vale. Moitas grazas, señor Torrado.

Pasamos, polo tanto, ás votacións. Comezamos coa votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de D. César Manuel Fernández...

¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A moción vai despois.

Estaba todo previsto. Imos votar primeiro a do Grupo Popular de Galicia por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e catro deputados máis.

Parece que hai unha transacción. Se é posible e é curta, porque se non... ¿Pode ler a transacción?

Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Chegamos a unha transacción sobre a emenda do Grupo Parlamentario Socialista que di o seguinte: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar, durante o primeiro semestre de 2017, a norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporándoo á correspondente memoria económica».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, con esta transacción feita.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e catro deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados máis, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández. Foron aceptadas as emendas do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, incluída a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis.

Parece ser que o Partido Socialista pediu votar por puntos, algo que acepta o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, votamos, en primeiro lugar, o primeiro punto.

Votamos.

Votación do primeiro punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este primeiro punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o segundo punto desta proposición non de lei. Votamos.

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o terceiro punto desta proposición... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Pero votámolo, hai que votalo, son tres puntos. Votamos.

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Con-

greso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado tamén este terceiro punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D. Antón Sánchez García.*

Hai unha emenda propia que, evidentemente, foi aceptada polo propio... (Murmurios.) Non podería ser doutro xeito, pero o Regulamento contéplao e, polo tanto, votamos isto coa emenda incorporada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D. Antón Sánchez García, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis.*

Parece ser que se acordou unha transacción e que En Marea non acepta esta transacción. Entón, polo tanto, votamos coa... (Murmurios.) En Marea eu teño recollido que non acepta a transacción... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non aceptaron, non, non. En Marea non acepta... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non acepta a emenda, non acepta a emenda o Grupo Parlamentario Popular. Por tanto, votamos coa transacción incorporada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Concepción Burgo López,

Hai unha transacción aceptada. ¿Quere lela vostede?

Si, léaa, se quere. É breve. (*Murmurios.*) É breve, podémola ler.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Vale.

Léoa, aínda que se repartiu tanto a todos os grupos como á Presidencia e á Mesa. En todo caso, a transacción di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Formación Profesional, e poñer en funcionamento, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas que permitan a elaboración das programacións didácticas acordes co modelo curricular vixente».

¿Leo máis despacio... ?

O señor PRESIDENTE: Non, moitas grazas. Está perfectamente entendido.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Votamos, polo tanto.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato, para todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez.

Acepta as emendas dos dous grupos e pediu a votación por puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu teño aquí iso, non sei. ¿Di vostede que acepta a votación?

O señor TORRADO QUINTELA: Aceptamos o primeiro punto da emenda do Bloque Nacionalista Galego. Incorporámolo.

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

O señor TORRADO QUINTELA: Entón serían tres puntos. Os dous que presentamos na proposta, e, como terceiro punto, o primeiro da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

E si, solicitamos votar por puntos.

O señor PRESIDENTE: Pois con todo iso incorporado, facemos a votación por puntos.

Votamos, en primeiro lugar, o primeiro punto desta proposición non de lei. Votamos.

Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o segundo punto da proposición non de lei. Votamos.

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Temos pendente, como comentamos, a votación da... (*Murmurios.*)

¿Perdón...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, perdón. Si, si, hai que votar ese terceiro punto, exactamente. Votamos o terceiro punto desta proposición non de lei.

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta

de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado ese punto.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos a moción que tiñamos pendente, que estaban pendentes dun acordo de transacción.

Vostede dirá se ese acordo nolo fai chegar ou nolo le.

A señora PONTÓN MONDELO: A min paréceme que o primeiro é agradecer que todos e todas teñamos chegado a un acordo nun tema tan importante como é a loita contra a violencia de xénero. Non sei se é máis práctico que o lea, aínda que se poida trasladar, porque tamén creo que estaría ben que saibamos —aínda que sexa un pouco extenso— que é o que estamos votando e cal é o contido deste acordo. Son uns minutos, tampouco creo que vaia supoñer unha grande perda dende o punto de vista das nosas vidas e do destino deste país.

«O Parlamento de Galiza acorda constituír unha ponencia, dentro da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, coa finalidade de:

1. Promover un pacto galego contra a violencia de xénero que, como mínimo, inclúa as seguintes medidas.

a) O incremento dos recursos económicos destinados á prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos.

b) O estudo da modificación da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír na mesma o concepto de feminicidio.

c) A mellora dos medios e recursos da xustiza concretada na dotación dos recursos necesarios para mellorar os medios xudiciais en materia de violencia contra as mulleres; na garantía de existencia, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio, dos mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos.

d) Na garantía de formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñe no proceso xudicial, incluíndo médicos e médicas forenses e equipos psicosociais. Na aplicación dun protocolo forense de valoración do nivel de risco para os casos de violencia de xénero nas unidades de valoración forense.

e) O desenvolvemento durante o 2017 das medidas de coeducación previstas no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galiza.

Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións: posta en marcha de xeito periódico de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral, e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos a disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.

E aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, relativo á formación da totalidade das/dos profesionais.

f) A aplicación do artigo 25 da Lei galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero, que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica, promover os cambios legais necesarios para que as mulleres en situación de violencia de xénero non teñan que informar ao outro proxenitor da decisión de que o menor inicie un tratamento psicolóxico, coa finalidade de abordar o impacto psicolóxico sufrido por presenciar violencia de xénero, e a ampliación da atención psicolóxica aos homes menores de idade con problemas de conduta.

g) A elaboración, en colaboración coa Fegamp e os concellos, de protocolos de prevención e atención ás situacións de violencia machista naquelas entidades locais que non dispoñan do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.

h) A promoción da avaliación externa independente por parte do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do cumprimento do impacto en Galiza da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero, así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero, que será remitida ao Parlamento de Galiza.

i) E a promoción, tanto en medios públicos como privados, do cumprimento dos principios establecidos na declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e a implicación dos medios de comunicación social no combate da violencia machista, evitando o morbo e o sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.

k) O establecemento de medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero, e a articulación de medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen a disposición as diferentes administracións públicas.

2. E un segundo punto dentro desta moción é a elaboración dun documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na Cámara, co obxectivo de levar unha posición única e conxunta á xuntanza da Comisión xeral de comunidades autónomas do Senado que se acordou convocar na Conferencia de presidentes, co fin de incorporar as achegas de Galiza aos traballos do pacto de Estado contra a violencia de xénero.>>

O señor PRESIDENTE: Mereceu a pena adialo. Paréceme un bo acordo, ímolo votar.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72. (Aplausos.)

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

Declaracións institucionais

O señor PRESIDENTE: Rematadas xa as votacións, procedo a ler agora dúas declaracións institucionais.

Declaración institucional en memoria das vítimas do Holocausto

O señor PRESIDENTE: A primeira é sobre a conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto. Procedo a lela.

«O 1 de novembro de 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 42 sesión plenaria, reafirma que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos.

E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como o Día internacional da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegas e galegos.

A Asemblea Xeral rexeitou —e este Parlamento faina súa—, toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico, e condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana.

O Parlamento de Galicia un ano máis, e de acordo coa letra e co espírito da Declaración do 1 de novembro de 2005 da 42 Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama ao Goberno da Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia e discriminación baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e aos cidadáns e ás súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida nin asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.» *(Apróbase por asentimento.)*

Declaración institucional polo Día escolar da non-violencia e a paz

O señor PRESIDENTE: E agora procedo a ler outra declaración institucional polo Día escolar da non-violencia e a paz.

«Hai 62 anos, o 30 de xaneiro de 1948, morría asasinado Mahatma Gandhi, loitador incansable a prol da igualdade e a xustiza. A súa obra a favor da paz no mundo veu sendo recordada cada 30 de xaneiro dende 1964, ata que finalmente a UNESCO recoñeceu a data en 1993 para conmemorar o Día escolar da non violencia e a paz. Un día no que reivindicar a importancia da escola para fomentar a convivencia, a paz e a igualdade, así como a eliminación de todas as formas de violencia no ámbito educativo, como poden ser o acoso escolar, a discriminación ou a segregación, a violencia machista ou a non integración, retos inmediatos aos que os poderes públicos debemos respostar.

Tal e como recolle a ONU na declaración e no programa de acción sobre a cultura de paz, aprobada pola Asemblea Xeral o 6 de outubro de 1999, a paz non é só a ausencia de conflitos, senón que tamén require un proceso positivo, dinámico e participativo no cal se promova o diálogo e se solucionen os conflitos nun espírito de entendemento e cooperación mutuos.

O Parlamento de Galicia reitera o seu compromiso cos devanditos principios da ONU e da UNESCO, especialmente no tocante á necesidade dunha educación a prol da paz, lembrando que así como as guerras nacen na mente das persoas, é na mente das mulleres e dos homes do mañá nos que debemos construír os baluartes da paz; por iso traballar nas escolas a prol da paz e da igualdade será o mellor xeito de garantir un futuro mellor para toda a cidadanía.

Así, o Parlamento de Galicia comprométese, e chama ao conxunto da sociedade e institucións, a traballar arreo contra todas as formas de violencia, poñendo especial énfase nas que se producen na escola, como o chamado *bullying* ou ciberacoso ou calquera outra forma de violencia que afecte ás nenas e nenos, traballando deste xeito, man con man, para fomentar a educación e a cultura da paz entre a infancia e a mocidade.» *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas.

E agora pasamos a debater as interpelacións.

O señor PRESIDENTE: Como xa comentamos, había unhas alteracións na orde do día das interpelacións.

Interpelación de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora conselleira.

Acabamos de asistir á lectura de dúas declaracións institucionais sobre a memoria e a historia. Onte produciuse tamén un feito que nos ten que facer reflexionar; un aniversario sobre estes feitos. E o ferrocarril é tamén memoria histórica, como vostedes ben saben.

Onte celebrouse —non se celebrou, senón que vivimos o recordo— que hai corenta anos uns pistoleiros fascistas asasinaron a nove persoas na cidade de Madrid, e como dixo tamén onte o único supervivente neste momento daquela matanza, o señor Ruíz Huerta: para que a memoria de Atocha e a memoria da loita pola liberdade, a democracia e o socialismo permanezan para sempre neste país. Eu creo que é conveniente que saibamos (*Aplausos.*) e coñezamos a historia.

Onte tamén se votou no Senado unha proposición non de lei do Partido Socialista que pedía algo bastante razoable, que era que unha lei que está en vigor teña dotación orzamentaria. Non hai nada máis mezquino que non ter o valor político de derrogar unha lei e matala e afogala orzamentariamente.

A Lei da memoria histórica leva sete anos con cero euros nos orzamentos aprobados polo Goberno de España. Eu espero que esta nova situación de diálogo nalgúns casos —por parte dalgúns forzado— leve á resurrección dunha lei que nunca, nunca, debeu ter morto na Cámara, no Congreso dos Deputados de España. (*Aplausos.*)

O ferrocarril, efectivamente, tamén é historia. En Galicia é historia de tempos perdidos. A primeira liña construíuse vinte e cinco anos despois da primeira liña en España. Galicia estivo conectada co resto da rede estatal trinta e cinco anos despois de que se iniciara a construción no conxunto de España, no ano 1883, a liña A Coruña-Madrid.

No caso da cidade de Vigo, conectouse coa rede española soamente un ano antes que coa rede portuguesa, nun momento en que as relacións hispano-portuguesas pasaban por unha época, digamos, de volta de espaldas, de afastamento. Creo que mostra bastante ben cal era a estratexia de articulación territorial do Estado español en termos de vías de comunicación naquel momento, e que lamentablemente nese ámbito, e en ámbitos políticos, agora estamos padecendo neste país.

E chegamos á segunda xeración, á xeración da alta velocidade ferroviaria. Recordamos —e eu tamén o quero facer así porque é exactamente como aconteceu— que a rede de alta velocidade ferroviaria española, o primeiro deseño e os primeiros compromisos orzamentarios, se desenvolveu no ano 2001, cando gobernaba o Partido Popular. E tamén é certo que o Plan Galicia do ano 2003, por razóns digamos que custosas medioambiental e socialmente, introduce unha certa aceleración naqueles plans; é verdade que con déficits importantes, señora conselleira. Seguro que vostede recorda un proxecto do ministro Álvarez Cascos que contemplaba un tramo de liña única —na maior parte do tramo entre Ourense e Olmedo— cunha velocidade máxima de 200 quilómetros por hora, o cal era un avance importante en relación co existente pero non era alta velocidade ferroviaria.

Efectivamente, no ano 2004 chega ao Goberno de España o señor Rodríguez Zapatero, e a partir dese momento todos recordamos —dende logo dende o ano 2005, en que eu son deputado— a pulsión reivindicativa do Partido Popular para unha aceleración case digamos milagrosa das obras da alta velocidade ferroviaria en Galicia. Recórdoo no ano 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011. Recordo no ano 2009 o asinamento do pacto do Obradoiro entre o ministro de Fomento —o señor José Blanco— e o presidente do Goberno da Xunta —o señor Núñez Feijóo—. Era xullo do ano 2009, e era un feito imprescindible para o desenvolvemento económico e social desta comunidade autónoma.

Esta situación, señora conselleira —seguro que vostede é plenamente consciente, na medida en que ademais é funcionaria da Xunta de Galicia no ámbito do transporte ou das infraestruturas—, muda de maneira milagrosa no ano 2011. Coa chegada do Goberno de Rajoy ao Goberno de España, o señor Feijóo sofre unha transmutación teolóxica baseada na fe e na esperanza, non sei se tamén na caridade, e o que ata ese momento eran reivindicacións e unha incredulidade sistemática sobre actuacións, sobre orzamentos, sobre execucións orzamentarias, sobre as obras físicas que se estaban desenvolvendo nas montañas do interior de Ourense, convértense nunha sensación balnearia de placidez. Seguro que na intimidade —exactamente igual que o catalán de Aznar— reivindicaba á señora ministra Ana Pastor, pero, desde logo, non saían á esfera pública esas reivindicacións como presidente da Xunta de Galicia.

No ano 2016, co novo Goberno e co novo ministro —o señor Íñigo de la Serna—, indubidablemente se verbaliza algo que ata ese momento —na opinión do Grupo Socialista— a señora Ana Pastor tiña claramente agochado nunha estratexia política eu me atrevo a dicir que de engano. Non sei se ten que ser político o engano, en fin... iso xa o deixo a criterio do presidente, pero, en todo caso, unha situación, na nosa opinión, de engano.

E digo de engano porque durante os anos anteriores, especialmente entre o ano 2009 e o ano 2011, ese pacto do Obradoiro supuña un calendario de reunións entre o Goberno de España e o Goberno de Galicia; significaba unha axenda pública do AVE que vostedes como Goberno, e os medios de comunicación, podían avaliar e podían controlar; significaba tamén que os cidadáns tiñan acceso á evolución desas obras. Na evolución desas obras todos coincidimos, señora conselleira, na súa dificultade, nos seus problemas técnicos, orográficos etc., pero os problemas técnicos e orográficos e a dificultade das obras do AVE a Galicia son os mesmos no ano 2015 e 2016 que no ano 2006, 2007, 2008 e 2009. E diso vai a interpelación fundamentalmente, de por que houbo ese cambio na posición reivindicativa do Goberno galego ante o desenvolvemento destas obras.

É verdade que se produciu unha situación de crise económica durísima, é certo. E eu quero reseñar aquí a responsabilidade dos socialistas. Dende o ano 2011 ata hoxe, nunca o Partido Socialista pediu máis orzamentos para o AVE. Nunca. Pedimos maior execución, maior dilixencia nas obras, maior negociación coas empresas en termos de modificados de proxectos, etc., pero nunca pedimos máis orzamentos.

Por certo, moi diferente ao que acontecía ata o ano 2011 co señor Núñez Feijóo, que supoño que xa era consciente da existencia desa crise que segundo el o Partido Socialista agochou nos go-

bernos de España e de Galicia, e que el, por suposto, coñecía dende o principio. Hoxe mesmo quedounos claro na intervención como a caída de Lehman Brothers foi responsabilidade inmediata do Goberno Zapatero, porque dixo que a culpa da crise era do Goberno Zapatero, entendo que a nivel global. Agora que o da globalización está en entredito, entendo que a nivel global.

Polo tanto, aquí interpelamos e reivindicamos con absoluta lexitimidade. Queremos que o Goberno de Galicia defenda para Galicia un AVE de alta velocidade perfectamente homologable cos AVE do resto de España. Estamos moi preocupados con algunhas cuestións, e na segunda intervención falarei concretamente do caso do acceso do cuello de botella —na nosa opinión— de Ourense, pero hai algún outro tema que tamén nos preocupa.

O Goberno da señora Pastor, ou a señora Pastor como ministra de Fomento, modificou algúns proxectos, como vostede seguro que ben sabe, conselleira. Elimínouse unha terceira vía de ancho ibérico que fixera compatible a circulación de trens de alta velocidade e de trens convencionais. Acurtáronse algúns túneles e varios viadutos nos tramos de alta montaña do interior da provincia de Ourense, o cal, indubidablemente, atrasa as obras, pero no fondo o que hai detrás de calquera redución dese ámbito, se a lonxitude dos túneles e dos viadutos é menor, é un trazado máis complexo e, polo tanto, menor velocidade media.

Suprimiuse o que en linguaxe ferroviaria se chama un salto de carneiro en Oira —Ourense— que permitía a conexión da rede de alta velocidade Madrid-Galicia coa rede convencional Ourense-Monforte, e que permitiría deixar aberta a futura conexión Ourense-Monforte-Sarria-Lugo. Aquela ¿recorda, señora conselleira? que o señor Feijóo ía construír con fondos da Xunta e logo ía mandarlle a factura ao Ministerio de Fomento. Foi no ano 2009. Parece que pon vostede cara de sorpresa. En fin, podo botar man da hemeroteca, pero eu creo que non fai falta porque todos o recordamos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, insisto, a interpelación, señora conselleira, ten que ver exactamente coa posición política do Goberno galego. Os socialistas cremos que durante a primeira lexislatura do señor Rajoy foi dun silencio vergonzante. É verdade que polo menos a señora Pastor coñecía o país, e agora temos un ministro cántabro que seguro que coñece moi ben o tramo futuro de alta velocidade entre Santander e Torrelavega, que, como vostede sabe, xa avanzou un pouco no BOE —pode entrar na búsqueda—, houbo unha certa aceleración no último mes. Seguro que é casualidade, estou absolutamente seguro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, queremos saber por que cambiou esa reivindicación tan radical do señor Feijóo a unha posición —insisto—, baseada fundamentalmente na fe e na esperanza, que non é apolítica, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, agradézolle que traia ao Parlamento a debate a liña de alta velocidade de Galicia con Madrid, está de actualidade. Eu creo que pode crear algunha inqueda social, e polo tanto valoro positivamente que me dea a oportunidade de estar hoxe aquí para falar da situación da alta velocidade de Galicia con Madrid, pero tamén para falar de historia, como falaba vostede.

Todos sabemos que levamos esperando anos en Galicia para que se complete e remate a alta velocidade con Madrid, pero o certo é que Galicia se incorporou ao AVE no ano 2000, con Álvarez Cascos de ministro, e foi nesa data cando o AVE a Galicia realmente se recolleu nese mapa de infraestruturas ferroviarias e na planificación.

A min gustaríame lembrarlle —xa que facía vostede historia— que ningún goberno socialista presidido por Felipe González, desde logo, recolleu nos plans de infraestruturas o AVE a Galicia, e sobre todo cun ministro de transportes socialista e galego como era Abel Caballero. Eu móstrolle aquí o plan de infraestruturas do ministro galego Abel Caballero: o AVE paraba en Valladolid. Polo tanto, Abel Caballero paraba o AVE a Galicia en Valladolid. Tamén dicía que habería trens rápidos na Meseta no ano 1993.

Polo tanto, a alta velocidade recolleuse nos mapas ferroviarios no ano 2000, con Álvarez Cascos. Por certo, comentaba vostede unha cuestión que eu non comparto, porque a alta velocidade en España si que se iniciou nos anos noventa, porque no ano 1992 Felipe González levou o AVE a Sevilla.

En calquera caso, dende entón —hai que dicilo, é certo— producíronse demoras e moitas prórrogas. Por facer historia, como facía vostede, primeiro no ano 2008, o entón presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño xa dicía que o AVE chegaría a Galicia no ano 2012. Inasumible, á vista do estado no que estaban as contratacións e tamén a execución das obras. O certo —e seguro que o recorda mellor vostede ca min— é que había algunha ministra máis preocupada porque chegara o AVE a Málaga.

Coa chegada do presidente Feijóo, só tres meses despois da súa toma de posesión, nunha xuntanza co ministro de Fomento, o entón galego José Blanco, firmaron o pacto do Obradoiro, garantindo un compromiso escrito que fixaba a data para o AVE a Galicia no ano 2015. Compromiso escrito, promesa escrita polo ministro, para destinar entre o ano 2009 e 2010, en licitacións, 4.700 millóns. Pero o certo é que no ano 2010 non se licitou nin unha soa obra desta liña de alta velocidade.

A finais do 2015, 15 dos 22 treitos entre Puebla de Sanabria-Ourense non comezaran nin estaban adxudicados, nin incluso algúns deles licitados. Polo tanto, historia, memoria e incumprimentos novamente, e o que se fixo foi dar unha nova data, a do ano 2018, que defendemos nós, porque o ministro Blanco, dende logo, negaba esa data do 2018, insistindo no ano 2015, que sabía seguro que non se podía cumprir.

Polo tanto, historia, memoria con feitos, con compromisos, contratacións e investimentos nos boletíns oficiais. Conclusión: non foi un partido de esquerdas, dende logo, quen impulsou de verdade o AVE a Galicia. Non foi un partido de esquerdas, señor Losada. Non foi un goberno de esquerdas nin foi o seu goberno nin foi o seu partido nin tampouco creo que foran vostedes os que impulsaron nestes últimos anos o AVE a Galicia. Creo que a aposta do actual Goberno é incuestionable.

Aí están as reducións de tempo de percorrido, que é o que disfrutan os cidadáns subíndose agora ao tren á Meseta, a conexión coa Meseta, e tamén o Eixo Atlántico. Melloras que, dende logo, fan que os usuarios se decanten polo transporte público en vez de polo vehículo particular.

E aí está o Eixo Atlántico, dende abril do 2015 que se puxo en servizo, para reforzar a conectividade entre Vigo e Coruña. Incrementou a oferta de prazas nun 40 %; tempos de viaxe que se reduciron nun 50 % entre Vigo e Coruña; mellora dun servizo que non supuxo un incremento de tarifas. Polo tanto, señor Losada, se colle o tren —eu dende logo que o collín— Vigo-A Coruña, poderá estar en algo máis de unha hora —hora e vinte—, e o traxecto Vigo-Santiago nuns cincuenta minutos. Unha excelente acollida é o que constata o éxito do Eixo Atlántico, con máis de 3,5 millóns de pasaxeiros dende a súa posta en servizo.

Polo tanto, avances coa Meseta e avances tamén no Eixo Atlántico, cunha importante diminución de tempos de percorrido que seguimos a reducir, porque é o que queremos.

En decembro do 2015, a recente posta en servizo de Olmedo-Zamora reduciu en media hora o tempo de percorrido entre Ourense e Madrid. A finalización do treito Zamora-Pedralba da Pradería, con 359 millóns de euros que se investirán, significará tamén unha redución doutra media hora entre Ourense e Madrid. Polo tanto, Ourense-Madrid estarán en menos de 4 horas conectados por tren en tempos de viaxe.

É un gran esforzo o que se vén facendo nos últimos anos, e a mobilización de máis de catro mil millóns de euros. Un esforzo inxente, como dicía vostede, en épocas de grandes dificultades económicas.

E por resumir, algo moi sinxelo, en todo o traxecto Ourense-Madrid, excepto a entrada á cidade, están ou todos os treitos en servizo ou todos os treitos en obras; polo tanto, hai contratos, hai obras, hai orzamento.

Dende a Xunta por suposto que estamos a traballar para impulsalo, para demandar do Goberno que resolva canto antes as cuestións técnicas e administrativas que sexan necesarias e que chegue o AVE a Galicia canto antes e de forma segura. Por suposto que apostamos por iso, e así llo trasladamos ao ministro de Fomento na xuntanza do pasado 5 de abril, unha xuntanza de traballo na que trasladou que por suposto o AVE é unha prioridade que aposta por completar canto antes.

Señorías, creo que todos os que estamos aquí estamos de acordo en que as grandes infraestruturas requiren de grandes esforzos, do traballo de moita xente, cartos, proxectos, licitacións e solucionar incidencias e conflitos que hai nas obras. Grandes retos da xestión pública

para resolver — como pasa en todas as obras — atrancos administrativos, xurídicos e tamén técnicos.

Comparto con vostede que é difícil facer obras en Galicia pola orografía que temos. Polo tanto, tamén discrepará comigo desa ministra socialista que comparaba as obras do AVE coas reformas dunha casa. Polo tanto, discrepará con esa ministra socialista como discrepo eu. E todos sabemos tamén, e compartiremos, que é moito máis fácil debuxar en planos que tornar á realidade os planos, ao territorio, e facer as obras.

A estas dificultades técnicas hai que engadir, por suposto, as dificultades e as circunstancias políticas excepcionais que, por suposto, condicionan os calendarios. A situación do Estado no ano 2016 dende logo non contribuíu en nada para impulsar os grandes proxectos e para resolver as problemáticas, e esa incerteza política ten complicado, por suposto, a súa planificación.

O bloqueo e a parálise política afectou o ritmo dos traballos do AVE a Galicia. E por suposto que un Goberno en funcións ten minguada a súa capacidade. Eu creo que seríamos moi ilusos se pensásemos que esa situación de interinidade non ía afectar a ningún asunto. Eu convido a reflexionar comigo e pensar quen puido ser o maior responsable. En calquera caso, o mal está feito.

Na xuntanza do 5 de decembro do ano pasado ao ministro agradézolle que nos falara con claridade do impacto, con honestidade. Axilizaron e identificaron os treitos que tiñan problemas e con determinación desbloquearon 4 dos 5 treitos que estaban bloqueados. Polo tanto, o ministro e todo o seu equipo están a traballar.

Tamén o ratificou o secretario de Estado na última xuntanza na que estiven con eles. Polo tanto, o ministro de Fomento ten feita unha diagnose e comprometeuse a informar sobre as previsións, dando prazos realistas. Dende a Xunta de Galicia non imos renunciar nin darnos por satisfeitos ata que a finalización do AVE estea completa. E tampouco podemos permitir que a execución de certos treitos poida servir de escusa para que non chegue o AVE a Galicia o antes posible.

O ministro de Fomento, nesa liña, ten manifestado o compromiso coa variante de Ourense e coa progresiva modernización tamén da provincia de Lugo, coa variante de Cerdedo. Non podemos esquecer tampouco a mellora da liña ferroviaria de Ferrol. En calquera caso, para chegar a Ourense hai que pasar polo Padornelo, por Cerdedelo, polo viaduto das Teixeiras, e, polo tanto, aí é onde temos que centrar a nosa atención. Eu creo que hai que sumar esforzos e traballar unidos.

E se quere falamos de datas, señor Losada, falamos de datas. O anterior presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, 2012; a data para o AVE, inasumible. E o socialista José Blanco comprometeu o AVE para o ano 2015 sabendo que era totalmente inasumible.

Pola miña parte nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que non esperaba que volveramos trinta anos atrás a un mapa de infraestruturas do ano 1987, señora conselleira. A verdade é que o señor Abel Caballero empeza a ser realmente unha especie de obsesión freudiana. Entendo que se fale del cando se fala das caixas, do transporte metropolitano, da sanidade, do ensino... Pero, bueno, neste tema... ¡Home!, efectivamente, nos mapas de 1987 non había alta velocidade fóra dalgunhas liñas, concretamente a de Andalucía e a propia saída de Madrid cara a determinadas zonas costeiras de España. E, por certo, nos mapas de 1953 non había alta velocidade en ningunha parte, claro. É evidente así.

O compromiso do Partido Popular coa alta velocidade en Galicia e en España vouto ler nunha resolución aprobada nunha proposición non de lei do Congreso dos Deputados, para que vexa o compromiso con datas e con orzamentos: *«El Congreso de los Diputados manifiesta la necesidad de reconocer que las actuaciones planificadas en materia de alta velocidad ferroviaria tienen carácter estratégico para España, por lo que se debe seguir trabajando para su puesta en servicio a la mayor brevedad posible, de acuerdo con las disponibilidades presupuestarias»*. É un compromiso político de primeiro nivel. Eu creo que isto garante a chegada da alta velocidade non só a Ourense, a Galicia, a Vigo e a Lugo, mesmo a Palafrugell, se quere. Perfectamente, un compromiso potente que se di.

¿As grandes infraestruturas teñen problemas? ¡Claro que teñen problemas, señora conselleira! Pero tiñan problemas tamén entre o ano 2004 e o ano 2011, salvo que non lle teña contado vostede ao señor Feijóo que as grandes infraestruturas teñen problemas. Eu vouto ler algunhas intervencións do señor Feijóo. Decembro do ano 2005: *«La Xunta no sabe pedir lo que es nuestro»* —referíndose ao AVE—. Marzo do 2006: *«Galicia será a derradeira comunidade en contar con tren de alta velocidade»* —un profeta do Apocalipse sen ningún fundamento, está ben—. Decembro do ano 2007: *«Feijóo exige un 50 % máis de inversión para o AVE e pide que a conexión coa Meseta estea operativa no ano 2016»*. Setembro de 2008: *«Serei implacable na defensa da chegada do AVE a Galicia e en que se cumpran os compromisos. Ninguén me vai frear na defensa dos intereses de Galicia»*. Ninguén, excepto un goberno do PP en Madrid, que é evidente que o freou.

No ano 2008 os compromisos discursivos do señor Feijóo eran os que eran, pero o Partido Popular en Madrid presentou unha emenda aos orzamentos na que no tramo Ourense-Lubián, da dotación do Partido Socialista, que tiña nos orzamentos para o ano 2009 254 millóns de euros, recortaba un 48 % e deixaba 134 millóns, aproximadamente o 52 %. Iso si, en xaneiro do ano 2009 —xa en véspera das autonómicas— faremos o AVE a Lugo e pasaremos a factura a Fomento. E logo, en maio do 2009, as desculpas xa non valen. Seguían sen valer ata o ano 2011, cando empezaron a valer as desculpas.

E as desculpas cóntollas, señora conselleira. As desculpas foron, por unha parte, as restricións orzamentarias relacionadas coa crise, pero non só foron esas. Foi unha xestión absolutamente nefasta. No ano 2015 —o último ano pechado—, unha execución orzamentaria

por debaixo do 40 %. Por favor, señora conselleira, ¿non lle parece que deberían de reclamar, en aras da transparencia, que os niveis de execución do AVE a Galicia foran públicos en tempo real, como o eran ata o ano 2012? ¿Por que o Ministerio de Fomento sacou esa páxina web ou borrou esa páxina web? Para agochar as súas vergoñas.

E, por certo, o cambio de redución de proxectos e a paralización en teoría vinculada a conflitos coas empresas é outra maneira de agochar o que é unha ralentización obxectiva das obras do AVE no interior da provincia de Ourense. Non quero falar do compañeiro Raúl Fernández, que vive por alí, pero todo o mundo o ve, o sabe, e é moi fácil; salvo que sexa como na Plisán, que tamén hai, polo visto, obras subterráneas. (*Aplausos.*) Eu sei que vostedes son uns expertos nas obras subterráneas, pero, en fin... (*Aplausos.*)

E logo, señora conselleira, mire, o Goberno en funcións podía adxudicar exactamente igual que o Goberno sen estar en funcións. E a proba é que no primeiro semestre do ano 2016 adxudicou 658 millóns de euros para obras de alta velocidade. O problema non é adxudicalas, señora conselleira, o problema chámase executalas.

E, por último, a entrada en Ourense: 17 quilómetros cunha pendente media do 2 %. Todo o mundo sabe —todo o mundo que sabe de alta velocidade— que a pendente máxima para unha liña de alta velocidade é do 1,5 %. Un trazado dos anos corenta-corenta e cinco, e, por certo, unha orografía —se se mantén esa liña— que vai facer que sexa absolutamente imposible manter os tempos. O señor Íñigo de la Serna —cun criterio economicista ao que nos ten acostumados o Partido Popular— dixo que 600 millóns de euros para aforrar 4 minutos. Primeiro, evidentemente, non poden ser 600 millóns de euros porque estaríamos falando de 35 millóns de euros por quilómetro, que non custou nin o túnel de Pajares. Entón, non somos parvos, creo que vostede tampouco e o presidente supoño que tampouco. Cando lles mintan así, por favor, díganlle que lles están mentindo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Díganlle que lles están mentindo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, dende logo, eu non quero ser tremendista. En Santiago de Compostela mantívose a entrada na estación de Santiago pola liña Zamora-Ourense.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate xa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non repitamos erros de trazados que non son para alta velocidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e que poden ter moitos custos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche. Señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, falou vostede primeiro de historia. Polo tanto, de historia eu creo que podemos falar todos. Sobre todo, se vostede introduce o debate á historia, o certo é que Abel Caballero, cando era ministro, parou o AVE en Valladolid.

En calquera caso, sobre a Plisán, eu volvo invitalo —porque xa o invitamos cando tiven ocasión de facer unha visita para ver as obras— a semana que vén. Seguramente vaian o delegado e o director de Vivenda visitar as obras da Plisán. Volvo invitalo porque están en obras e conseguimos resolver eses desaguisados que nos deixaron na Plisán. Polo tanto, hai obras na Plisán, e agardamos comercializar a finais deste ano para que as empresas se poidan instalar canto antes.

En calquera caso, volvendo ao tema das obras da alta velocidade Galicia-Madrid, a min gustaríame deixar claros dous aspectos da alta velocidade coa Meseta. O primeiro, que tanto o presidente do Goberno español como o ministro de Fomento comprometéronse publicamente en reiteradas ocasións co AVE. Teno manifestado en comparecencia o propio ministro, que é plenamente consciente da importancia, e tamén o propio presidente do Goberno nunha entrevista recente. Dixeron palabras e, dende logo, frases clarificadoras do compromiso firme do presidente do Goberno e do compromiso firme do ministro de Fomento. O segundo aspecto, por suposto que a culminación da conexión ferroviaria para o Goberno galego é totalmente irrenunciable. Foino sempre e seguirao sendo.

Somos conscientes de que situacións especiais requiren de esforzos e tamén de medidas excepcionais. A min gustaríame ser prudente e agardar aos próximos días, ás próximas datas, para que directamente o ministro de Fomento, na xuntanza que está prevista, nos informe sobre a previsión do remate das obras do AVE, como se ten comprometido co presidente da Xunta.

Hai que ser prudentes, pero tamén hai que dicir a verdade. Ten habido avances, moitos avances, con gobernos en plenas facultades. En moi pouco tempo desbloquearon 4 treitos dos 5 treitos que estaban bloqueados. Comunicouno o ministro de Fomento e corroborouno o secretario de Estado. Polo tanto, eu creo que demostra claramente que se precisa un goberno con plenas facultades para resolver todas as incertezas.

Estamos seguros de que hai vontade política —está claro que hai vontade política— e tamén as partidas orzamentarias necesarias. Por suposto, o que queremos todos é que Galicia estea

unida por AVE no menor tempo posible. Creo que pode estar tranquilo, que tan pronto coñezamos a data que nos dea o ministro, darémoslla á opinión pública e coñecerá de primeira man as previsións do ministro de Fomento en cano as coñezamos.

A nós non se nos poñen os pelos de punta para falar dos prazos do AVE. A nós non se nos poñen os pelos de punta. Á ministra Álvarez, cada vez que falaba dos prazos do AVE poñíanselle os pelos de punta. Vostede ten un gran arquivo de hemeroteca —se non o ten, eu pásollo—, e a nós non se nos poñen os pelos de punta. Polo tanto, falaremos claramente e con honestidade sobre os prazos do AVE. Non imos enganar os galegos. Queremos valorar a situación, identificar os problemas e pedir e exixir, por suposto, solucións a eses problemas. E dende a Xunta faremos a valoración que corresponda cando coñezamos a data.

Insisto, hai que ser prudentes e agardar ás próximas datas para que o ministro de Fomento traslade a súa previsión. O certo é que se pon de manifesto que un goberno necesita plenas capacidades e plenas facultades executivas para resolver todas as incertezas. O bloqueo político, polo tanto, ten afectado, porque un bloqueo político non é bo para ningún asunto e tampouco é bo para as infraestruturas, e esa situación de interinidade responde a dúas siglas, señor Losada, PS, que poden ser PS Pedro Sánchez ou PS Partido Socialista. Eu, dende logo, así o penso; míreo como vostede queira.

Ademais, quen rescindiu os contratos do AVE a Galicia foi esa ministra socialista, aí están os datos. Foi realmente unha ministra socialista quen rescindiu os contratos do AVE a Galicia. O ministro de Fomento veu ratificar ese compromiso co AVE, insistiu en declaracións públicas, certificou tamén no Congreso a súa comparecencia. E nós non nos imos conformar, señor Losada, ata que o AVE chegue a Ourense dende Madrid en dúas horas e cuarto e ata que o AVE chegue á Coruña en tres horas e cuarto. ¡Non nos imos conformar! O que queremos é que os galegos disfruten das vantaxes da redución de tempo canto antes, Por iso non nos imos conformar. Estaremos atentos e vixiantes.

E pídolle responsabilidade para que o Goberno do Estado teña un orzamento no ano 2017. E unidade, unidade, porque non debemos esquecer que a fortaleza dun pobo reside na súa capacidade de unir vontades e unir esforzos, porque a unidade, dende logo, fai a forza. Polo tanto, así o agardamos.

Estamos de acordo en que Galicia está a demandar por xustiza, porque lle corresponde, unha conexión ferroviaria en prazo, un tren de calidade, un tren con beneficios económicos e sociais e un tren que nos dea máis oportunidades de desenvolvemento a todos os galegos.

Por iso solicitamos colaboración, que estea completa canto antes. Teñen vostedes a oportunidade de demostrar o seu compromiso con Galicia, e agardamos que os presupostos do ano 2017 do Estado se poidan aprobar canto antes.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quixera comezar a miña intervención cunha reflexión simple, pero que coído necesaria, para enmarcar o tema que hoxe nos ocupa. Todos os asasinos machistas e maltratadores que tinguen de negro a vida de miles de mulleres no noso país foron á escola. As mulleres que padecen violencia, tamén. Tendo en conta a media de idade dos mesmos —que cada día é menor— podemos puntualizar máis: todos e todas elas foron á escola en democracia, baixo un modelo educativo que di defender a igualdade e a non discriminación entre as persoas por motivo de sexo, idade, raza, lugar de procedencia, orientación sexual ou calquera outra condición persoal ou social. É máis, hai moitos rapaces que estudan hoxe nos centros educativos galegos que inflixen e inflixirán violencia a mulleres. E hai rapazas que se sentan nas aulas das nosas escolas que xa son vítimas de relacións afectivo-sexuais nocivas e violentas tristemente normalizadas.

¿Fai a escola o suficiente para reverter esta realidade? Parece que non. Mesmo a señora Prado recoñecía onte que algo estaremos facendo mal. Algo se estará facendo mal dende a consellería. Nós pensamos que, malia os avances formais e lexislativos en materia de igualdade, malia o esforzo que fan moitos docentes por impulsar a ollada violeta, o sistema educativo non é alleo ao sistema heteropatriarcal dominante, no que o machismo o impregna todo. Deste xeito, a escola non está desenvolvendo todo o seu potencial transformador, quedando en moitos casos como unha institución unicamente ocupada na transmisión de coñecementos.

Sen embargo, dende En Marea pensamos que cómpre atender os colexios como espazos de especial protección e relevancia no que á educación de homes e mulleres en valores fundamentais como a igualdade e o respecto se refire. Temos nas nosas mans a posibilidade de facer da escola un lugar no que o valor da igualdade se sitúe no centro, no que formar os homes e as mulleres de mañá para dotalos das ferramentas necesarias para impugnar un sistema inxusto.

Cando falamos das violencias machistas, hoxe case ninguén discute que esteamos ante unha cuestión de Estado que nos atinxe a todas e a todos como sociedade e que require dun plan global contra as múltiples formas de violencia machista e a súa versión máis extrema, como son os feminicidios; un plan global que faga fincapé en políticas preventivas. E neste eido é indiscutible que a escola debe ser un pilar fundamental, porque, do mesmo xeito que se aprende o machismo, a igualdade tamén se pode aprender e tamén se pode ensinar.

Din as expertas na materia que como pasa coa aprendizaxe das linguas, que —como é sabido— é moito máis doada nas idades nas tempranas, antes de que o cerebro madure, e se

vai dificultando co paso dos anos, tamén os modelos e expectativas sociais máis básicos se aprenden mellor nos anos máis novos. Deste xeito, tanto o sexismo como a igualdade, unha vez aprendidos na infancia, tenden a manterse, actuando como unha segunda pel. Por iso dicimos que a construción dunha cultura a prol da igualdade debe partir das aulas.

Lamentablemente, hai numerosos datos que nos alertan de que a materia da igualdade segue a ser un asunto pendente; algúns xa se comentaron onte. Segundo a Macroenquisa española da violencia contra a muller do 2015, o 21 % das mulleres menores de 25 anos que tivo parella foi vítima de violencia machista, fronte ao 9 % do total, se non diferenciamos por idade. Non só iso, senón que estudos cualitativos recentes sobre a violencia machista entre adolescentes amosan como a relación entre ciúmes e amor está cada vez máis asimilada e interiorizada. Do mesmo xeito, posto que as mozas creceron nun ambiente de aumento de dereitos para as mulleres, non conciben a existencia de violencia machista no seu entorno, vivindo no coñecido como «espellismo da igualdade», que lles fai pensar que xa non hai diferenzas fundamentais entre a situación que viven homes e mulleres, o que dificulta aínda máis a detección de situacións de desigualdade e a posibilidade de loitar contra elas.

Outro dato. Segundo o Observatorio Contra a Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, de 2012 a 2016 os menores xulgados por violencia machista aumentaron nun 42 %. ¡En catro anos aumentaron un 42 %! Sen embargo, lonxe do que cabería esperar, os recursos destinados á loita contra as violencias machistas non aumentan, senón que, baixo a escusa da crise económica, o mantra neoliberal da estabilidade orzamentaria e a contención do gasto, vimos acumulando unha serie de recortes severos. E dicímolo sempre: en política, o compromiso demóstrase co orzamento; para facer políticas igualitarias, fai falta diñeiro.

Pero non soamente falamos de recortes orzamentarios, senón de decisións políticas acordes cunha ideoloxía claramente conservadora, cando non claramente machista. Podemos falar, por exemplo, do financiamento con diñeiro público de concertos educativos con centros que segregan o alumnado por razón de sexo —¡un auténtico atentado contra a educación en igualdade!— que vostedes insisten en manter. Ou lembrar a supresión da demonizada e malparada Educación para a cidadanía, que usaron do xeito electoral máis vergoñento e que tiña entre os seus obxectivos a integración de contidos específicos a prol da igualdade nos cursos nos que a xente máis nova comeza a ter as súas primeiras relacións de parella. Obxectivo parcialmente reivindicado na materia de Igualdade de xénero proposta polo seu goberno hai uns meses.

Non me malinterpreten. Rectificar, aínda que sexa tarde e parcialmente, é de persoas sabias. A fin de contas, e aínda que non o digan, parece que aquela asignatura tan mala non era, se non, non reivindicarían os seus contidos agora. O triste é que, de dous pasos cara atrás, só se recupera medio para diante, porque avanzar así é realmente complicado.

Deteñámonos un momento nesta materia. Como dicía, trátase dunha materia de novo cuño que leva apenas uns meses implantada no sistema educativo. Como nós non imos facer o mesmo que fixeron vostedes, non nos imos posicionar en contra de medidas simplemente porque veñan da súa man, comprenderán que son moitas as dúbidas que temos respecto á mesma, preguntas que agardo poida contestarme na súa quenda de réplica.

Por exemplo, é necesario saber cantos centros escolleron no presente curso a devandita materia de igualdade de xénero; cantas alumnas e alumnos a están cursando neste ano; a que se debeu o enorme atraso na oferta da mesma, que implicou que moitos centros xa tiveran pechada a súa planificación e non puideran solicitala.

¿Consideran adecuado o labor de difusión que se fixo sobre a mesma para que de feito a solicitaran os centros? ¿Que formación ten o profesorado encargado desta materia? ¿Cantas horas implica? ¿Quen elaborou o programa? ¿E os materiais? Miren que son preguntas ben concretas, e se non as apuntan.... Non sei exactamente quen me vai contestar despois, pero o certo é que ninguén está tomando nota. Se non as anotan, despois vai ser difícil poder contestar a elas. E unha máis: ¿considera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, rexistrada... Agora teño máis preguntas que as rexistradas, se é que lles interesa. Unha máis: ¿considera que a igualdade debe ser unha materia optativa? E o máis importante de todo: ¿unha materia optativa que centros, pais e alumnos escollan libremente?

Xa lle adianto que para nós non. Para o Grupo Parlamentario de En Marea a aposta pola igualdade non é algo opcional que poidan escoller os pais en función das súas crenzas ou os colexios en función da súa orientación ideolóxica, nin os alumnos, senón o único camiño para loitar contra todas as formas de violencia machista e discriminación que sufrimos as mulleres, imprescindible para unha sociedade xusta e digna de tal nome. Por iso consideramos claramente insuficiente a proposta de materia que fixo a Consellería.

Pero hai máis. Se revisamos as actuacións da Consellería en materia de igualdade nos centros educativos, debemos facer referencia a dous grandes anuncios propagandísticos. En primeiro lugar, ao primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020; plan que inclúe unha memoria económica na que se di que non é posible establecer unha cuantificación singularizada dos recursos económicos destinados á execución do mesmo, o que é tanto como dicir que imos falar moito e facer pouco, porque —como dicía antes— as políticas feministas, as políticas de igualdade, señores e señoras do Partido Popular, custan diñeiro.

En segundo lugar, hai que facer referencia aos plans Proxecta. ¿Que dicir do Plan Proxecta? Se nos fixamos na definición que a propia Consellería fai do mesmo, atopámonos con que se trata dunha iniciativa, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que desenvolvan competencias claves do eixo do currículo e elementos transversais como a educación en valores. Efectivamente, entre eles situaron a igualdade, con dous programas coordinados coa Secretaría Xeral de Igualdade. Falo do «Donas de si» e o de «Por 365 días de respecto e igualdade». O que non anunciaron tanto é que se trataba de proxectos moi limitados, tan limitados que o de 365 días de respecto e igualdade só podían solicitalo dez centros en toda Galicia. ¡Dez centros en toda Galicia! ¡Isto si que é unha aposta decidida a prol da igualdade!

¿Pode dicirnos por que soamente foron 10? Porque verán, o número parecíame tan ridículo que, revisando cantos centros cubrían outros Proxecta, comprobei que, mentres se cifran en 10 o número de escolas no país que se deben ocupar da violencia machista, hai 40 que poden falar de metodoloxía, ou 48 que poden falar do que facemos aquí hoxe, do Parlamento, que

está ben, pero claro, se tiveramos que escoller entre que é máis prioritario, falar do que facemos dentro do Parlamento ou loitar contra a violencia machista, pois nós non estamos de acordo coa súa prelación.

Por iso nos xorden varias preguntas: ¿a cantos colexios se lles negou a posibilidade de ter un Proxecta para loitar contra a violencia machista?, ¿cales foron os criterios?, ¿canto custa cada un deses proxectos?

Para o Grupo Parlamentario de En Marea é incomprendible que se diga que non a centros que queren apostar decididamente por un proxecto contra a violencia machista. Estas negativas son o máximo exemplo da súa política contra o machismo. A consigna é clara: fagamos pouco, pero que pareza que fixemos moitísimo, tan característico do seu goberno. Como fan no caso da violencia contra a comunidade LXTBI: leis, protocolos, pero cando teñen que votar para retirar lixo homofóbico das aulas, fano en contra, como fixeron hai apenas uns días. ¡Xa se sabe que falar sae gratis!

Sen embargo, nós non nos resistimos a aceptar que se siga desaproveitando o potencial transformador que ten a escola, porque, como dixo Nelson Mandela, a educación é a arma máis poderosa para transformar o mundo. En xogo, unha sociedade mellor para todas e para todos en igualdade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Señora Chao, eu creo que, despois do acordo que houbo hoxe nesta Cámara, o seu discurso está un pouco desenfocado. Desenfocado porque, se algo demostrou o acordo que acabamos de ter nesta Cámara, é que a loita contra a violencia machista é algo que nos debe unir a todos, é algo que non entende de color, non entende de ideoloxías, non entende de clase social, non entende —digamos— de diferenzas, senón que é algo que en certa medida ten que unir o conxunto da sociedade.

Non é un problema social nin sanitario nin educativo especificamente. É un problema social, é unha lacra social que atinxe a diferentes ámbitos da sociedade e ás familias; por suposto, tamén ás familias. En definitiva, creo que a súa visión está un pouco desenfocada, sobre todo cando queda aquí trasladado a esta sede que hai como unha especie de ideoloxías machistas e outras ideoloxías non machistas.

Creo que na súa exposición —valente e atrevida— foi pouco prudente, porque vostede sabe que eu lle podería sacar aquí algunhas referencias —que non vou facer— dalgunhas ideoloxías políticas moi próximas a vostede que, obviamente, os seus propios membros se definen dun xeito que vostede tamén coñece e eu non o vou facer. Co cal, creo que ese é un erro que vostede ten. Non sei se é un erro persoal ou é un erro —digamos— partidista, da súa

formación política, pero debería ser máis prudente nas súas afirmacións.

Podemos entender que vostede lle pida máis acción en calquera ámbito, no educativo, no sanitario, no xudicial, en calquera ámbito, a unha administración pública. Entendémolo. E todos somos conscientes de que sempre se pode facer máis en todos os ámbitos. Pero eu creo que, con humildade, no ámbito educativo, no ámbito do servizo público educativo, estase a traballar nesta materia creo que a un bo ritmo. Creo que os datos están enriba da mesa e non a van sorprender, creo que non a sorprenderán, pero si terá que buscar algunha argumentación menos de libro, menos de manual, para poder soste as súas afirmacións no turno de réplica.

Eu direille que, obviamente, esta consellería, xunto coa Secretaría Xeral de igualdade —como non pode ser doutro xeito—, compartimos obxectivos. Estamos ante un asunto complexo, ante un asunto que ten moitas ramificacións, un asunto social, absolutamente social, e non esqueza vostede, non esquezamos ninguén, que o sistema educativo ten no seu seo os alumnos, os nenos e as nenas, unhas horas ao día, pero o resto están na sociedade, o resto están na familia, o resto están recibindo mensaxes colectivos, e non temos que focalizar só no sistema educativo unhas cuestións que, entendidas por todos e compartidas por todos, teñen que estar no colectivo e teñen que estar na visión xeral da nosa sociedade. (*Aplausos.*) Temos que ter, pois, unha visión integral.

Vostede citou un plan. Hai moi pouco tempo eu tiven a sorte, en setembro, hai poucos meses, de presentar —xunto co vicepresidente da Xunta— un plan pioneiro, o I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia co horizonte 2020. É un plan que, obviamente, ten un obxectivo: fomentar unha sociedade máis xusta, máis igualitaria, a través da formación e a educación dos nosos nenos. Creo que aí estaremos de acordo.

Ten unha serie de obxectivos, case cen accións específicas de concienciación e formación que, dalgún xeito, están orientadas a que a inmensa maioría dos alumnos do noso sistema educativo —380.000— se involucren, teñan constancia e teñan coñecemento —tamén o profesorado, por suposto— de que é necesario loitar contra algo que é unha lacra e que todos entendemos que é unha lacra. E para iso facemos unha serie de materiais didácticos, materiais de formación, e tamén cursos de formación para o profesorado, cos que o que queremos é concienciar.

¿Cales son os puntos vertebrais deste plan? O primeiro, partir de que a igualdade de xénero é un coñecemento transversal. Nun currículo ou nun estándar académico hai o coñecemento puro, pero hai coñecementos transversais que son valores. O coñecemento, por exemplo, no respecto medioambiental; o coñecemento, por exemplo, no combate contra a violencia de xénero, son coñecementos transversais, están en todos os currículos académicos. En calquera asignatura que se utilicen, en calquera libro de texto que vostedes poidan manexar, eu recoméndolle ou pídolle que colla calquera libro de texto de primaria ou de secundaria e verá como a loita contra a violencia de xénero e a igualdade entre homes e mulleres está sempre presente en todos os currículos de xeito transversal, como eixe transversal que dun xeito canaliza a forma de explicar calquera materia a través de valores básicos para o conxunto da sociedade. Este está en todos os currículos e en todos os estándares educativos, e é un punto básico que, dalgún xeito, está neste plan e que estamos levando a cabo.

Por suposto, un segundo punto é a construción dunha sociedade igualitaria.

Un terceiro é acadar o que denominamos obxectivo violencia cero, e non só nas aulas, non só nas aulas, senón na sociedade.

Por último, tamén educar na integración plena de todas as persoas, por encima da súa opción afectiva ou sexual.

Tamén citou vostede un documento ou unha asignatura que entendemos que é importante, que é a asignatura de Igualdade de xénero. Por primeira vez se implanta en Galicia neste ano, é de libre configuración. E non debemos estar tan desenfocados cando Galicia é a segunda comunidade autónoma que a ten en España.

Só hai dúas comunidades autónomas que a temos en España, e Galicia é unha delas. Este ano fíxose de xeito inicial en 24 centros de primeiro e segundo da ESO. Dalgún xeito, estas son asignaturas que van avanzando progresivamente, e direille que os seus contidos, señora Chao —aínda que non tomei nota das súas preguntas—, son feitos por profesionais, vencellados tanto co mundo da igualdade como co mundo educativo. Para a súa tranquilidade, son contidos que son públicos, están na rede, están nos centros educativos, e basicamente están orientados a definir os conceptos principais do xénero e da igualdade e tamén as relacións de convivencia e afectividade. Fan tamén referencia á historia da discriminación da muller en todos os ámbitos, e tamén plantexan a violencia machista como un obxecto ou como unha consecuencia da discriminación.

Tamén —algo que non citou vostede— se está traballando para implantar un ciclo formativo de grao superior, no ámbito da Formación Profesional, con perspectiva de xénero. Algo que tampouco citou vostede, e que tamén é moi importante, é todo o que ten que ver coa materia de formación do profesorado nesta materia. Hai moitísimas accións de formación de profesorado orientadas á xestión da violencia de xénero nos currículos educativos

Vostede si citou o Plan Proxecta. O Plan proxecta debe vostede saber que está dentro dunha estratexia máis ampla; está dentro da Estratexia galega de convivencia escolar. Temos o Plan Proxecta e temos o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

No caso concreto do Plan Proxecta, temos dous plans Proxecta coa secretaría xeral, que chegan a aqueles centros que desenvolven iniciativas educativas pioneiras e de innovación educativa neste ámbito, e que posibilitan pór en marcha proxectos que involucran o conxunto do centro. Son solicitados polos centros, e neste caso temos dous. Temos un que vostede citou: «Por 365 días con respecto e igualdade», de prevención da violencia de xénero no ámbito educativo, que basicamente a súa orientación é que todo o centro traballe na eliminación dos estereotipos sexistas. Ee tamén o proxecto «Donas de si», que basicamente é poñer en valor a importancia que tiveron as mulleres, en diferentes ámbitos, na construción de Galicia: no ámbito cultural, económico, produtivo, etc.

Outra cuestión na cal estamos traballando, na que tamén fomos pioneiros tanto no eido administrativo como a nivel autonómico, foi a posta en marcha dun protocolo educativo para

garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero no ámbito educativo. Este fixémoslo coas asociacións e cos colectivos, e basicamente ao que estaba orientado é a que os centros educativos —con independencia da orientación e da proposta sexual de cada neno— teñan unhas ferramentas que dalgún xeito permitan a todos os alumnos —con independencia do seu xénero— poder desenvolver a súa actividade sen ningún tipo de problema, respectando sempre a igualdade, respectando a pluralidade, respectando a diferenza e fomentando sempre o respecto.

Falou vostede tamén da coeducación. A coeducación é educar en valores, en oportunidades, en respecto e no trato a persoas, e eu creo que é unha afirmación moi gratuíta e que falta á verdade —sobre todo para os centos de miles de profesionais que todos os días traballan no sistema educativo— dicir que non hai un sistema coeducativo que respecte os valores, que respecte a igualdade, que respecte a inclusión, que respecte a diversidade. Os miles de profesionais que todos os días traballan estarían sorprendidos cando vostede plantexa que non existe un sistema coeducativo que fomente os valores.

En todo caso, volto xa ao inicio para rematar. Sería bo, sería moi bo, sobre todo despois do acordo ao que acabamos de chegar hoxe aquí, nesta Cámara, non caer na tentación de pensar que o sexismo ou a violencia machista se poida erradicar só a través do sistema educativo; sería un erro. Tamén sería un erro pensar que o sistema educativo ten que estar á marxe desta loita. Temos que abrir o foco, temos que pensar que esta é unha loita que temos que afrontar todos, o conxunto da sociedade en todas as variables: os responsables políticos nas súas declaracións, os medios de comunicación, as redes sociais...

Estamos todos, e somos todos conscientes de que temos que implicarnos e de que isto ten que ter unha visión integral; que todos somos corresponsables, que estamos ante un problema social —e tamén familiar en moitas ocasións—, e que dende o sistema educativo público galego estamos facéndoo, estamos traballando e estamos poñendo en marcha diferentes iniciativas. Por suposto que temos que seguir traballando e seguir mellorando, pero, en todo caso, creo que o balance —especialmente comparativo con outras comunidades autónomas— é para pensar colectivamente que estamos na boa liña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor Román, dez minutos para respostar a un montón de preguntas concretas e non o fixo. Vostede saberá por que, pero o certo é que tiñamos preguntas concretas e non o fixo.

Vostede pide prudencia. Eu soamente pido que cumpra coa súa obriga, que é respostar as preguntas da oposición, nada máis e nada menos, porque, que eu saiba, o conselleiro de Educación é vostede. Se nós temos preguntas, tócalle a vostede respostalas. Dixéronnos que niso consiste unha interpelación. Se non é así, igual mo pode explicar na súa réplica.

Se non respostan a ningunha das preguntas que lles formulamos, como entenderá, é realmente difícil ter un debate parlamentario serio. Podemos discutir, podemos mesmo facer o que fixo vostede, que foi poñer na miña boca cousas que non dixen, porque, obviamente, temos miles de profesionais comprometidos coa igualdade, pero o que estamos reclamando é que isto non dependa da vontade dos docentes, que, obviamente, na maior parte dos casos é positiva, senón que ten que responder a un plan da súa consellería, non ao tempo e ás capacidades que teñan os docentes. É diso do que estamos falando.

Ten aínda unha segunda quenda, entón, como antes non as apuntou, igual agora quere apuntar algunhas preguntas que deixou sen responder. E tamén aclarar unha cuestión. Dixo que a asignatura se impartía en 24 centros. Eses non son os datos que nos fixeron chegar a nós os profesionais que a imparten, polo que coido que algo falla. Pero, aínda así, voulle conceder que sexan 24 centros —aínda que me sorprendería que os sindicatos quixeran mentir respecto do número de centros nos que se impartía, pero imos pensar que foi un malentendido e que ten vostede razón—. ¿Parécelle suficiente 24 centros para toda Galicia nos que se imparte esta materia? ¿Parécelle que é como para dicir: ¡carai!, ¡temos feito moitísimo!? Nós pensamos que non, sobre todo porque está vostede sacando peito de que a educación en igualdade sexa unha materia optativa e non obrigatoria e transversal.

Vinte e catro centros. ¿Cantos alumnos e alumnas supoñen que estean estudando esa asignatura? Tampouco me respondeu a que se debe o enorme retraso na oferta desta materia para que se puidera planificar nos centros. Tampouco sei se considera adecuado o labor de difusión que se fixo sobre a mesma nin que formación específica ten o profesorado nesta materia nin cantas horas implica esa formación.

¿A cantos colexios se lles negou a posibilidade de ter un proxecto para loitar contra a violencia machista? Para nós isto ten moita importancia, e tampouco o dixo. Igual considera que son suficientes 10 centros que traten a violencia machista nun plan Proxecta. Nós consideramos que non.

Pero non se preocupe, non toma nota, ímolo repetir por escrito, a ver se así temos máis sorte e nos contestan. Claro que eu penso que hai silencios ben elocuentes, e que non queiran dicir cantos nenos e nenas estudan en Galicia a materia de igualdade de xénero, nin que formación específica teñen os docentes para impartir esa materia, nin a cantos centros se lles negou a posibilidade de ter un proxecto para loitar contra a violencia machista, é máis que un síntoma.

Pois ben, xa que vostedes non o din, dirémolo nós. Este Goberno negou un proxecto contra a violencia machista a mais da metade dos solicitantes, e que teñamos constancia, hai menos de dez centros en todo o país nos que se está impartindo a comentada materia, por iso digo que os datos non coinciden.

Vostedes están satisfeitos. Nós pensamos que con estas cifras é difícil estar satisfeitos. Como esperaba, falou vostede de normas e de protocolos, e temos que insistir: o problema non é de normas, senón de compromiso, orzamento e eficacia das mesmas.

Establecer unha normativa en igualdade no sistema educativo sen obrigar á formación dos e das docentes é papel mollado. As escolas e institutos non son unha illa para a igualdade, senón unha parcela chave na que o patriarcado se asenta e reproduce. Por iso vimos falar aquí do ensino, aínda que vostede considere que teña que ser algo transversal, obviamente. Hoxe falamos de ensino, outro día falaremos doutra cousa.

Nelas teñen eco estereotipos machistas. Ensínanse as importantes xestas realizadas por homes — ¡sempre por homes! — e fórnense os roles de xénero modelando expectativas diferentes para nenos e nenas. Por iso pensamos que é nas aulas onde hai que actuar con máis contundencia. Non só en dez centros do país, senón en todos eles; non só entre a mocidade de primeiro da ESO, senón en todos os cursos. Non só como algo optativo, senón como materia obrigatoria, de xeito que a formación en igualdade sexa un verdadeiro pilar do sistema educativo.

Para o Grupo Parlamentario de En Marea a difusión dos valores e a defensa dos dereitos humanos na escola é básica para a consolidación dun espírito democrático, e é básica para avanzar na sociedade libre de violencias machistas que ansiamos conseguir.

A día de hoxe, o noso sistema educativo carece dos medios e ferramentas necesarias para poder facer realidade as tarefas encomendadas pola lei integral contra a violencia de xénero. E non o digo eu, non vaia despois dicir que o dixeran eu, senón que son as conclusións das primeiras xornadas educativas para previr a violencia machista. Queda, polo tanto, moito que facer no que oxalá sexamos quen de acadar o máximo consenso posible. Claro que sen contestar as nosas preguntas, e votando en contra de retirar das escolas lixo machista homofóbico, igual é difícil.

Dicía onte o vicepresidente que o intentan. Pois imos crelo, pero, por favor, ¡intentémolo un pouco mellor! O reto non é menor, temos entre mans construír ese outro mundo posible dende a escola. Por iso pensamos que a escola é o pilar fundamental. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, demandaba vostede un debate parlamentario serio. Obviamente, nós é o que facemos sempre. Pero un debate parlamentario serio ten unhas regras, ten unhas normas. Se vostede formula nunha iniciativa unhas preguntas e despois fai outras, entenderá que iso non é serio, e claro, vostede vén aquí, plantexa unhas preguntas por escrito na súa iniciativa, e despois plantexa outras. E despois, cando se lle responde, non lle gustan os datos, cuestiónaos.

Pois mire, ¡que quere que lle diga!, así dificilmente teremos un debate serio con vostede. Vai ser moi difícil que cheguemos a entendernos, porque se me fai preguntas que non están dalgún xeito na iniciativa, entenderá que o Goberno, ou calquera comparecente, ten que responderlle a esas preguntas. Nós respondémoslle sobre que estamos facendo. Respondemos

que temos un plan, unha asignatura, uns plans proxecta. Respondemos máis cousas, como o programa de formación do profesorado, que vostede o obviou; respondemos tamén sobre os protocolos que temos en marcha. A vostede todo iso non lle gusta. Bueno, non hai moito que facer. Pero hai unha cuestión que é fundamental, señora Chao, e é que estamos falando en educación de contido transversal, e iso é fundamental.

A educación nun valor, como pode ser a igualdade de xénero ou o respecto medioambiental ou calquera outro valor, non se aprende só nunha asignatura concreta, como se fora matemáticas ou bioloxía. E é que en matemáticas ou en bioloxía se pode aprender respecto medioambiental ou se pode aprender e interiorizar a loita contra a igualdade de xénero, o que se chaman coñecementos transversais. E vostede cuestiona moito unha asignatura que se puxo en marcha aquí de xeito pioneiro, xunto con outra comunidade autónoma, este ano en Galicia. Pois mire, hai quince comunidades autónomas que non teñen nada, quince comunidades autónomas que non teñen nin unha soa referencia específica á violencia de xénero. ¡Home! eu son consciente, ¡faltaría mais!, de que sempre é necesario mellorar en todo: en matemáticas, en lingua, en calquera cousa sempre é necesario mellorar, en infraestruturas, en dotacións e en equipamentos, pero non nos diga que non facemos nada porque noutras comunidades autónomas non hai absolutamente nada feito.

E ten vostede tamén, señora Chao —e dígollo con todos os respectos—, unha certa vocación de intentar descubrir o Mediterráneo coas súas palabras, parece que están descubrindo o Mediterráneo.

Mire, un célebre compositor checo dicía que a mellor educación é o exemplo, que non hai máis educación que o exemplo. E creo que neste ámbito, cando falamos de valores e falamos dalgún xeito da formación humana, é fundamental o exemplo.

O sistema educativo dá exemplo de ter interiorizado a necesidade de loitar contra esta lacra no sistema educativo de múltiples maneiras, con independencia de que a vostede lle parezan poucos centros ou moitos, non imos discutir iso. O exemplo, iso é moi importante. Vostede ao mellor pensa que o sistema educativo é unha especie de «ministerio de la verdad», onde podemos inculcarlles aos alumnos o que queremos dende a nosa ideoloxía particular, e non debe ser iso. O sistema educativo ten que educar en liberdade, en coñecementos nas diferentes áreas de coñecemento, e tamén en valores, pero sempre sen utilizar o sistema educativo como unha fábrica de enxeñería social. Iso é algo fundamental que temos que ter en conta, e algo que normalmente a esquerda sempre intenta utilizar, coartando a liberdade do sistema educativo ou intentando monopolizar ou fragmentar todo o que ten que ver co sistema educativo.

Por iso insisto no exemplo, e neste ámbito concreto hai moitos exemplos no conxunto da sociedade que están favorecendo ou prexudicando a igualdade de xénero. Nos medios de comunicación, nalgunhas ocasións, hai programas que son lamentables, é certo. Redes sociais, declaracións de políticos, de altísimos políticos; e non vou dicir nomes para que vostede non se ofenda, pero sabe perfectamente a quen me refiro, moi próximo a vostedes, desde o punto de vista ideolóxico.

Creo que a educación en valores que se realiza é unha educación que está orientada a formar persoas, a formar individuos, a crear —como xa dicía Sócrates— bos cidadáns. Co cal creo

que, dalgún xeito, iso de pensar que todos os días se descubre o Mediterráneo e que antes de nós non existía nada, lévaos por un camiño moi erróneo.

En todo caso —xa o dixen antes e repítoo—, sería un erro, é un erro, pensar que a solución para a violencia machista está só na educación, e tamén sería un erro pensar que a educación ten que estar á marxe disto. E nós en Galicia —humildemente, creo— estamos traballando en diferentes ámbitos para que a loita, a concienciación, a visión social neste ámbito, estea claramente tamén no sistema educativo, e estámolo humildemente conseguindo coas accións que estamos impulsando. Estamos traballando creo que cunha nota media boa —non vou dicir sobresaínte, pero cunha boa nota media— en diferentes cuestións: en atención á diversidade, en inclusión, en igualdade e non discriminación por razóns de sexo e en convivencia. Vostede saberá —espero que o saiba— que o ano pasado a Consellería fixo unha macroenquisa no eido educativo, onde houbo máis de 200.000 persoas que responderon a esta macroenquisa, e dicía esta macroenquisa que máis do 80 % dos consultados percibían ou apreciaban que en Galicia non había un gran problema de convivencia. Máis do 80 % dos profesores, pais, alumnos, percibían que non hai un problema de convivencia nos centros educativos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Agora, o que nós temos que trasladar neste ámbito e que é necesario seguir mellorando e que debemos traballar todos xuntos contra unha lacra social e colectiva que xera enormes problemas á metade da sociedade. Temos que ser conscientes diso. E damos mostra que o sistema educativo é un problema que nos ocupa e que nos preocupa.

Pero tamén lle digo con toda franqueza que, se non nos concienciamos todos de que isto é un problema social, un problema colectivo, un problema que non distingue nin cores, nin ideoloxías políticas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...nin clase social, nin distribución xeográfica da poboación, sería un erro. Non caia nese erro, señora Chao. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego para Galicia respecto da revisión do modelo de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Seguimos discutindo sobre o financiamento autonómico, e de entrada eu quero resaltar que seguro que temos algunha coincidencia. Estamos falando do soporte das actividades principais da Xunta de Galicia: da sanidade, da educación, dos servizos sociais, das infraestruturas. É disto ao final do que estamos discutindo. Polo tanto, é un debate que ten unha enorme importancia, máxime alí onde o peso do gasto público sobre o PIB, do gasto público autonómico, é máis alto, como sucede na nosa comunidade.

No último ano liquidado, o ano 2014, de 7.000 millóns aproximadamente que representou o financiamento autonómico *stricto sensu* para Galicia, competencias homoxéneas, é aproximadamente o 70 % do gasto total, pero está por riba do 80 % moi claramente cando estamos falando do gasto non financeiro. Polo tanto, isto é o corazón, o núcleo financeiro, o soporte de toda a nosa actividade.

O modelo do 2009 había que revisalo no 2014, e non se fixo. Montoro abriu unha porta e a continuación pechouna. Por motivos, en fin, que poden ser entendíbeis. É dicir, non estaba a Administración central no momento mellor, desde o punto de vista financeiro, para poder afrontar as demandas das comunidades, e ademais existía o que eu tendo a chamar o desafío dunha parte da sociedade catalá —nese caso do seu goberno—, que dificultaba que puidera haber unha solución razoable para isto.

Hoxe estamos nunha situación un pouco diferente, sobre todo no plano económico-financieiro, porque é unha recuperación que se traslada aos ingresos públicos e que debería permitir unha marxe un pouco maior. Non no plano político, onde seguimos tendo a dificultade que ilustra perfectamente a ausencia do presidente de Cataluña na última conferencia de presidentes, polo tanto, aí segue existindo esa dificultade.

Está avanzada a negociación, formato dunha comisión de expertos; paréceme que isto reforza ter que contar coas comunidades autónomas. Había unha tentación de resolver no Congreso dos Deputados, un pouco a espalda das comunidades, o novo modelo do financiamento autonómico. Eu creo que isto está ben que non sexa así, que as comunidades sexan desde o principio activas e teñan un papel decisivo na conformación do modelo, por máis que finalmente —como xa ocorreu anteriormente— isto teña que ser transformado en lei a través dunha decisión do Congreso dos Deputados, pero que previamente as comunidades estean de acordo.

A previsión é rematar este ano. Eu espero que iso indique que os resultados financeiros —que espero positivos— sexan aplicables tamén desde o 1 de xaneiro do ano 2017, porque iso ía permitir que xa nos orzamentos deste ano, polo menos na súa liquidación, a Comunidade Autónoma dispuxera de máis recursos, iso sería bo para todos. Xa sucedeu no ano 2009, que a negociación pechouse tarde, a lei no Congreso dos Deputados aprobouse en decembro, pero aplicouse desde o 1 de xaneiro.

E recordando o 2009 —dicióo onte—, aportáronse once mil seiscientos e pico millóns en tres exercicios, 2009, 2010 e 2011, que é unha cifra que naquel momento o presidente da Xunta de hoxe e daquela considerou suficiente, pero que, vista desde hoxe, menos mal. Sobre todo porque a caída das variables fiscais, que afectou moito ao financiamento autonómico, sen esta inxección de recursos daría resultados dificilmente dixeribles.

Onte dicíame o portavoz do Partido Popular: non fale vostede de cifras. ¡Pero é que é inevitable falar de cifras, porque cambia por completo a negociación! Fíxense vostedes, se o Goberno de España decide non aportar un euro adicional, se decidira iso, a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico significaría un xogo de suma cero. Polo tanto, aquela comunidade autónoma que gañase, sería a custa doutra comunidade autónoma. Difícilmente, nun formato multilateral, isto vai producir o mínimo consenso. Polo tanto, seguramente estaríamos de novo diante dunha ocasión fallida. E eu non estou pedindo que se coloquen 12.000 millóns ou 11.600 millóns outra vez, pero estou dicindo que é necesario que exista algún compromiso por parte do Goberno de España para incrementar os fondos do financiamento autonómico, se non, non vai ser posible articular un consenso que permita ir a un modelo novo. En segundo lugar, seguramente nesas condicións sería absolutamente imposible que mellorase a posición de Galicia, en termos absolutos ou relativos.

O presidente da Xunta non quixo mollarse, pero espero que vostede teña a capacidade de ir un pouco máis alá e nos adiante algunha cifra. ¿Canto considera razoable, señor conselleiro, que —nas actuais circunstancias— poña sobre a mesa o Goberno de Rajoy para afrontar este debate do financiamento autonómico que nos vincula a todos? ¿A metade desa cifra de 11.600 millóns?, ¿toda a cifra?

Díganos algo sobre ese horizonte financeiro, porque sería extremadamente importante saber que lle demanda Galicia ao sistema. Cando nos queixamos da insuficiencia de recursos para algunhas cousas, estamos dicindo que hai un desequilibrio vertical que debe colmar o Goberno central. Se non é así, é bo sabelo. Pero, en todo caso, eu coñecín o documento que vostedes enviaron ao ministro Montoro no ano 2014 para esa negociación, e estaban indicando que había algunha insuficiencia, algún desequilibrio, de carácter vertical. Polo tanto, algo deben dicir.

En segundo lugar, en relación cos criterios, imos coincidir nunha cuestión básica. Hai que financiar as necesidades de gasto. A Facenda autonómica, desde a perspectiva do gasto, é unha facenda de servizos, de servizos ás persoas, tamén algo de infraestruturas, pero fundamentalmente de servizos as persoas. Polo tanto, son as necesidades das persoas as que deben determinar a cantidade que financiar. E despois, a autonomía de cada comunidade autónoma ten que decidir en que gasta, se os recursos asignados son suficientes ou hai que incrementalos un pouco, ou son máis que os necesarios e, polo tanto, pódese reducir a presión fiscal. Pero, en todo caso, son as necesidades das persoas as que deben ordenalo todo.

Eu estou de acordo niso, pero de novo o diaño está nos detalles. A cuestión está en como afrontamos isto, e aí necesitamos previsións e necesitamos concreción. O modelo actual xa se orienta a financiar segundo as necesidades de gasto, aínda que sexa imperfectamente. O modelo actual xa ten en conta o avellentamento, a dispersión. Entón, a cuestión é: esa ponderación do avellentamento e a dispersión, a ponderación que ten a sanidade no modelo, que é do 38 %, ¿está ben?, ¿é insuficiente ou é excesiva? ¿Onde sería razoable que nos colocásemos? Porque o 38 % é aproximadamente o que representa o gasto sanitario sobre o total da Comunidade Autónoma, pero se o medimos en función do financiamento autonómico, o gasto sanitario representa bastante máis. Temos aí unha marxe para poder achegarnos. É bo saber cales son os obxectivos que nos trazamos, porque hai xa sete tramos de idade para

o financiamento da sanidade, e, por tanto, os maiores de sesenta e cinco anos xa teñen unha ponderación, ¿hai que aumentar esa ponderación?, ¿hai que crear máis tramos de idade, por riba dos sesenta e cinco ou dos oitenta e cinco?, ¿que é o que nos estamos plantexando?

E o mesmo sucede coa dispersión, e o mesmo sucede coa ponderación que teñen os servizos sociais, xa está. Ao igual que está ben saber que, aínda que de forma reducida, os problemas poboacionais xa están tidos en conta tamén no modelo, porque á hora do reparto dos fondos de converxencia este é o criterio que lle permite a Galicia ter fondos adicionais cada ano. Por tanto, teremos que reforzar isto, pero é bo recoñecer que isto xa existe.

Por tanto, esas son as precisións que eu lle pido, pasar da poesía —que a todos nos gusta a poesía, a min tamén— á prosa e dar algunha cifra, algunha referencia, algunha estimación que nos permita orientarnos neste debate, saber, máis alá da retórica, cal é a posición real da Xunta de Galicia, qué lle demanda ao Estado, cales son as expectativas coas que afronta esta negociación, e eu creo que isto é necesario para poder mellorar o debate público sobre esta cuestión e que entre todos teñamos máis claridade sobre o que necesita Galicia.

Xa lles adianto: se non hai esa claridade agora, nós provocaremos —a través da moción— que teña que haber unha decisión deste Parlamento sobre estas cousas, que será positiva ou negativa, esa é a súa decisión, pero en todo caso vai permitir saber con máis claridade de que estamos falando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede pola posición do Goberno galego sobre a revisión do sistema de financiamento autonómico. Reiterareina unha vez máis: a mesma que tivemos dende o principio, porque dende o Goberno galego xa temos explicado en multitude de ocasións que o actual sistema non cumpre nin coas demandas que fixo Galicia nin coas expectativas xeradas.

As súas dúas principais eivas son os déficits crecentes en suficiencia e equidade. Explicareino con datos; algunha referencia fixo vostede hai un momento.

Segundo todos os informes sobre o actual modelo de financiamento autonómico, é claramente insuficiente. Teoricamente, achegaba 11.409 millóns de euros consolidables máis á cesta de recursos do sistema —son os vixentes no 2008, derradeiro ano do sistema anterior— para financiar, en principio —e aos que tamén fixo vostede referencia—, os servizos públicos fundamentais do estado do benestar, o que suporía un 13,5 % máis entre os anos 2009 e 2010 sobre o 2008.

Pero a realidade é que se comparamos os recursos definitivos achegados polo sistema aos orzamentos de 2008 e 2010, estes baixaron un 20 % en termos totais e nominais, é dicir, o incremento inicial do 13,5 % quedouse nun -20 % dous anos despois, certamente, e en boa medida, pola pouca resiliencia do sistema á crise. ¿Que responsable pode mostrarse satisfeito desta evolución?

Aínda máis, como moi ben tamén indicaba, supón o 80 % dos ingresos públicos autonómicos e que basicamente financia eses piares do estado do benestar, que en época de crise, ademais, actúan como refuxio dos máis desfavorecidos, é dicir, mostran tensións á alza.

En efecto, se os recursos adicionais eran precisos para financiar o estado de benestar que xestionamos dende as administracións autonómicas, de xeito especial tamén na vía que se falaba de dependencia —non hai que mirar tamén o *PowerPoint* que naquel momento se tiña para variar o que se dicía en que quedou—, queda claro que as comunidades autónomas de réxime xeral non contan co financiamento suficiente para atender este gasto.

¿E cales son as dúas principais razóns? Unha, o seu deseño, pois non priorizou cubrir os custos reais da prestación dos servizos públicos fundamentais, senón que estivo condicionado por un pacto político entre o Goberno de España, naquel momento, e os partidos que gobernaban en Cataluña. Outra, pola súa evolución, porque a súa aplicación non respondeu nin ás finalidades nin ás expectativas, e amosouse claramente insuficiente para cubrir as necesidades de gasto que precisa Galicia, que durante toda esta época tivo que compensar con medidas financeiras de diversa índole.

Reitérolle, pois, que a nosa postura é a que tivemos sempre: fomos, somos e seremos coherentes e responsables.

Lembro tamén que Galicia se viu obrigada a asinalo, pois en caso contrario o Goberno galego tería que devolver xa no 2010 —ano respecto do cal os ingresos do sistema baixaban ese 20 % ao que me refería hai un momento— 574 millóns de euros. Pero é que no ano 2009 habería que devolver 1.600 millóns de euros de liquidacións negativas que deixou a deber o anterior Goberno, o que, obviamente, afectaría moi gravemente o exercicio das nosas competencias propias.

Ademais, o Goberno de España condicionaba os fondos adicionais do novo sistema —eses que, en principio, unha parte ían para financiar a dependencia— a que a comunidade asignase este modelo de financiamento.

Pero, ao final, ¿por que non é un sistema satisfactorio para Galicia? É insuficiente e pouco resiliente ás crises, non conta cun mapa de servizos que cuantifique os custos efectivos da prestación de servizos e non recolle debidamente ponderadas circunstancias que ten a comunidade galega como a gran dispersión ou o elevado avellentamento da poboación. Así, existe unha insuficiente valoración da variable dispersión e un escaso peso da poboación protexida polo factor avellentamento. Por iso pedimos introducir máis tramos de idade a partir dos sesenta e cinco anos. Non é o mesmo o custo dos servizos sociais e da sanidade dunha persoa de sesenta e cinco, de oitenta e cinco ou de noventa e cinco anos, e en Galicia temos case 110.000 persoas que teñen oitenta e cinco ou máis anos de idade.

¿Cal é a nosa aspiración? Queremos un sistema que garanta as necesidades de financiamento dos servizos públicos que presta Galicia. Por iso estamos satisfeitos de que o Goberno de España impulsase unha conferencia de presidentes para abordar esta cuestión. Estamos ante un cambio positivo, tanto nas formas como no fondo.

Nas formas, porque pasamos de pactar un novo modelo entre dous a tentar acordalo coa presenza —entre todos— do presidente do Goberno e dos máximos responsables de cada comunidade autónoma, e no fondo, porque se abordou de maneira seria a necesidade de revisión do modelo e se marcaron prioridades e prazos para abordala.

Puidemos defender, a priori, a nosa postura, e cada un, tamén, escoitamos a postura dos demais. Galicia foi escoitada, pero tamén escoitamos os demais. Na Conferencia de Presidentes houbo un ánimo construtivo, sen formulacións, en principio, ideolóxicas de partido e con predisposición dos asistentes a un acordo.

Aínda que estamos nunha fase inicial —nunca nos equivoquemos de que estamos nunha fase inicial—, reitero que houbo aspectos moi positivos. Debateuse sobre as necesidades reais para abordar a revisión do financiamento autonómico, introducíronse variables esenciais para conseguir unha peza separada de sanidade, creouse un grupo para analizar o financiamento da dependencia, asumíuse a conveniencia de chegar a un pacto pola demografía e sentáronse as bases para a revisión do modelo de financiamento tomando como base tres principios, todos moi interesantes para esta comunidade autónoma: custo efectivo dos servizos, multilateralidade e estabilidade.

É esencial conseguir financiar o custo efectivo dos servizos públicos, e para iso temos que saber qué custa prestalos en cada comunidade, coas súas singularidades e especificidades, e nomeadamente na sanidade, que en Galicia xa supón máis do 40 % do gasto.

É esencial que os recursos que se integren no sistema se repartan entre todos, de maneira multilateral, con criterios que garantan a mesma calidade da prestación de servizos con independencia do territorio onde se presten, e é esencial, tamén, que o novo sistema de financiamento autonómico achegue estabilidade e teña vocación de permanencia. E o corolario é que a sanidade e a dependencia deben de ser tratadas como pezas separadas.

Ademais, como xa dixen, Galicia conseguiu trasladar o debate demográfico, xa moi presente en Galicia, ao ámbito de toda España, e onde coincidimos con 7 comunidades máis. Todos estamos de acordo, señoría, en que o sistema de financiamento é un dos dous piares fundamentais, ao meu entender, da construción do Estado das autonomías. Pero insisto en que non debemos enfocar as negociacións coma unha subasta, a ver quen pilla máis cartos.

Pero resulta preciso ter en conta, tamén, dúas cuestións capitais que caractericen o financiamento das principais políticas de gasto que desenvolvemos: o seu carácter rixido por tratarse de servizos, sobre todo incentivos en gasto corrente, sobre todo en gastos de persoal e vinculados á dinámica demográfica, é dicir, sanidade, servizos sociais e educación; e o seu carácter de servizos ao cidadán, o que implica que temos substanciais diferenzas no custo unitario, en función das características de cada territorio.

Estas notas características son as que deben rexer no deseño do sistema se queremos que garantan estas necesidades de financiamento dos servizos públicos, obxecto da nosa prestación, e de novo me estou a referir á suficiencia e á equidade.

Antes de abrirse a negociación para a revisión, desde Galicia temos participado moi activamente no grupo de traballo creado dentro do Consello de Política Financeira e Fiscal, poñendo de manifesto —vostede tamén fixo unha referencia hai un momento— as debilidades que detectabamos no modelo, pero, tamén, poñendo de manifesto as nosas demandas, ao mesmo tempo que tamén temos conversas con múltiples comunidades autónomas, practicamente todas, para coñecer a súa valoración, e mesmo fixando con boa parte delas criterios entre aqueles factores que si son coincidentes entre a nosa comunidade e, sobre todo, as do máis occidente de España.

Pero, ao mesmo tempo, tamén cremos que é precisa unha revisión da dimensión non só horizontal, senón tamén das verticais do financiamento das administracións públicas, e que melloren os seguintes aspectos: a suficiente equidade do financiamento actual; unha mellora no cálculo dos índices de necesidade de gasto que pondere de xeito máis realista os custos do avellentamento e a dispersión; unha explicitación do financiamento dos servizos públicos básicos; un aumento da corresponsabilidade fiscal e da lealdade institucional, e unha evolución dinámica sostible.

Esta revisión xa está en marcha e, dada a transcendencia que para a nosa comunidade ten, esperamos contar co seu apoio e co dos restantes grupos parlamentarios de Galicia para a defensa dos intereses da nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas, señor conselleiro, non tanto polas precisións cuantitativas, que non as houbo, como polo ton e os criterios, que sobre iso non imos deixar de coincidir. Pero se onte citei a Shakespeare, hoxe levanteime máis cervantino, en fin: «*Voto a Dios que me espanta esta grandeza*», pero ao final o estrambote: «*fuese y no hubo nada*».

Entón, teño a impresión de que neste debate estamos facendo así, grandes palabras na Conferencia de Presidentes — «*me espanta esta grandeza*» —, pero ao final non hai nada. E está moi ben dicir que temos que falar de principios, e eu son o primeiro que se quere falamos dos principios sobre o financiamento autonómico, pero ao final os principios deben traducirse tamén en euros, porque con principios non financiamos a sanidade, non financiamos a educación, e os principios son imprescindibles e necesitamos, porque ten que ser un modelo que sexa servible para todas as comunidades autónomas, pero tamén necesitamos euros.

Paréceme ben que diga... A ver, eu non vou entrar a discutir o modelo anterior, publiquei unha cousa no ano 2012 recollendo traballos anteriores e extremadamente crítico con ese

modelo, por tanto, non me explique as dificultades que ten ese modelo, que eu son o primeiro que o recoñezo, e xa o teño máis que publicado. A cuestión é que vostede me di que hai insuficiencia de recursos, e insuficiencia quere dicir que faltan recursos ao sistema. Eu pídolle algunha precisión adicional: ¿canto falta? Poñamos —non lle digo unha cifra exacta— algunha referencia, poñamos algún indicador, algunha idea que nos diga para onde queren ir.

Preocúpame un pouco o das peza separadas. Imos ver, se iso quere dicir que imos reforzar o financiamento para a sanidade e a dependencia, perfecto. Se do que se trata é de que haxa compartimentos estancos, pode ser un problema desde dous puntos de vista. Pode ser un problema, primeiro, porque reduce a autonomía de gasto das comunidades autónomas, e iso non é bo, porque, ao final, iso o que quere dicir é que deciden dende fóra en que queremos gastar os nosos recursos; é o contrario do modelo e dos principios aos que antes aludiamos. Pero, sobre todo, en segundo lugar, que iso abre a vía para que unha das deficiencias principais do actual sistema —as que a min me parecen máis delicadas do actual sistema—, que é a introdución de dous tipos de servizos —os básicos e os outros—, e, por tanto, onde a solidariedade só se aplica aos servizos básicos —que iso está dito no actual sistema, aínda que non está perfectamente aplicado—, se consolide e ao final teñamos solidariedade para a sanidade, para os servizos sociais, pero non para o resto. E a min non me parece que sexa menos básico o servizo de xustiza —do que se encargan as comunidades autónomas— que calquera outro servizo que poidamos considerar esencial. Por tanto, eu quero unha solidariedade plena.

Xa ve que tamén lle falo de principios e de valores, pero por iso o das pezas separadas ten algunha complicación. Se quere dicir: reforcemos o financiamento da sanidade, perfecto, ningún problema, ningún problema; pero debe querer dicir iso, porque iso ao final é o máis importante. Se o tratamos separadamente e ao final non producimos os resultados adecuados, pois non sería demasiado bo.

O da cuestión, en fin, da subasta non me parece demasiado sensato. O modelo ten que ter principios e recursos, pero o modelo ao final produce resultados. Hai un ámbito de cooperación entre as comunidades necesario, pero tamén ten que haber un ámbito de competencia; e está ben que o haxa, porque temos que recoñecelo e actuar sobre a base de que iso existe. Cada comunidade está empezando a defender os seus intereses. Nós imos cun pouco de atraso, porque hai outras comunidades que teñen avanzado moito máis no deseño das súas formulacións, por exemplo, Valencia —ben é certo que parte dunha posición máis delicada que a nosa—. Pero temos que apertar o acelerador e avanzar para conseguir eses resultados.

Por último, unha pequena referencia á cuestión de estabilidade. Paréceme ben. Hai distintos modos de conseguir inxectar estabilidade no sistema. Pero se cremos que podemos ter un sistema á marxe do que ocorra no conxunto da economía, eu creo que non estamos acertando. E o que ocorreu no ano 2009 é que caeu a recadación fiscal en toda España, para as comunidades autónomas, para o Estado central e para todos, pero unha caída absolutamente espectacular. E despois houbo algúns erros de previsión que afectaron máis as comunidades autónomas —efectivamente, tamén hai que recoñecelo así—, pero a caída foi total para todas as administracións públicas.

E non podemos estar á marxe, o que podemos é intentar aliviar isto. Pero vostede ten que dicirme: estes son os mecanismos, os instrumentos que a min me parecen ben. ¿Que creamos? ¿Un fondo que chaman os estadounidenses para os días chuviosos, onde as comunidades teñen que apartar unha parte dos recursos nos momentos en que o ciclo está alto para poder atender esas necesidades? ¿Facemos isto para todas as comunidades? ¿Introducimos como sistema de financiamento das comunidades algún instrumento fiscal que sexa —digamos— máis estable ao ciclo? ¿Cal é o que a vostede se lle ocorre? Pois iso é o que queremos que nos diga. Está ben a estabilidade, pero concrete un pouco máis. Pase —xa digo— da poesía á prosa e díganos algo máis, porque necesitamos concreción ademais de principios e valores, que niso posiblemente esteamos de acordo; no outro hai que discutilo, porque o diaño está nos detalles.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Principios e valores, estamos de acordo —bastante é—; o diaño está nos detalles.

Unha pequena referencia tamén á miña anterior intervención, cando falabamos de que, se algo nos ensina toda esta etapa, é que temos que aprender determinadas leccións. No ano 2009, cando se instaura o novo modelo, ¿cantas veces tamén se lles ten criticado a outras comunidades autónomas a présa por negociar en épocas de cambio e non de estabilidade? Tamén nos deu este modelo que acabamos de comentar. ¿Por que? Porque as bases que se negociaron e as variables de repartición deben axustarse o máis posible ás variables reais. Non sucedeu así daquela.

Vostede facía un excursio sobre a cuantificación. Eu quero que se dea tamén un pouco conta do que supón dicir que imos ter 11.600 millóns de euros máis. Vostede chamábao —dunha maneira educada— un erro de previsión. Eu prefiro, de verdade, quedar aínda no ton de que estamos discutindo nestes momentos, e creo que temos moito máis en común do que parece. O que sería verdadeiramente preocupante é que non fora un erro de previsión, senón que xa se contara con determinados datos que inducían ao resultado, se fale de 11.600 millóns de euros, que despois o resultado foi un -20 % sobre a situación de partida que tiñamos naquel momento. E, sobre todo, o que tamén nos ensina o pasado é que hai que negociar en termos de multilateralidade, nunca máis a bilateralidade que tiñamos daquela.

Creo, dunha maneira honrada, que desde a Comunidade Autónoma, dunha maneira nobre tamén, temos contribuído nese grupo de traballo, dentro do Consello de Política Fiscal e Financeira, a poñer as eivas por nós detectadas, e tamén, dunha maneira incipiente —ou non tan incipiente—, de cales son, ao noso entender, os factores que se deben de corrixir, e é que hai moito que mutar sobre o sistema actual.

Aí é onde me vou parar un pouco máis, porque, verdadeiramente, ¿que é o que esperamos da revisión do sistema? Voume cinguir a seis puntos nada máis de novo —non sei se saciará

a súa concreción, pero é algo máis que principios, é algo máis—. Creo que hai unha formulación moi clara no primeiro deles cando lle digo dunha maneira clara que o que esperamos é a adecuación da dotación financeira global. ¿A que? Ao rango competencial que temos das comunidades autónomas ou que prestamos.

¿De que estou falando? Estou falando de que hai que revisar a dimensión vertical. ¡Clarísimo! Paréceme que está bastante claro. Se a iso lle hai que poñer números exactos, permítame que nestes momentos, dada a multilateralidade, sería incluso un pouco tonto pola miña parte empezar a dar determinadas cifras.

Pero o que queremos tamén é a repartición horizontal equitativa. ¿Por que? Porque hai que axustar o peso do fondo de garantía de servizos públicos a cada política de gastos, é un peso real, que é totalmente distinto ao que había daquela. Pero é que tamén hai que actualizar a ponderación das diferentes variables. E por iso é tan importante, polo motivo de axustar o peso e polo tema da ponderación, cando falamos do que significa a sanidade, que en Galicia xa é máis do 41-42 % do gasto que temos na nosa Comunidade, se quere máis cifras. Esa é a importancia.

E tamén a dependencia, da que temos falado. Tamén a cuestión social, pero non exclusivamente. Efectivamente, hai servizos —que o dixen moi claro anteriormente— que teñen unha correlación directa, pero para a Comunidade Autónoma é tan importante —que vos tede falaba da xustiza—, e tamén lle podo falar de vinte mil cousas que pode haber, dende os sectores económicos como pode ser o mar, o agro, etc., etc., que para nós tamén son tan importantes como calquera dos servizos públicos cando falamos neses termos e que tamén presentan unha rixidez á baixa, sobre todo na súa compoñente de gasto corrente.

En terceiro lugar, temos que ter claro que é un sistema que demostra que necesita desa evolución dinámica por ese maior gasto corrente que temos —como lle acabo de dicir—. E precisamos que o modelo mostre resiliencia. ¿Pero que é a resiliencia ao final? O sistema que nós creamos e que é o vixente nestes momentos. Ante a adversidade, non ten mecanismos que aplanen esa adversidade. ¿Como variacións no PIB se trasladan á variación no noso ingreso de -20 %? Iso temos que ser capaces. Se tivera a vara máxica, xa non se crearía unha comisión de expertos, supoño que xa estaríamos todos aquí... Basicamente non me pida iso. Digamos que entre todos temos que confluír nesas áreas.

Como tamén a simplificación do sistema. O sistema é que é moi trabucado na súa estrutura de fondos, son contraproducentes algúns deles e dannos resultados que non eran os previstos ou, polo menos, como se formularon no seu momento nese famoso powerpoint.

Pero tamén o que temos que dicir dunha maneira clara é que temos que pedir corresponsabilidade fiscal. ¿De que serve ter un sistema se pola porta de atrás o estamos rebentando? Pero sempre respectando o desenvolvemento dunha fiscalidade autonómica, porque ao final o importante é que nesa corresponsabilidade fiscal, con varios camiños para chegar, hai alguén que estamos chegando dunha maneira moi clara durante os últimos oito anos, cumprindo totalmente os nosos compromisos.

Pero tamén iso é o que nos dá un plus, non temos ningunha urxencia negociadora. E iso é o que nos vai permitir ser firmes, duros na negociación, pero nobres e leais, porque non temos

esa urxencia, como si que teñen outras comunidades autónomas. Pero tamén exiximos lealdade institucional. Sabemos que hai medidas que foron adoptadas polos distintos gobernos de España que teñen unha incidencia na nosa Comunidade Autónoma; debemos de dotarnos deses mecanismos para que corrixan esas situacións.

Polo tanto, a nosa estratexia queda moi clara: será guiada pola lealdade e pola firmeza. Somos leais e seremos firmes —como lle dicía— tamén na negociación, que eu creo que acabamos de iniciar dunha maneira nobre. Non pidan determinadas conclusións para chegar ao corolario deses 11.600 a maiores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...que ao final foron menos non sei cantos. Non xoguemos coas cifras, por favor.

Galicia é solvente, señoría. Creo que por iso a nosa urxencia queda moi matizada, que é o que nos permite ser fortes entre todos nestes momentos e durante todo este exercicio 2017.

Con esta posición e coa determinación do Goberno galego seguiremos traballando durante todo este 2017 para pactar ese sistema de financiamento suficiente, estable e sostible. Seguiremos traballando, informando este Parlamento sobre os avances das negociacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...buscando o consenso. ¿Para que? Para manter unha posición de país, que é o máis importante para que as nosas necesidades de gasto dos nosos cidadáns queden suficientemente cubertas igual que en calquera outra parte de España. Esa é a nosa intención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co sector lácteo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Moi bo día.

O leite é o principal produto da agricultura galega, tanto en termos económicos e sociais como dende o punto de vista territorial. As explotacións con vacas de leite achegan case un 45 % do valor da produción, a cuarta parte dos terreos ocupados e un terzo da superficie dedicada á agricultura. A produción láctea acada unha posición de liderado no conxunto de España ao concretar o 39 % do volume, destacando tamén en Europa co undécimo posto. A subida dos prezos dos fertilizantes, dos pensos e dos combustibles dende o ano 2007 non

foi asociada a unha subida similar no prezo do produto, e este desequilibrio está a ocasionar fortes perdas, endebedamento e un maior ritmo de peche nas explotacións.

No caso do lácteo, Galiza foi quen de preservar, pese á crise, o seu liderado nacional en cantidade, xa que hoxe producimos máis leite ca nunca —case un 16 % máis que nos últimos cinco anos— e, o máis importante, non só en cantidade senón en calidade. En cambio, o sector víase e aínda se ve limitado no campo da transformación e da comercialización, cuns efectos sobre a renda dos gandeiros e das gandeiras que nin foron nin son alleos, por máis que se estea a percibir unha lixeira suba.

Dixo o señor presidente no debate de investidura que durante moito tempo nesta Cámara todos coincidimos en que a única saída era fortalecer o noso sector lácteo, con máis unión dos produtores e produtoras e con máis industria, que no último ano tres grandes proxectos viron a luz na Galiza, abrindo por primeira vez unhas expectativas fundadas para un sector que leva demasiado tempo ancorado e sen impulsos renovados.

O primeiro, a decisión de instalar en Curtis unha fábrica de transformación de leite con capacidade para atraer case 1 de cada 4 litros que se producen hoxe na Galiza. A ampliación da planta transformadora de queixos situada en Vilalba, coa previsión de incrementar a súa produción, que hoxe xa consome arredor do 4 % do total do leite que producimos no país. A terceira, a recente fusión de tres cooperativas, que supón agrupar 3.600 gandeiros e gandeiras, que producen o 15 % do total do leite galego. En resumo, comentaba o señor Feijóo tres iniciativas que, xunto con outras, algo menores pero tamén significativas, absorberán sobre o 50 % da produción leiteira na Galiza e que se traducirán para os gandeiros que dela dependen en máis estabilidade e —esperaba el— que tamén en mellores prezo e nun futuro con máis esperanza.

Dende En Marea parécenos que moitos destes proxectos industriais que se están presentando non son malos, pero presentan algunhas dúbidas, polo que cremos que sería importante, á parte dos datos que nos acheguen as empresas, e imprescindible que se lles exixa garantías de pagamento do leite a uns prezos sostibles que cubran os custos de produción e unha auditoría externa de todos estes proxectos que opten a importantes axudas da Xunta de Galiza para evitar que máis xente gandeira acabe con impagos, como ocorreu noutros moitos coñecidos casos.

O certo é que na Galiza se perderon un total de 524 granxas lácteas entre xaneiro e novembro do ano pasado —á falta de coñecer o dato do mes de decembro—, ata quedar nun total de 8.554 produtoras e produtores, fronte aos 9.078 cos que comezabamos o ano. As explotacións galegas perderon a cuarta parte das súas vacas en dez anos. Estas cifras non poden achacarse unicamente a xubilacións e máis ben amosan a ausencia de relevo xeracional e o desmantelamento das pequenas explotacións. Os peches de explotacións están a agravar o intenso proceso de desagrarización rexistrado nas últimas décadas, no que o cesamento da produción de leite se converteu nunha maioría dos casos en abandono da actividade agraria por falta de desenvolvemento doutras producións. E resultou, do abandono, a plantación forestal de boa parte destas terras. Deste xeito, estase a incrementar a posibilidade de incendios así como os desequilibrios territoriais e o retroceso demográfico nas zonas rurais. En comarcas eminentemente gandeiras, as vilas e aldeas que van quedando sen vacas van ficando tamén

cada vez con menos xente, no caso da zona do centro do país, isto é, no interior da provincia da Coruña, no centro e sur de Lugo e no norte de Ourense. Os concellos que máis poboación van perdendo porcentualmente son tamén os que en números absolutos máis cabezas de gando bovino deixaron de ter.

Coa eliminación das cotas, da separación e garantía da recollida de leite que anteriormente existía na práctica ao estar controlada a produción e ser inferior á demanda das industrias, en adiante, as industrias, poden seleccionar os gandeiros e as gandeiras ás que lles recollen o leite en función dos seus custos de recollida. O sector gandeiro viuse debilitado pola falta de medidas que deberían terse tomado, cando menos, dende o ano 2008, cando se fixou o calendario de eliminación das cotas. Dende ese ano, pecharon case 5.000 granxas na Galiza.

A pesar da subida do prezo do leite a 29,7 céntimos o litro en novembro, aínda segue como o máis baixo de España. Galicia continúa a ser a única autonomía na que os gandeiros e as gandeiras cobran menos de 30 céntimos polo litro do seu leite. Está lonxe dos 34,2 céntimos que reciben os produtores da Rioxa, o maior prezo peninsular.

Desta maneira, o leite do noso país está situado nun dos niveis máis baixos da década, lonxe dos 38 céntimos que se pagaban en outubro do ano 2013. Esta diferenza con respecto aos custos de produción está a repercutir no endebedamento de boa parte das granxas galegas. Unha das causas desta problemática é a imposición de prácticas comerciais desleais por algúns grupos de distribución ante a pasividade das autoridades, que deberían aplicar a Lei de defensa da competencia, xa que estas prácticas contribúen a tirar cara abaixo os prezos. De feito, ao día de hoxe hai máis de 600 explotacións na Galiza que cobran menos de 22 céntimos por litro.

Existen serias deficiencias na cadea do leite, entre produtores e produtoras, industrias e distribuidores e distribuidoras, xa que esta presenta notables desequilibrios na capacidade de negociación e na transmisión de prezos, cunha posición dominante da gran distribución, que utiliza o leite a baixos prezos como produto reclamo para atraer os consumidores aos seus establecementos, provocando unha banalización do produto en unha presión á baixa nos prezos e marxes da industria e da produción.

A superación desta situación precisa dunha posición máis firme por parte das administracións no control e no desenvolvemento do acordo lácteo e da Lei de transparencia da cadea alimentaria, con moi escasa aplicación na realidade.

Debemos tomar as medidas oportunas para intervir na cadea do leite e garantir o futuro do sector lácteo mediante o pago aos produtores dun prezo sostible polo leite. É dicir, que, polo menos, chegue aos 30 céntimos por litro, o que garantiría cubrir os seus custos de produción. Tiñamos que trasladar ao Goberno central a proposta de fixar uns índices de referencia mínimos para o prezo do leite, como xa fixeron outros países da Comunidade Económica Europea; adoptar medidas necesarias para apoiar os produtores e produtoras de leite e frear o ritmo de peches de granxas tan elevado, que está a incidir no despoboamento do rural ante a falta de perspectivas. Para iso cómpre poñer en marcha un plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea, tal e como procederon noutros países antes do desmantelamento do sistema de cotas.

Ante todo isto, as preguntas que traemos na interpelación á señora conselleira, son: ¿que medidas está a implementar a Xunta de Galicia para afrontar a grave crise que está a vivir o noso sector? Queremos saber se se dirixiu a consellería á Axencia de Control Alimentario para coñecer os resultados da investigación das granxas que están a percibir os prezos máis baixos e qué datos lle comunicaron. E no caso de persoas produtoras, e tendo en conta que os prezos que están a pagar ás granxas están moi por debaixo dos custos de produción calculados polo Ministerio, ¿cales son as actuacións que a propia Consellería está a levar adiante para garantir que os prezos non sexan impostos unilateralmente pola industria e que non sexan abusivos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Resposta da conselleira do Medio Rural

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente. Señorías.

Señor Rodríguez, estiveno escoitando atentamente, como non podía ser doutro xeito, igual que estiven lendo atentamente o documento que vostedes rexistraron no mes de novembro. E quería facer un par de puntualizacións en referencia ao documento que vostedes no seu día asinaron, que ben é certo que hai unha parte que vostede non dixó pero que a min me gustaría dar a coñecer publicamente, porque entendo que hai un par de erros que me gustaría puntualizar.

No que é o argumento e no que é o texto que vostedes rexistraron no seu día, afirmaban que nalgúns países da Unión Europea aproveitaban os incentivos á redución voluntaria da produción para aumentar e gañar cota de mercado a custa das granxas doutros países, como era, por exemplo, o noso caso. Aquí teño que responderlles, máis que nada para que todos teñamos a mesma información. Porque a información que lles vou trasladar é a información oficial. A día de hoxe non se coñecen as producións dos países da Unión Europea no período de redución, xa saben vostedes que este foi un decreto do mes de setembro e que entraba en vigor no mes de outubro, novembro, decembro e, polo tanto, xaneiro. Os datos oficiais que temos hoxe en día son ata o mes de novembro e, polo tanto, ata o día 5 do vindeiro mes non teremos os do mes de decembro. Co cal, esa afirmación que facían vostedes non ten ningunha base oficial, iso en primeiro lugar. O que si sabemos é a evolución, a evolución dos distintos países membros da Unión Europea dende xaneiro ata o mes de novembro do ano 2016. E, comparada coa produción do ano anterior, téñolles que dicir que en España foi positiva. Na Unión Europea foi positiva, alcanzando un incremento do 0,70 %; e, no caso de Galicia, o incremento do que é a produción dende xaneiro ata novembro, en relación co ano anterior, é do 0,77 %.

Ben é certo que hai outros países dentro da Unión Europea que diminuíron, experimentaron esa decadencia no que é a produción, como é o caso de Alemaña. E non só o caso de Alemaña, tamén Gran Bretaña ou tamén o caso de Francia, que chegou a índices, no que vai de ano,

de -2,1 %. Tamén hai outros países — máis que nada para contextualizalo a nivel mundial, porque creo que é preciso— nos que se acadou o valor máis baixo dos últimos anos, no que á produción se refire. E neste sentido temos o caso de Nova Zelandia, como podemos ter o caso de Austria. Destes dous casos, o último ten a cifra máis baixa dende hai nove anos, e o anterior ten a cifra máis baixa dende hai tres anos. Iso non ocorre en España, e iso non está a ocorrer no caso de Galicia.

Esta caída da produción o que fixo, efectivamente, foi beneficiar as nosas vendas cara ao exterior, xunto con distintos estudos, como foi o de Estados Unidos, onde lograron que, á parte da investigación, esa investigación se soubera, que é no que temos que tamén seguir afondando en Galicia e tamén en España, de maneira que se substitúa a mantequilla pola manteiga, e a partir de aí hai un tirón moi importante e, polo tanto, incrementáanse substancialmente o que son as exportacións cara a este país.

Tamén referían no texto que vostedes rexistraron unha baixada continuada nos prezos — dicíao vostede nesta intervención—. Efectivamente, non foi un bo ano, non foi un bo ano despois da desaparición das cotas lácteas. Pero teño que dicir que este é o mellor mes, o de novembro, no que vai de ano; se o mes de xullo foi o que alcanzou os prezos máis baixos, desde o mes de xullo ata a actualidade o incremento foi de 3 céntimos. Ben é certo que non podemos estar satisfeitos con ese prezo, porque estamos, tal e como dicía vostede, nos 29,7 céntimos. E, polo tanto, se tamén fixeramos un estudo sobre as rexións —e aquí teño que facer outra puntualización, xa que dicía que estabamos no undécimo lugar, e non, Galicia está no noveno lugar como rexión no que a Europa e ás rexións de Europa se refire—, temos que comprobar que naquelas rexións que máis se produce non é nas que máis se paga o leite. E ¿por que? Bueno, porque, igual que en Galicia, se determinou unha vía, unha vía que está cambiando agora mesmo, que é o leite líquido, que, como todos vostedes saben, Galicia produce, pero Galicia non chega a consumir o 8 % do que está producindo, porque produce preto do 40 % a nivel nacional.

Bueno, vista toda esta contextualización, e despois de dicir que a situación está mellorando, que vai seguir mellorando nos vindeiros meses, non só imos ter que falar de prezos, senón que imos ter que profundar, cambiar en todos os sentidos, e, polo tanto, falar tamén desá parte que é ser capaz de ser competitivos e, polo tanto, falar de marxes. Hai que dicir que, se comparáramos agora mesmo o mes de novembro co mes de xullo, que foi o máis dramático, diríamos que naquel momento os gandeiros que cobraban por riba dos 29 céntimos supoñían o 6 %, fronte aos gandeiros que cobran agora por riba dos 29,7 céntimos, que están en 3.043, que vén a ser o 35 % dos nosos gandeiros.

Dicíalles que isto non é ningunha satisfacción, pero si é certo que comezamos un camiño, un camiño que se desplomou nun momento determinado cando houbo a desaparición das cotas e os gandeiros comezaron a producir pero iso non foi á par co consumo, entre outros temas que falarei a continuación.

E hai un termo moi importante no que coincido totalmente con vostede, e no que temos que profundar ao longo deste primeiro trimestre, que é falar de sostibilidade. É dicir, nese paquete e nese acordo lácteo falta algo por desenvolver, como é a sostibilidade e, polo tanto, a marxe de beneficios para que unha explotación sexa viable ou non sexa viable.

¿Que é o que fixo a Xunta de Galicia? Primeiro, efectivamente, apoiar os grupos empresariais que teñen interese en instalarse en Galicia, as industrias de transformación, cun fin, e ese fin é alcanzar un maior valor engadido. Dicia o presidente, e lembráboo vostede —e aí dábanse os datos, igual que os datos que saen e que son públicos a través do DOG cada vez que concedemos axudas—, que, dentro desas axudas, apostamos pola empresa galega e apostamos pola empresa que non sendo galega se instala en Galicia e, polo tanto, vai transformar o noso produto. E apostámolo ao lado de ter enriba o paquete lácteo, que aínda hai que seguir desenvolvendo. Facémolo, ademais, a través do decreto de cesión de prezos. É dicir, que aínda con máis claridade saibamos as comunidades autónomas non só a como venden os gandeiros o leite ás industrias, senón cal é a marxe que queda coa distribución. E, nesa liña, Galicia vai ser contundente e exixirá ao Ministerio que eses datos os teñamos as comunidades autónomas para despois intentar..., intentar non, senón obrar en consecuencia e, polo tanto, facer cumprir a lei.

Foi un antes e un despois o pasado ano, que do número de solicitudes de industrias para instalarse relacionadas co ámbito lácteo que se interesaron por Galicia foron aprobadas un total de 59. E créanme que si se fan e se van facer as auditorías pertinentes para que ao final os recursos acaben chegando ao que é o ámbito produtivo, que é o gandeiro. E este ano seguimos apostando, e, de feito, xa se sacou a nova liña, cun incremento do 60 %. Remata o prazo o día 31 deste mes. Priorizamos de novo o que é o ámbito lácteo e, de novo, apostan as industrias por instalarse en Galicia.

Traballamos conxuntamente coas cooperativas para a fusión, e a transformación dun segundo grao, sempre de acordo con todos eles, sempre co aval dos que teñen que decidir, que son os propios gandeiros, e facer cooperativas de segundo grao, fusionar esas cooperativas. Estarán máis fortalecidas, terán máis forza e, polo tanto, a Administración estará ao seu carón. É o caso de CLUN pero tamén é o caso dunha aposta moi importante que acaba de facer a cooperativa Coreber coa cooperativa de Lemos, optando pola compra dunha moi boa instalación e converténdose eles xa no que podemos denominar como terceiro gran grupo a nivel Galicia. Aí, ao carón deles estará a Xunta de Galicia, e estará a Consellería do Medio Rural.

Facemos controis continuos para evitar a banalización dos prezos. Créanme que, xunto coa Consellería de Industria, os inspectores están continuamente onde teñen que estar, á parte de atender cada unha das denuncias que nos trasladan. E estámolo conseguindo. Apostamos pola calidade, sen dúbida, e facémolo a través de marcas diferenciadas, como é «Galega 100 %». Vimos de asinar co LIGAL, co laboratorio do cal podemos presumir non só a nivel de España, senón tamén de Europa, para darlle unha estabilidade nos vindeiros catro anos, 1,8 millóns de euros para poder realizar 1,5... —agora non lembro como se chaman— análises do leite; de maneira que vexamos como é a evolución. E podemos presumir de ter as mellores condicións hixiénico-sanitarias, sen dúbida. Podemos presumir, ademais, de avanzar en algo fundamental, que é o que está pedindo a industria para o produto transformado, que é a graxa, pero tamén a proteína.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Isto fai o fortalecemento do noso sector lácteo.

No que se refire a axudas específicas, aí estivo a Xunta de Galicia nos momentos máis delicados, con ata 3 millóns de euros, e cunha boa e grata noticia: deses 3 millóns de euros que puxemos á disposición dos gandeiros —e non porque queiramos desvialos senón porque non houbo máis solicitudes— só tivemos que axudar por un montante de 1,7 millóns de euros. Iso quere dicir que o sector lácteo cada vez está máis profesionalizado. E iso que dicimos que as granxas están cada vez máis endebedadas e, polo tanto, teñen que pechar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Pois hai datos que acreditan que iso non é de todo certo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Ben, dende En Marea observamos que as medidas desenvoltas ata o de agora pola Consellería do Medio Rural son insuficientes; algunhas incluso se nos antollan ineficaces, ¿non? E a baixada voluntaria da produción, un absoluto fiasco, pois chegan a producirse excedentes desde outras comunidades autónomas ao tempo que na Galiza as industrias ameazan con non recoller e impiden producir máis, ao tempo que asolagan o noso mercado con leite doutros países comunitarios. Hai que lembrar que os resultados técnicos e económicos dispoñibles polo Magrama para Galiza situaban os custos de produción en 43 céntimos, e na análise da cadea de valor do leite encargada á Interprofesional Láctea, Inlac, publicada este último no ano 2016, os custos de produción situábanse entre 33 céntimos e 39.

O prezo de compra fixouse a través da imposición unilateral dos prezos pola industria, abusando da súa posición de dominio sobre as persoas produtoras. A Administración debe garantir o cumprimento da legalidade vixente e acabar con estas prácticas abusivas, garantido unha marxe sostible para as persoas produtoras coa aplicación obrigatoria de fórmulas e índices obxectivos que aseguren esta marxe; e garantía de cumprimento, insistimos na necesidade de aplicar unha mediación pública nos contratos lácteos e que se vele pola garantía dos dereitos das persoas produtoras. Necesitamos feitos por parte desta consellería, un plan de choque nas granxas que teñen os prezos máis baixos. Centos de granxas entréganlles o leite a primeiros compradores, algúns de base cooperativa, que están a pagar prezos moi inferiores á remuneración media no mercado para o leite desas características; ás veces, mesmo soportando impagos.

¿Por que a Consellería non pon en marcha un plan de choque coas medidas axeitadas para actuar sobre estes factores que están a incidir en cada caso, realizando unha análise de solvencia deses proxectos e axudando a recolocar as persoas produtoras noutras industrias, apoiando plans de viabilidade e facendo apoios específicos de granxas afectadas, etcétera?

Creemos que é preciso garantir a recollida de leite en todas as granxas, cunha referencia de volumes garantidos e a un prezo mínimo de acordo cunha cadea de valores sostible para todas esas explotacións. Debemos defender a obriga de etiquetar a orixe do leite no envase,

para que os consumidores e consumidoras poidan elixir a procedencia do leite que están consumindo. Pódense incorporar veterinarios oficiais nas fábricas para reforzar así o seguimento público de toda a normativa vixente dos diferentes ámbitos, de cara a evitar a fraude de empresas que mercan a prezos de leite en po para despois vender como leite líquido; liñas de axuda para os proxectos de transformación de produtos lácteos que xeran valor engadido, para permitir maior remuneración no leite en orixe, produtos diferenciados, como o leite ecolóxico e procedente de vacas alimentadas en pastos en extensivo, iogur e queixo dos que a súa elaboración se basee en leite fresco fermentado e non en leite en po, etcétera, etcétera, que cubran as demandas de calidade das persoas consumidoras con maior valor engadido, fidelización do consumo de leite producido na Galiza, no noso país, etcétera; a posta en marcha inmediata dun programa que sexa obxectivo e medible de incremento da superficie agraria das granxas, de redución do seu nivel de endebedamento, de apoio á redución da compra de insumos, un maior nivel de aproveitamento das forraxes propias, de apoio á produción ecolóxica, etcétera.

Dicía eu antes que entre os anos 2003 e 2015 os prezos dos pensos subiron máis dun 60 %, os fertilizantes un 62 %, a enerxía un 69 % —tendencia que semella que vai continuar—. Entón, apreciamos desde En Marea que se poden estar tomando medidas desde a súa consellería, pero eses 3 millóns de euros que incrementaron o ano pasado para estas explotacións cremos que non son suficientes. Porque o ano pasado pecharon 600 explotacións en todo o país, e hoxe hai produtores e produtoras que están cobrando o leite a 22 céntimos. Se cadra, sobre esa xente é sobre a que temos que actuar, e non sobre as grandes cooperativas, que son as que máis temos que fiscalizar para que non abusen destas produtoras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas de novo, señor presidente.

Señor Rodríguez, falabamos do que poñía sobre a mesa a Consellería do Medio Rural e, polo tanto, a Xunta de Galicia cun fin. Ese fin é seguir loitando polo noso rural galego, que é o 84,5 % do noso territorio e, polo tanto, por un sector que o vertebra, como é sector lácteo.

Coincido en varias cousas con vostede. E hai moitas en que, por suposto, non podo coincidir, porque ás veces a imaxe é tremendamente negra e outras veces é un soño que a todos nos gustaría conseguir pero que non é tan doado.

Por un lado, coincido, e así o fixemos. É dicir, a través do PDR 2014-2020 óptase por axudas para o apoio da implantación de métodos de produción máis extensivos. Optouse a través do PDR a axudas para a explotación en zonas con limitacións naturais, esas zonas que é onde máis despoboación está habendo e onde, por suposto, máis difícil o teñen as explotacións; entre outras causas por estar máis illadas.

No que se refire á investigación da AICA, por suposto que o ano pasado se fixo unha investigación intensiva e que a esta consellería se lle trasladaron os datos. E, dentro dos datos que se lle trasladaron, vanse introducir como criterios de risco para as distintas análises que se realicen durante todo o ano 2017.

De novo, e tal e como dicía anteriormente, e a pesar de poder optar a diminuír a produción, no caso de Galicia dende xaneiro ata novembro incrementouse en relación co ano anterior un 0,77 %. E a media a nivel nacional está nun 0,70 %. Iso quere dicir que pechan algunhas granxas, por suposto. Estamos no 6 %, que é a media nacional. Pero séguese a incrementar a produción. Aquí hai un feito que non podemos discutir, que é unha nova parte da historia no rural galego: que se están redimensionando as explotacións. É un fenómeno imparabile. Iso non quere dicir que a Xunta de Galicia e a Consellería do Medio Rural vaia deixar de lado as pequenas explotacións, que tamén son prioritarias no noso rural galego. Pero a tendencia, señor Rodríguez, é outra, e esa tendencia a Consellería tamén a ten que apoiar. Temos que deixar de falar simplemente de explotacións, porque son verdadeiras industrias, e esas verdadeiras industrias necesitan o volume necesario.

Dicía anteriormente que había que loitar por eses gandeiros, efectivamente, os pequenos gandeiros, que son os que están recibindo os menores prezos. E dáalle un dato. Ese dato era que xa 3.500 granxas cobran por riba dos 29,7 céntimos. Sen embargo, hai un número de explotacións, pequenas explotacións, nas que xeralmente a entrega se fai a eses primeiros compradores. Non dubide que se levan moitos anos para regularlos pero que se van regular, porque non podía ser doutro xeito. Son as que están percibindo uns menores prezos.

Se diferenciáramos entre o que é a recollida da industria, se diferenciáramos entre o que é a recollida desas grandes cooperativas —que aí non podo estar de acordo con vostede, do cooperativismo forma parte o gandeiro, e, polo tanto, das grandes cooperativas, e entendo que non hai malas cooperativas en Galicia senón todo o contrario, e o gandeiro forma parte tanto deses beneficios como deses prexuízos—, se somos capaces de ir por esa vía e diferenciarnos dos primeiros compradores, a media do prezo estaría por riba da media nacional.

Esa é a realidade, pero eu teño que ver —e non porque eu queira velo así, porque son moi realista, por quen son e por de onde procedo— que o futuro é alentador. E é alentador dende o momento en que por primeira vez se decide un maior número de mozos a optar polo eido rural. Foron 618 mozos os que se van incorporar este ano. Deses 618 mozos, máis do 50 % ten estudos superiores, e deses 618 mozos, máis do 50 % opta polo sector lácteo. E fano, ademais, cuns plans de viabilidade que créanme que van dar lugar a que poidan vivir dignamente. Poden vivir dignamente eles igual que esas explotacións que tamén recibiron axuda —ao final foron 60 millóns de euros—, e que optan por modernizar as súas explotacións cun fin, e ese fin é que sexan máis competitivos.

Estamos nun contexto totalmente distinto, un contexto no que, se o avaliamos, podemos dicir que, hoxe por hoxe, temos máis de 1.585 sociedades civís. Nesas máis de 1.585 sociedades civís está o 18 % dos produtores e o 32 % desa produción. Iso quere dicir que a xente opta por agruparse, por reagruparse, cun fin, e ese fin é ter mellor calidade de vida. Pero este é o ano tamén no que hai máis sociedades limitadas, chegando ata un número nunca

alcanzado dende o ano 1990, que son as 90 sociedades limitadas. E tamén segue optando o produtor polo cooperativismo. ´

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): É dicir, son situacións que nós consideramos alentadoras. E seguiremos traballando en tres eidos fundamentais, sen dúbida: maior transparencia no que é a cadea de valor; exixencia para que esa información chegue ás comunidades autónomas e poidamos tomar as determinacións precisas, regular a figura dos primeiros compradores, e seguir insistindo nunha parte fundamental para os nosos gandeiros, e esa parte fundamental é poñerlles á súa disposición as terras necesarias.

Moitas grazas e boa tarde (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as cinco menos cuarto, 16.45

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de pregunta ao Goberno. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Comezamos co debate acumulado das seguintes preguntas:

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as medidas de actuación en relación co porto da Coruña

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante de Portos do Estado e o Ministerio de Fomento para evitar a poxa dos terreos portuarios nos que están asentados A Solana e o Hotel Finisterre na cidade da Coruña

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de garantir pola Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado e o Concello da Coruña, a conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto

O señor PRESIDENTE: Para formular as preguntas —xa dixeran de xeito acumulado—, ten en primeiro lugar a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A primeira pregunta que quería facer é se a señora Beatriz Mato tiña unha cita ineludible ou ben que simplemente non quixo vir contestar algo que debía vir contestar a conselleira de Medio Ambiente, membra do Consello de Administración da Au-

toridade Portuaria da Coruña. É a primeira noticia bastante significativa que a señora Mato non veña contestar estas preguntas. Pero formularémola do mesmo xeito.

Estase a producir na Coruña un debate entre os que defenden o futuro do uso público do terreos da Autoridade Portuaria da Solana, do Hotel Finisterre e tamén da Bateria Calvo Sotelo, é dicir, do borde litoral da Coruña, e os que, co presidente da Autoridade Portuaria á fronte, coa señora Beatriz Mato apoiando e co Partido Popular apoiando, defenden facer negocio especulativo con eles.

Digo isto de que co apoio da Xunta de Galicia e do Partido Popular, porque a conselleira de Medio Ambiente, a señora Beatriz Mato, votou a favor, no Consello de Administración, da proposta de reabrir a poxa da Solana e o Hotel Finisterre. O pretexto que utilizan para esta privatización de terreos gañados ao mar, e que deberían de ser da cidadanía da Coruña, é a situación económico-financeira da Autoridade Portuaria, pero é só un pretexto, e un pretexto falso.

Se ben é certo que a xestión do señor Losada á fronte da Autoridade Portuaria é nefasta e que empeorou considerablemente a situación económica da Autoridade Portuaria dende a súa chegada; que dende a súa chegada pasou o resultado de explotación de 17,6 millóns de euros a só 1,28, e que dende 2012 o porto da Coruña ten resultado neto negativo, a explicación é, precisamente, unha xestión nefasta; unha xestión nefasta dos tráxicos portuarios, da ocupación do porto exterior, dos servizos anexos e complementarios, etc., e a solución debería de ser esa: mellorar esa xestión, renegociar a débeda, mellorar os tráxicos, a ocupación, etc. Non é verdade tampouco que coa venda deses terreos se vaia solucionar esa situación, é un pretexto para facer negocio especulativo.

O presidente da Autoridade Portuaria, nunha actuación vergoñenta, actuou de espaldas ao Concello e de espaldas ao propio Consello de Administración, negociando coa actual concesionaria dos terreos da Solana e do Hotel Finisterre sen darlle conta nin sequera ao Consello de Administración destas negociacións, pactando incluso un prezo de participación desta na poxa. Só ese motivo, ademais da súa nefasta xestión, xustifica que a Xunta cese a este home, ao señor Enrique Losada, pola súa deslealdade institucional e deslealdade coa cidade da Coruña, á que debería tamén de servir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿De que lado está — teño que formular a pregunta, se me permite, señor presidente— ...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Non, non, xa está...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...¿De que lado está vostede? ¿Pensan rectificar? ¿Pensan estar do lado dos poderes públicos ou pensan estar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Sabe como é a mecánica.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Sei.

O señor PRESIDENTE: É igual para todos, aquí non hai...

Señor Díaz Villoslada, por favor, a súa pregunta.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde.

O Pleno do Concello da Coruña, na sesión do día 9 de xaneiro, presentou a moción —por iniciativa do Grupo Municipal Socialista e apoiada maioritariamente polo Pleno— para a defensa da titularidade pública dos espazos da Solana e Finisterre.

A decisión do Consello de Administración da Autoridade Portuaria do día 22 de decembro, sen prexuízo da contestación por parte da conselleira do Mar —non estaría de máis, como se comentaba anteriormente, que a propia conselleira de Medio Ambiente, presente no Consello da Administración da Autoridade Portuaria, estivera nesta Cámara—, de subastar a Solana e o Hotel Finisterre e non aceptar a oferta municipal polos terreos do complexo deportivo, supuxo un desaire institucional de escasos precedentes na cidade e unha gravísima decisión no que, precisamente, se refire á cidade da Coruña.

A actuación do presidente de Portos, da Autoridade Portuaria, o señor Losada, e o propio Consello de Administración, coa señora Mato á fronte, decididos claramente á privatización urxente e definitiva dos terreos que ocupan tanto o hotel como as instalacións deportivas anexas, quedaron en evidencia nas negociacións anunciadas *vox populi* coa empresa inmobiliaria Río Mero en pleno mes de outubro, dous meses antes de que expirara o prazo outorgado pola propia Autoridade Portuaria ao Concello para facer chegar unha oferta económica. Negociacións, por outra parte, previas ao anuncio dun procedemento de alleamento público mediante subasta, o que polo menos chama realmente a atención.

Efectivamente, a construción do porto exterior da Coruña en punta Langosteira abordouse con financiamento estatal, cun préstamo do BEI e, segundo o convenio asinado en 2004, coa achega da Autoridade Portuaria a través da urbanización dos peiraos do porto interior, unha vez liberados de usos portuarios.

É evidente que as condicións económicas, sociais, urbanísticas e empresariais do momento da sinatura daquel convenio non se corresponden coas actuais, e polo tanto é imprescindible —sinala esta moción municipal— reformular os ditos acordos e acadar un planteamento que beneficie á cidade, en primeiro lugar, que permita acometer as obras finais do porto e que asuma as débedas do dito investimento.

Evidentemente, non se trata de poñer en cuestión o porto exterior, como agora pode ser que nos faga pensar a pregunta que nos vai formular o Partido Popular, pero é que o porto da Coruña non pode actuar de costas á cidade, coas súas necesidades, forma parte da cidade. E é imprescindible, polo tanto, compatibilizar as necesidades económicas da Autoridade Portuaria e os lexítimos dereitos da cidade.

A privatización da Solana e do hotel parecía prevista e preparada dese hai tempo, como tivemos ocasión de analizar ao revisar o tratamento das aprobacións do planeamento urbanístico. E vou directamente á formulación da pregunta:

¿O Goberno galego vaise dirixir a Puertos del Estado e ao Ministerio de Fomento para evitar a subasta dos terreos portuarios onde se radican A Solana e o Hotel Finisterre? Esperemos que a reunión que teñen organizada co presidente de Puertos del Estado para este venres 27, que parece que están facendo unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...emenda ao Partido Popular na Coruña... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Formula agora a pregunta o deputado Fernández Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

É probable que empece facendo unha referencia a palabras que acabo de escoitar, pero, señor Villoslada, preparado deixárono os gobernos socialistas. O convenio polo que se enajenan os terreos é do 2004, firmado por un alcalde e unha ministra socialista. (*Aplausos.*) E ademais, no 2010 incorpóranse —porque no convenio orixinal non estaba— A Solana e Finisterre á exixencia para autorizar o crédito, estando un galego de presidente de Puertos del Estado e un galego de ministro, ambos socialistas. Ou sexa que, se alguén organizou e mandou esta venda, foi o Partido Socialista, exixíndoo no convenio.

En segundo lugar, tamén parece estraño que pregunte En Marea, porque se A Solana non é xa municipal, é claramente pola incapacidade e a inoperancia do actual goberno da Marea na Coruña, que empezou dicindo nun hotel de luxo en Madrid que o porto exterior da Coruña era igual ao aeroporto de Castellón, e así acabamos tirando pedras contra as grandes infraestruturas de interese xeral da Coruña.

Pero mire, imos recordar, se me permite como antecedente, señora conselleira. En abril —final de marzo— díxolle o presidente de Portos do Estado ao alcalde que tiña pensado enaxenar esta parcela. Doulle tres meses, e nin unha palabra. Cando leva en maio ao Consello de Administración esa poxa, di o Concello: estamos dispostos a comprala nós.

Retírase o punto da orde do día do consello, proba de boa vontade. Tres meses tivo para dicir que non saíra nin a poxa, e cando se empeza, retírase. Dáselle seis meses a finais de xuño para que presente a poxa. A día de hoxe, dez meses despois —¡dez meses!—, a poxa segue sen abrir. Está aínda sen abrir, non mintan, aínda hoxe está sen abrir. E aínda non foi capaz, non foi quen, o alcalde da Coruña de presentar unha oferta firme en dez meses, porque o único que fixo foi mandar unha carta sen ningún valor e sen ningún valor xurídico, como ben din os informes da Asesoría Xurídica.

Por iso preguntamos a esta conselleira. Como ben dicía, tivemos que organizar dende o Partido Popular unha xuntanza porque o alcalde seguía desaparecido. Este venres teremos unha

reunión para intentar compatibilizar ese interese xeral de que siga sendo pública e os compromisos asinados polos anteriores responsables socialistas.

E por iso lle formulamos á conselleira a pregunta que xa coñece, ante a posibilidade de concugiar este uso e aproveitamento público, como ben defendemos no concello, e os terreos portuarios que poidan solventar as necesidades reais e económicas do porto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Despois de oír os deputados que me formulan esta pregunta, creo que a cuestión que hoxe nos trae aquí non pode ser abordada sen contextualizar fielmente o asunto da enaxenación dos terreos da Solana e Finisterre no seu devir temporal e fáctico. Sen iso, podemos pecar de contemplar só a parte máis recente do tema. E sen iso, caeríamos nunha evidente falta de elementos de valor.

Digo isto porque este asunto non arranca no mes de decembro do ano pasado, nin sequera en maio ou en xuño do ano pasado. O asunto, como ben se ten dito, ten raíces no ano 2004, cando arranca a decisión de construír o porto exterior da Coruña en punta Langosteira e continúa con paso decisivo no ano 2009. Naquel ano, o plan de empresa da Autoridade Portuaria recolle que no ano 2011 se ingresarán 30 millóns de euros pola venda de activos. Dito plan foi aprobado en xullo do ano 2008, e daquela existía a previsión de acadar 25 millóns de euros polos peiraos de Batería e Calvo Sotelo, debendo corresponder, consecuentemente, os restantes cinco millóns aos complexos A Solana-Finisterre.

Polo tanto, ninguén se pode chamar a enganos neste asunto falando de empresas ou de apuros. E moito menos se temos en conta que a venda dos terreos sinalados fora abordada nunha xuntanza celebrada o 31 de marzo do ano 2016, e na que estiveron presentes o propio alcalde da Coruña, o presidente de portos do Estado e o presidente da Autoridade Portuaria. Daquela, xa se coñecía o asunto.

Avanzando no tempo, este mesmo tema deu un paso adiante no Consello de Administración da Autoridade Portuaria do pasado 16 de maio, cando o representante municipal da Coruña manifestou o interese do Concello por comprar o Complexo da Solana no seu valor de taxación.

Entendendo a vontade do Concello, o punto foi retirado da orde do día, para analizar se era viable atender a solicitude da entidade municipal. E no seguinte consello, no do 30 de xuño, aprobouse dar un prazo de seis meses ao Concello para que presentara unha solicitude for-

mar de adquisición da área da Solana. Xa que logo, temos que falar dun máximo de oito anos e un mínimo de nove meses para dar pasos adiante nesa posibilidade.

Entendemos que con esta decisión non se subtrae o debate do seu uso, cando menos non se subtrae en canto xa sería subtraído naquel entón nos anos pasados, e non agora. Polo tanto, se houbo un fío nese carrete de fío, comezou a desenvolverse no ano 2008.

Mesmo hai quen sostén —cremos que vendo fantasmas onde non os hai— que este era un proceso orquestrado dende hai anos, atendendo incluso a cambios urbanísticos. Calquera cambio foi sostido por requirimentos e informes técnicos. Tiña que ser así, e así se fixo. E iso está referendado nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Nin sequera se sostén algún argumento que ve nesta venda o intento de solventar unhas contas lastradas pola mala xestión, como refería o señor Sánchez, posto que como referencia podemos sinalar que o porto coruñés acadou o segundo maior incremento nos seus tráxicos acumulados durante o ano 2015, só por detrás de Almería, e leva un incremento do 18 %, chegando aos 14 millóns de toneladas, retomando os movementos das cifras anteriores á crise.

Mesmo a cifra de negocio que acada os 27,6 millóns de euros é a maior da historia da Autoridade Portuaria. E se nos imos a Langosteira, vemos que o tráfico vai en aumento, acadando xa a cifra acumulada de 3 millóns de toneladas ao incrementarse este ano os tráxicos nese porto nun 50 %, contando tamén cunha previsión de crecemento para o ano 2017.

Con todo, a Autoridade Portuaria ten unha responsabilidade, e esa é a de buscar a mellor opción de xestión dos peiraos e dos espazos da súa propiedade. Ese obxectivo é irrenunciable, e así o indican os informes de Portos do Estado, e da Intervención Xeral do Estado.

Entendemos que, dentro desa mellor xestión, pode estar a adecuada conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto. Nesa compatibilidade estamos todos, inequivocamente, e queremos que se garanta a defensa do interese público. Tanto é así que somos os primeiros valedores da petición á Autoridade Portuaria da Coruña para que manteña a igualdade de oportunidades de acceso á propiedade dos terreos da Solana, e sabemos que así o fará.

O respecto á legalidade é unha máxima que debemos e queremos cumprir todos, por iso, se se deben facer as cousas, especialmente os trámites administrativos, é a xestión dos bens públicos conforme ao mellor grao de eficacia e de eficiencia; e cando digo todos, quero dicir todos con maiúsculas: todos debemos cumprir.

Digo isto porque, sabedores da intención municipal, entendemos que, para que A Solana sexa de titularidade pública, hai que presentar unha oferta, e ese traballo non nos corresponde a nós. Non dicimos nós tampouco que a documentación presentada como oferta no sexa consistente, corrobora nesa opinión quen debe velar pola legalidade das actuacións públicas da entidade portuaria, a Avogacía do Estado, e mesmo así o entenden as entidades que participan nas decisións portuarias. Excepto o Concello, todos votaron a favor deste asunto.

Polo tanto, quen impide a adxudicación directa ao Concello non é nin a Autoridade Portuaria, nin Puertos del Estado, nin a Xunta de Galicia, nin a Avogacía do Estado, é a falta dunha oferta en firme. Cremos que case cinco meses foi un temo prudencial para presentala; dous meses adicionais sería tempo suficiente para subsanar erros que se daban na primeira comunicación.

Polo tanto, para que sexa de titularidade municipal, ten que haber unha oferta municipal. Quen non presenta esta oferta en tempo, e sobre todo en forma, non é a Autoridade Portuaria, ese é un feito referendado pola Avogacía do Estado, e sen ese feito, pouco se pode facer.

Logo diso, falar de interese público é lícito. Defender a titularidade pública sen citar que para iso ten que intervir o Concello, pode chamar a enganoso, pero é lícito. Pero defender a viabilidade orzamentaria e dos empregos e xeración de riqueza do porto, tamén é lícito.

Ademais, non debemos de esquecer que foi tamén o interese público o que levou a construír o porto exterior de Punta Langosteira. Porque interese público, sen custo estimado polo seu valor incalculable, tamén é retirar a terminal petrolífera do medio da Coruña; e interese público tamén é evitar, na medida do posible, accidentes como o do Erkovich, o do Urquiola ou o do Mar Exeo, na propia fachada da Coruña. Por iso debemos ponderar todos os intereses públicos, e cada un debe cumprir cos seus deberes.

Polo tanto, entendemos que se abre un camiño de diálogo con Portos do Estado e coa Autoridade Portuaria que entendemos que debe ser aproveitado. Pode ser a oportunidade de subsanar un erro, e agardamos que así sexa.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Primeiro un pequeno paréntese de *Barrio Sésamo*.

Se o acordo da Autoridade Portuaria foi do 30 de xullo do 2016, e estamos en xaneiro de 2017, non son 10 meses, señor Fernández Prado, non son 10 meses. É máis, cando se votou a reapertura da poxa era en decembro, nin sequera se esgotou o prazo dado polo propio acordo. Polo tanto, quen violentou e quebrou o acordo do Consello de Administración foi o presidente da Autoridade Portuaria e non o Goberno da cidade da Coruña, que si fixo unha oferta. En tal caso, quen converte en nulas de pleno dereito todas as súas decisións é o presidente da Autoridade Portuaria, que negociou de costas ao Consello de Administración e pactou un prezo de participación da inmobiliaria Río Mero na poxa, e a señora Beatriz Mato votou a favor desta decisión.

Non nos interesan as súas leas. É certo que isto vén de moi atrás. Non nos interesan as leas entre o Partido Popular e o Partido Socialista, hai para todos. Vostedes, no Plan Xeral de 2012, converteron os terreos da Solana e do hotel Finisterre de dotacional público a dotacional privado, preparando o terreo, evidentemente, para a privatización.

E señora conselleira, eu teño aquí as contas e vexo que hai 308 millóns de euros de débeda, e dende o 2012 o resultado neto é negativo. Pero se vostede me está a dicir que as contas van ben, entón para que vender uns terreos que non van servir para cadrar as contas; moito menos que os cálculos botados eran en plena burbulla inmobiliaria, e agora xa non hai esa burbulla inmobiliaria; e que son terreos valiosísimos para o futuro da cidade da Coruña e son unha oportunidade para facer un planeamento buscando o interese público e xeral.

¿Entón que problema hai? ¿Para que vendelos? ¿Por que non se busca unha solución para que eses terreos teñan titularidade municipal e a cidadanía poida decidir que facer con eses terreos?

Ademais, recórdolle que cun valor simbólico, terreos gañados ao mar, terreos usurpados á cidadanía. Polo tanto, antes de que me corten, ¿que teñen previsto facer vostedes para garantir a titularidade municipal destes terreos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señora conselleira, como dixen na formulación da miña pregunta, nós en absoluto —non os poden levar a ningún grupo, creo, nin aos cidadáns da Coruña, a ese campo— poñemos en dúbida a necesidade do porto exterior de Punta Langosteira. Outra cuestión é a eficiencia moi discutible do presidente da Autoridade Portuaria. E chámame a atención que na Comisión 8ª, de Pesca, nos dicía o presidente de Portos de Galicia que a non instalación da base loxística de Pemex, que supoñía un incremento do 20 % dos tráxicos e do 15 % de ingresos en tarifas, non ten repercusión ningunha no plan de viabilidade, cun investimento calculado de preto de 58 millóns de euros.

Claro, se tratamos de compensar esas eivas nas previsións de ocupación de espazos coa utilización —e dígo sen demagogia— de espazos públicos actualmente desafectados, pois é unha forma un pouco peculiar de tratar de paliar algúns erros graves de previsión nas ocupacións de espazos de Punta Langosteira, que —como digo— en ningún momento poñemos en tela e xuízo. O que si poñemos en tela de xuízo é toda a actuación por parte tanto dos representantes da Xunta de Galicia no Consello de Administración, non respectando os prazos concedidos ao Concello, como a actuación por parte do Partido Popular na Coruña, cos vaivéns neste tema. E como ben dicía tamén o anterior comparecente, en 2012, precisamente sendo vostede, señor Martín Fernández Prado, concelleiro de Urbanismo, fíxose a catalogación a privado dese espazo. Neste sentido, o artigo 44 da Lei de Portos do Estado é claro, cando existe unha iniciativa municipal e cando é posible esa cesión gratuíta de espazos desafectados, é absolutamente posible dar lugar a esta cesión en favor do Concello para usos públicos, e non como dicían nalgunha ocasión na Coruña, que o cidadán non o vai notar porque xa está tendo un uso privado. Paréceme que ese non debe ser discurso que se debe de elaborar na Coruña, pero menos mal que se deron conta e aprobaron a moción presentada polo Partido Socialista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señora conselleira, permítame que faga unha explicación dos dous meses. O día que se lle dixo ao alcalde da Coruña que se ía enaxenar foi o 30 de marzo, fai esta semana 10 meses. Leva 10 meses para dicir algo. Tivo 3 meses máis que calquera outro antes, 3 meses máis. E en 10 meses, a día de hoxe, a poxa segue pechada, aínda non se abriu, e seguimos sen recibir unha oferta do Concello da Coruña.

Déixeme dicirlle outra cousa. O acordo votouse o 22, e quedou aberto por se neses 8 días aparecía o milagre de que presentara unha oferta o Concello da Coruña. Tomouse a decisión aberta a que se presente. E quero aclararlle quen vota no consello: non só os representantes da Xunta, vota tamén o capitán marítimo, votan os representantes sindicais, votan os representantes das actividades pesqueiras e marítimas, votan os representantes da Cámara de Comercio. Todos estiveron de acordo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, claro, hai un que non, o que non fixo o traballo; o que tiña que telo entregado.

E déixeme aclararlle unha última cousa ao señor Villoslada e a vostede. Esta parcela desafectouse en 1999. Cando se tramita o Plan xeral, o informe da Administración competente di: ao ser patrimonial, non é dominio público. Patrimonial, só pode quedar de dous xeitos: ou equipamento privado, ou para expropiar.

Como non había intención de expropiar un hotel, quedou como equipamento privado. E como dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante un contencioso presentado polo BNG, estivo ben feito xurídica e tecnicamente. E creo que está bastante ben confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En calquera caso, nós temos interese tamén en que xa que non fai ese traballo o concello, que é quen o ten que facer, a ver se polo menos coa axuda da Xunta se pode buscar unha solución para evitar a falta de traballo e a falta de dilixencia do Concello da Coruña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Sánchez.

Mire, diga o que diga, só hai un feito clave: a Solana non se pode adxudicar directamente ao Concello, así o din todos os informes da Avogacía do Estado, da Intervención Xeral, a auditoría feita. Eu non sei se 5 meses son suficientes para presentar unha oferta, pero o que dende logo non pode ser posible é que alguén que ostenta unha representación municipal crea que con dicir que expresa a súa vontade de adquirilo, con iso xa cumpriu todos os tráxicos, porque a partir de agora eu, ao mellor, teño que dicir que teño a vontade de mellorar

o marisqueo na provincia da Coruña, e con dicir iso, (*Murmurios.*) teño un crédito orzamentario para poder desenvolver o marisqueo na ría da Coruña. Así é como se fan as cousas (*Aplausos.*)

Mire, eu sonlle dunha xeración do esforzo. A min ensináronme que para aprobar un exame había que estudar. E que había que estudar antes do exame, non despois do exame, porque, ao mellor, se se fan as cousas despois do exame, suspéndese.

Mire, digan o que queiran, soamente podo dicir unha cousa: vostede aquí o único que atacou foi a unha compañeira de Goberno porque forma parte dun consello de administración. Non está, porque eu supoño que vostede ben sabe cal é a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a estrutura orgánica da Xunta de Galicia outórgalles aos responsables da Consellería do Mar a relación cos portos. Ben, pois son eu a que teño que vir contestar todos aqueles temas que teñen que ver con portos, como pasou na Comisión 8ª, cando preguntaban tamén por Punta Langosteira, por Pemex, e veu o presidente de Portos de Galicia a contestar.

É así. E non foi soamente a conselleira de Medio Ambiente a que no Consello de Administración votou a favor. Votaron absolutamente todos os representantes, excepto aquel que tiña que facer un traballo que non fixo. Claro, eu entendo que é moito máis fácil pintar unha pancarta que poñerse a traballar, facer unhas análises, buscar os cartos, ir alí e dicir: eu estou disposto a dar isto.

E tamén di do presidente da Autoridade Portuaria que non ten vontade, que o temos que cesar. Mire, é o único que ten vontade aquí de arreglar as cousas. Paralizou o proceso de subasta, está intentando sacar adiante o porto, ten o mellor resultado. Despois do porto de Almería, foi o segundo mellor porto de comportamento de todo o territorio nacional.

Outros eu non sei como expresan esa vontade. Porque intentar axudarlle a portos, á Autoridade Portuaria, ou intentar axudarlle ao sector pesqueiro subindo o IBI do 0,60 ao 1,30, non creo que sexa a mellor forma de axudarlles. De verdade, ao mellor outros pensan que si, que subindo os impostos se axuda ao sector pesqueiro.

Pois mire, nós entendemos sempre que imos defender o porto da Coruña e o porto exterior de Langosteira, e defendémolo así, non como outros, que —como ben dicía o señor deputado representante do Partido Popular— dixeron ben claro dende un hotel en Madrid que o porto exterior da Coruña era como o aeroporto de Castellón; un porto que está aumentando en tráfico; un porto que vai permitir sacar toda a xestión petrolífera do centro da cidade, que vai permitir retirar o oleoduto do centro da cidade.

Señorías, ¿alguén podería entender ao alcalde de Bilbao en contra do antepuerto de Bilbao? ¿Alguén podería entender que a alcaldesa de Xixón estivese en contra do porto do Musel? Pois non, aquí sucede todo o contrario. Pero nós estamos a favor, e esa vontade maniféstase cunha xestión directa tanto do presidente da Autoridade Portuaria como da Xunta de Galicia de poñerse en contacto con Portos do Estado para volveuse sentar e darlle unha nova oportunidade ao Concello da Coruña para que intenten arreglar as cousas, para que se faga unha oferta.

Nós entendemos que as cousas hainas que facer e hai que cumprir. E este camiño de ruta vén establecido dende o ano 2004. Ao mellor vostede daquela era moi pequeno, pero aquí, no ano 2004, en Galicia viviuse o accidente do Prestige, e estiveron todos os concellos litorais afectados por ese afundimento; e houbo naquel momento unha aposta do Goberno central, do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia, de decidir facer ese porto exterior para evitar que sucesos como o do *Urquiola*, como o do *Erkowitz* ou como o do *Mar Exeo* puideran volver suceder, e por iso se fixo ese investimento.

E no ano 2011, sendo ministro de Fomento un galego, sendo presidente de Portos do Estado outro galego, pedíronlle ao presidente da Autoridade Portuaria: «Díganos vostede unha relación de todos os activos que ten para poder vendelos, para que nós lle poidamos dar un crédito para seguir adiante con esas obras»; e iso está aí rexistrado, e iso está feito. E por iso o presidente da Autoridade Portuaria ten que dar cumprimento aos compromisos que adquiriu. E dentro dese compromiso está o de intentar volver falar co señor alcalde da Coruña para que fagan de verdade unha aposta firme, decidida, documentada e cun aval presupostario para que isto sexa bo para todos os cidadáns da Coruña, pero tamén para os usuarios do porto exterior de Langosteira.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión diante do Goberno de España para que Renfe manteña o servizo de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noela Blanco Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas.

«O ferrocarril galego ten unha longa historia que sangra inxustiza», estas eran unhas verbas dun discurso de Castelao no ano 1933 no Congreso dos Deputados. Daquela, este insigne galego facía un discurso onde criticaba o atraso de vinte e catro anos na liña de tren que unía Puebla de Sanabria, Ourense e O Carballiño; vinte e catro anos de atraso que daquela culpaban a orografía, en concreto O Padornelo, e que neste caso, no da chegada da alta velocidade, pois culpan ese tramo entre Taboadela e a cidade de Ourense; escusas para acabar marxinando unha comunidade autónoma e unha provincia como é Ourense.

Oitenta e catro anos despois, a última nova de marxinação que acabamos de recibir é que se van deixar practicamente desertas, que se van converter en estacións pantasma, sete estacións da Comunidade Autónoma galega, das que catro están situadas na provincia de Ourense, dúas na de Pontevedra e unha na de Lugo; estacións onde se vai deixar de vender

billetes e de dar información aos viaxeiros que por alí pasan, que son, aproximadamente, uns 200.000 cada ano, e aos que compran os billetes, arredor de 60.000. Son persoas ás que se vai baixar do tren do progreso.

As persoas que viven nesta vila báixanse dun tren que sempre trouxo riqueza, que trae incremento de produtividade e que incluso xera emprego, e que, sobre todo, nunha poboación especialmente envellecida e cun problema demográfico terrible, como é a provincia de Ourense, en concreto, e o sur de Lugo tamén, o que está a xerar é pisar poboación e evitar, na medida do posible, que os poucos que quedan sigan marchando.

Ademais, algunhas destas estacións son verdadeiras xoias arquitectónicas. E falo, por exemplo, da estación de Ribadavia, que, como vostedes viron estes días nos medios de comunicación, saltou aos medios debido á historia das irmás Touza —un feito histórico o destas irmás da miña provincia do que nos sentimos especialmente orgullosos—, que conseguiron salvar do nazismo miles de persoas.

Pois ben, nós entendemos, dende o Grupo Socialista, que estas estacións son vitais dende o punto de vista social, económico e, por suposto, tamén cultural, non soamente da provincia de Ourense, senón tamén de toda a Comunidade Autónoma galega.

E preguntámonos se este goberno, o Goberno da Xunta de Galicia —que sempre presume non de ser militante do Partido Popular, senón de ser militante de Galicia—, estableceu contactos co Goberno de España para interesarse por esta situación ou mesmo para mediar e impedir o peche ou a restrición de servizos nestas estacións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, dende logo, en primeiro lugar, permítame dicir que para o Goberno galego a calidade dos servizos ferroviarios por suposto que é unha prioridade. Sabe vostede que estamos a falar dunha competencia estatal, pero estamos facendo seguimento das transformacións e dos cambios que está experimentando o sector ferroviario. E o obxectivo é que estes servizos continúen evolucionando ao ritmo das necesidades e das demandas realmente dos nosos veciños.

Nese proceso de cambio de reestruturación do sector ferroviario, que dicía vostede, o que cómpre é onde temos que enmarcar o que comentaba vostede: o proceso de cambio e reestruturación do sector ferroviario. Nestes momentos —pola información que temos— ADIF e os representantes dos traballadores o que están é a abordar o transvase ordenado do canal de vendas presencial, das estacións que teñen persoal dedicado en

exclusiva á venda de billetes, as de maior tamaño, como poden ser as estacións da Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo ou Lugo. Estamos, polo tanto, a falar da posibilidade de que persoal de ADIF se integrara en Renfe Viaxeiros, polo tanto, que o persoal da operadora Renfe sexa quen venda os billetes, feito que a día de hoxe non é así, e por razóns históricas da escisión levada a cabo en Renfe no ano 2015 en dous, Renfe e ADIF.

Respecto do que comentaba vostede das sete estacións ás que alude vostede: catro estacións na provincia de Ourense: O Carballiño, Ribadavia —que comentaba—, A Rúa e O Barco; dúas estacións na provincia de Pontevedra: Redondela e Guillarei; e Sarria, na provincia de Lugo, estamos a falar de persoal de ADIF Circulación, que ten encomendadas as tarefas relacionadas coa administración de liñas, por exemplo, os cambios de agullas. Só estamos a falar de persoal de ADIF Circulación, que puntualmente realiza información e venda de billetes, aínda que non sexa o seu cometido principal. Polo tanto, estamos a falar de posibles cambios nas funcións, dedicándose ás tarefas propias do sector ferroviario, e en ningún caso mingua de postos de traballo.

Nós, como Goberno, por suposto que velaremos pola mobilidade e por que a mobilidade estea garantida. No caso de que o persoal con dedicación mixta á venda de billetes deixase de exercer esas funcións e se dedicase de pleno ás funcións de ADIF, eu agardo —e así o reivindicamos— que existan alternativas razoables ao usuario á venda directa a bordo do tren, vía telefónica, internet, dispositivos móbiles..., que se está a facer xa na maioría das estacións pequenas da Comunidade e tamén no conxunto do Estado.

Polo tanto, velamos pola calidade do servizo e tamén polos dereitos dos traballadores, que están sendo consensuados cos representantes dos traballadores e o ADIF.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Eu entendo, conselleira, que non se trata dunha competencia estatal, pero, ao igual que noutros casos e noutros temas que temos debatido nesta Cámara, nós, dende o Grupo Socialista, sempre o temos dito: no que pasa dentro do territorio galego, aínda que sexa un servizo de competencia estatal, pois hai unha certa responsabilidade —cando menos permítame que llo diga— moral e de goberno tamén da Xunta de Galicia, posto que é o territorio sobre o que ten competencia, aínda que non sobre ese servizo en concreto.

Cando vostede fala de abordar o transvase ordenado, esas non son as informacións que ten o Grupo Socialista. Coñecemos varias denuncias de sindicatos que están alzando a voz para dicir que non é soamente que se vaian reducir postos de traballo, senón que se vai sobrecargar algúns dos traballadores que están nesas pequenas estacións da provincia.

E permítame que lle diga e que faga unhas cantas puntualizacións. Eu, con todo o respecto, convídoa a que visite algunha das estacións de tren da provincia de Ourense. Nalgunha delas vaise atopar con que non pode nin entrar pola porta, porque a porta está pechada e ten que dar a volta ao redor de toda a estación. Noutras vaise atopar con algo tan curioso e tan representativo das estacións de tren como é que os reloxos están rotos, co cal non se marca ningún tipo de horario nin de saída nin de entrada de trens.

E cando fala vostede de internet, eu convídoa a que veña tamén para que dunha vez por todas sexan conscientes de cal é a realidade dalgunhas zonas de Galicia. Estamos falando dun territorio onde a poboación que é maior de 65 anos triplica a menor de 16 anos, é dicir, non é xente que estea habituada a estar todo o día con *tablets* nin facendo compras en internet, nin navegando a través da rede, señora conselleira. É máis, dígolle máis: hai zonas na provincia de Ourense —moitas, incluso nestas comarcas— onde non hai nin tan sequera cobertura.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, intereseime persoalmente —non sei se a contestación lle interesa— por este asunto, por suposto que si, e a información que teño é que existe un proceso de diálogo entre ADIF e os representantes dos traballadores, un proceso de diálogo que non está pechado e cuxo obxectivo é mellorar os servizos, ser máis competitivos, máis eficientes dentro do sector ferroviario.

Dende a Xunta o que entendemos é que o cambio proposto consiste esencialmente en repartir axeitadamente as funcións entre Renfe e ADIF. E dende logo que prestaremos especial atención especialmente á calidade do servizo —que tamén supoño que o compartirá vostede— e tamén garantir os dereitos dos traballadores.

Confiamos en que esa transformación sexa co maior consenso posible entre a empresa e traballadores e sindicatos, pois especialmente estamos a falar dunha empresa pública, e por iso esperamos e agardamos que neste marco de diálogo as solucións sexan as máis axeitadas ao respecto, e —insisto— con diálogo e acordo entre ADIF Circulación e os representantes dos traballadores.

Falábame vostede da internet e eu tamén falei da venda de billetes en ruta. Porque eu podo poñerlle un exemplo que acontece no eixo atlántico. No eixo atlántico a venda de billetes é só nas estacións principais, nas estacións intermedias non hai venda de billetes nas propias oficinas, senón que se vende na ruta do eixo atlántico.

Continuaremos, dende logo, permanentemente en contacto con Renfe, como así o imos estar ao longo deste proceso, estaremos vixiantes para garantir o servizo. Que se dean as solucións

axeitadas para a venda de billetes, por suposto —como dicía vostede—, non só aos nenos, que están habituados ás novas tecnoloxías, tamén aos maiores.

Non me diga vostede que non aposto polo rural, só faltaría, eu tamén veño do rural e aí está a mellora dos servizos do transporte público no rural. Non hai que levar o tren a todos os núcleos, ás trinta mil entidades de poboación, hai tamén outras alternativas como o transporte á demanda, que é a nosa aposta por mellorar a mobilidade no rural.

En calquera caso, apelamos ao diálogo entre as partes e agardamos que se resolva do mellor xeito posible, que sexa un servizo de calidade e que os usuarios teñan ese servizo garantido. É o que demandamos dende a Xunta de Galicia, é o que vimos demandando a Renfe e a ADIF. En calquera caso, seguimos incidindo —como digo— en que se melloren os servizos en xeral en Galicia, melloras dos servizos en cuestións prioritarias.

Falaba vostede ao principio da alta velocidade. Por suposto que para nós a alta velocidade tamén é un servizo imprescindible, aínda que sexan competencias estatais. E dentro das nosas responsabilidades tamén, como as estacións intermodais, tamén a mellora dos servizos.

E por suposto que eu non teño información —como di vostede— de pechar estacións e estacións pantasma; pecharíanse estacións se o tren non parara. Pero estamos a falar de que o tren si que para nesas estacións.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta do señor Lago Peñas, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación co resto de España

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor LAGO PEÑAS: Zygmunt Bauman deixounos escrito no seu último libro que as modalidades de contratación temporal son un mecanismo despiadadamente explotador. Citar aquí a Bauman é oportuno non só porque é un dos pensadores máis brillantes dos últimos tempos, ao que lle debemos o concepto de precariado, nin tan sequera porque falecera hai uns días, senón porque o motivo fundamental é que Bauman era polaco.

O IGE vén de publicar un estudo sobre salarios no que revela que Galicia é o territorio con maior precariedade laboral de toda a Unión Europea só por detrás da terra natal de Bauman, de Polonia. En realidade, o estudo do IGE di máis: di que Galicia ten a terceira peor taxa de paro de toda a Unión Europea, só por diante de España e de Grecia. Di que temos a terceira peor taxa de ocupación en toda a Unión Europea.

Pero posiblemente o máis chamativo do Informe do Instituto Galego de Estatística é o que se refire ao que eles chaman a temporalidade, e nós dámoslle o nome apropiado: a precariedade laboral. O IGE, conselleiro, di textualmente: «Na actualidade, tanto Galicia como España están á cabeza do ránking dos países con maiores taxas de temporalidade, só superada por Polonia. En Galicia, no ano 2015, foi do 25,4 %, sendo a media comunitaria do 14,1 %». E di máis: «En España e Galicia a taxa de temporalidade presenta un repunte nos dous últimos anos».

A pregunta é evidente: ¿como explica a Xunta que Galicia encabece o lamentable ránking da precariedade laboral en toda a Unión Europea? ¿Como explica que a precariedade laboral siga medrando neste tempo de recuperación económica? E, sobre todo, que nos diga qué vai facer o Goberno para combater esta lacra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, eu creo que aquí hai que traer un pouco os datos con claridade. Se vostede vén opinar, perfecto. Pero a taxa á que se refire, efectivamente, é unha taxa de temporalidade. A precariedade é un elemento subxectivo seu que simplemente o que pretende é cualificar un dato obxectivo, que é a taxa de temporalidade. Igual que a comparativa —sábeo perfectamente, e debería trasladalo así— non é de rexións, senón que é unha comparativa de países con Galicia. É un dato que creo que é importante destacar tamén. E, polo tanto, a súa análise eu lamento que non teña o rigor axeitado.

En calquera caso, tamén debería trasladar aquí que eses datos son do ano 2015 e que, polo tanto, non reflicten todas as melloras que, loxicamente, no mercado laboral se produciron no ano 2016, como así foi. Porque sabe perfectamente que no ano 2016 se crearon 17.000 empregos máis, que os contratos indefinidos se incrementaron preto dun 10 % e que os contratos para os menores de 30 anos tamén se incrementaron máis dun 15 %. Tamén sabe que estes datos reflicten —e non o dixo— un crecemento da taxa de temporalidade tanto en España como na Unión Europea. E sabe que ese diferencial entre Galicia e España se reduce a só tres décimas. E unha puntualización: nos últimos dous anos —agora matizarei— tamén sabe, como dicía, que 7 de cada 10 empregados, teñen un contrato indefinido.

Polo tanto, no debate parlamentario non se trata, señor Lago, de buscar titulares. Eu creo que o que hai que buscar son solucións, e creo que, nese sentido, o que eu esperaba era unha aportación máis obxectiva.

En calquera caso, nas políticas activas de emprego, temos que seguir traballando. Desde logo, en Galicia estamos traballando para que teña unha contratación indefinida. Esa contratación indefinida tamén sabe que ten unha senda de crecemento nos tres últimos anos. E, loxicamente, para iso xa digo que están as políticas activas e as decisións que se toman

por parte do Goberno. E, loxicamente, para iso xa digo que están as políticas activas e as decisións que se toman por parte do Goberno.

Eu pódolle dar un dato que me parece importante. E é que o 90 % de todos os contratos financiados por este goberno a través das axudas á contratación xa son indefinidos. Nós estamos promovendo nas políticas activas de emprego a contratación indefinida. E se preguntara por accións concretas, pódolle trasladar que este ano introduciremos un criterio, que é a taxa de estabilidade. Teremos en conta se as empresas realmente, nas axudas que se conceden, teñen esa taxa de estabilidade cun mínimo para que poidan ser elixibles.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica.

Señor Lago, cando queira.

O señor LAGO PEÑAS: Señor conselleiro, os titulares non os dou eu, dáos o IGE, o Instituto Galego de Estatística. Volvo dicir: na actualidade, tanto Galicia como España están á cabeza no ránking dos países con maiores taxas de temporalidade, só superados por Polonia. Eu leo textualmente a páxina do IGE, non dou titulares. Daraos o IGE, eu léoos.

Segundo, non existe ningunha razón económica... Porque o conselleiro pasou de refilón pero recoñeceu que a taxa de precariedade laboral de Galicia superaba a media española. Recoñeceuno, en décimas, o que pasa é que España é o subcampión mundial da precariedade laboral, e superamos o subcampión mundial en décimas. Si, pero temos maior precariedade laboral que a media española. Iso ¿como se explica? ¿Que razón de especialización produtiva existe no noso país para que sexamos máis precarios que outros territorios que teñen hostalería, que teñen turismo, que son Canarias, etcétera? ¿Cal é a razón que o explica, señor conselleiro?

E déixeme que conteste a isto último que dixo. Mire, no Estado e en Galicia levamos décadas entregando miles de millóns de euros ás empresas para que fagan contratos estables, miles de millóns de euros. E o resultado final é que a precariedade non só non baixa, senón que aumenta. Nese sentido quero dicirle, señor conselleiro, que todos sabemos que esa contratación temporal é na súa maior parte fraudulenta, porque no Estado español existe o principio da causalidade contractual. Un emprego de carácter indefinido ten que ter un contrato estable, e só un posto de traballo conxuntural pode ter un contrato temporal. Polo tanto, é imposible, ¡imposible!, que unha de cada tres persoas que traballan en Galicia estean traballando nun posto de traballo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago. Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Polo tanto —e remato con esta idea—, subvencionen menos e persigan máis ...

O señor PRESIDENTE: Non, grazas. Grazas, señor Lago. Grazas.

(Aplausos.)

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu lamento que o seu grupo permanentemente queira introducir conceptos nesta Cámara que están tipificados no ordenamento xurídico español. E se é así, se vostede entende que hai actitudes fraudulentas, debería saber o que ten que facer, e non intentar traer aquí un concepto etéreo, sen ningún tipo de fundamento, na súa exposición.

En calquera caso, insisto en que vostede fala de precariedade, pero diso non é do que fala o informe do Instituto Galego de Estatística. O Instituto Galego de Estatística fala de taxa de temporalidade. Porque se vostede quere falar de precariedade, eu diríalle: ¿que opina sobre a taxa de parcialidade? Iso tamén é precariedade, señor Lago. Si, ¿verdade? Pois a diferenza, neste caso, de Galicia respecto da Unión Europea e de España é que Galicia ten a taxa de parcialidade máis baixa, en cinco puntos respecto da Unión Europea e nun punto respecto de España. Polo tanto, eu creo que debería medir moi ben ese concepto de precariedade, porque, se non se define ben, loxicamente, lévao a este tipo de erros, que eu creo que non debería cometer nesta Cámara.

En calquera caso, eu reitérolle que hoxe 7 de cada 10 asalariados en Galicia teñen un contrato indefinido. Pero insístolle máis aínda: 2 de cada 3 traballadores, e vostede sábeo perfectamente, teñen un contrato indefinido a tempo completo. E sabe tamén perfectamente que Galicia ten máis asalariados a tempo completo respecto de España e respecto da media da Unión Europea. Entón, eu creo sinceramente que, simplemente, se vostede intenta definir a precariedade coa temporalidade, está cometendo un erro metodolóxico de primeira magnitude, impropio —xa digo— nesta Cámara.

En calquera caso, nós seguiremos traballando por promover a contratación estable, esa é a nosa responsabilidade. Temos que traballar nas políticas activas de emprego. Estámolo a facer. E estamos introducindo medidas —como xa lle trasladei— como introducir o elemento da taxa de estabilidade para a concesión de axudas ás empresas. E loxicamente temos que seguir afondando, e para iso imos promover unha lei de emprego para precisamente introducir na lei todos estes elementos. E eu creo, señor Lago, sinceramente, que eu espero que no seguinte debate se centre nas ideas e non en lecturas parciais de elementos e estatísticas onde o que se intenta é cualificar algo que non está na metodoloxía do propio índice.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da luz

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, a pesar da propaganda insistente da oposición, este goberno non está ao servizo das grandes empresas eléctricas, fundamentalmente porque para a Xunta de Galicia é un obxectivo prioritario minorar o consumo eléctrico na propia Administración, como explicou onte o conselleiro de Presidencia; aforros de ata un 20 % tanto na electricidade coma no gas. Polo tanto, fraco favor lles facemos ás eléctricas. Tamén porque, dende a Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, se fomentou no seu día que os concellos reclamasen sobre as súas facturas da luz. E, ademais, porque na Lei de medidas do ano pasado se incluían dúas accións para obrigar as compañías a que lean os contadores e facturen polo consumido, tamén para que non suban os prezos de alquiler dos contadores. E si, claro, vostedes diranme que as suspendeu o Constitucional, pero non dirán, coma sempre, que non propoñemos medidas en favor dos consumidores.

E, por suposto, porque a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Consumo e da Dirección Xeral de Industria, vén traballando en diferentes liñas para protexer os dereitos dos consumidores, garantindo a seguridade dos produtos que se atopan á venda, impulsando a información e o asesoramento, e mediando na resolución de conflitos entre as empresas e os consumidores. Porque para este goberno, a protección dos dereitos dos consumidores no ámbito da subministración eléctrica é unha prioridade. Porque a factura da luz é unha preocupación para moitas familias.

Nos primeiros nove meses do ano 2016, o Instituto Galego de Consumo tramitou máis de 2.000 reclamacións, das cales preto dun 60 % xa foron resoltas de xeito favorable para os reclamantes. E, como ben dixo o presidente Feijóo esta mañá, a Xunta, na defensa dos consumidores máis vulnerables, ten activado axudas como o ticket eléctrico social dende 2014, que beneficiou xa a preto de 5.000 familias; e, ademais, tamén un convenio coas comercializadoras que evitou xa o corte de luz por impago a preto de 800 fogares.

Isto non é precisamente un goberno durmido, como afirma a oposición. Pero, como non estamos contentos coa situación dos galegos no referente á factura da luz, cremos que se deben seguir impulsando medidas dirixidas a achegar as claves para que os consumidores poidan aforrar no seu recibo eléctrico.

Polo tanto, e por todo o exposto anteriormente, pregúntolle, señor conselleiro: ¿que está a facer a Xunta de Galicia para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da luz?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, eu agradézolle que hoxe traia esta cuestión aquí a debate nesta Cámara, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Aquí parece, señor presidente, que á oposición lle interesa só unha parte do contido da orde do día do Parlamento. Creo que iso seguramente habería que revisalo. *(Aplausos.)* En calquera caso, señorías, eu creo que, efectivamente, a información e a formación dos aspectos vinculados coa protección efectiva dos dereitos dos consumidores é un elemento que nos preocupa a todos; sobre todo, preocupa naqueles colectivos máis vulnerables.

Eu imaxino que a oposición coñece perfectamente o recibo da súa factura da luz, seguro. Pero eu recoñezo que, efectivamente, seguramente moitos dos que estamos aquí non saibamos qué tipo de contrato temos, se estamos no mercado libre ou estamos no mercado regulado, se se pode compensar ou se pode optar pola discriminación horaria, ou se pagamos máis potencia da que precisamos. E todos eses elementos, señorías, son elementos que se recollen no recibo da factura. E, polo tanto, unha lectura axeitada dese recibo da factura entendemos desde o Goberno que pode ser un elemento tamén moi importante para que os consumidores poidan aforrar no seu recibo.

E por iso decidimos por parte do Goberno lanzar no seu momento unha nova campaña, «Dálle luz á túa factura», que consistiu fundamentalmente en trasladarlles aos consumidores unha comprensión da súa factura, informalos de como poden reducir o gasto e, sobre todo, facer fincapé no aforro e na eficiencia enerxética. Iso permitiu estar en 74 concellos, permitiu tamén que máis de 3.000 persoas puideran acceder directamente á información a través da páxina web; e todo iso para que se puidera comprender mellor a factura e que, sobre todo, os consumidores puideran recibir recomendacións concretas para aforrar no recibo da luz. Creo que esta acción coordinada entre o Inega e o Instituto Galego de Consumo é unha mellora na información, no asesoramento das persoas consumidoras, e, sobre todo, xa digo, que lles permita ter elementos de utilidade para aforrar no seu recibo, e sempre ofrecéndolles aos consumidores e poñendo á súa disposición tanto o INEGA, como o Instituto Enerxético de Galicia e o Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Señor conselleiro, agradézolle a súa intervención e a explicación clara sobre esta medida tan importante posta en marcha pola súa consellería, «Dálle luz á túa factura», que facilitará, sen dúbida, a comprensión da factura e informará sobre como reducir o gasto a través de aspectos fundamentais, como son: elixir o tipo de contrato máis axeitado para cada fogar, revisar a potencia contratada ou valorar a discriminación horaria.

A dita iniciativa estase a divulgar a través dos concellos, coñecedores dos problemas máis habituais dos seus veciños, e nos que se farán xornadas informativas. Tamén se difundirá, por suposto, a través das redes sociais cunha páxina de Facebook chamada «Dálle luz á túa factura».

E reitero, señorías, que para este goberno e tamén para este grupo parlamentario a subministración eléctrica é un aspecto prioritario, xa que afecta de cheo á economía das familias galegas; e tamén porque os seus dereitos teñen, por suposto, que ser defendidos contundentemente. Polo tanto, gustaríame, señor conselleiro, que na súa segunda intervención nos explicase máis polo miúdo o importante labor que está a facer dende a súa consellería, e, máis concretamente, a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia, en materia de reclamacións relacionadas coa factura eléctrica dos consumidores galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Eu creo que o elemento máis importante é que os galegos e as galegas teñen que saber que o Instituto Galego de Consumo e da Competencia está á súa disposición, polo tanto, para atender calquera dúbida de calquera elemento do recibo das súas facturas como para que nalgún momento determinado poidan, efectivamente, se ven conculcados os seus dereitos, presentar unha reclamación. Eu creo que ese labor de, primeiro, información e, en segundo lugar, defensa dos dereitos se está a desenvolver por parte do Instituto Galego de Consumo con moito rigor e, sobre todo, con moita contundencia. Porque esa información está permitindo que moitos dos consumidores coñezan, efectivamente, como ter marxe para aforrar no seu recibo da luz. Creo que hai tres elementos absolutamente determinantes: en primeiro lugar, a potencia contratada; en segundo lugar, se ese contrato está vinculado ao mercado regulado ou ben ao prezo do pequeno consumidor ou se está liberalizado; e, en terceiro lugar, se ten discriminación horaria. E, polo tanto, con eses tres elementos pódese ter un aforro moi importante.

Esa foi a misión que tivo o Instituto Galego de Consumo e da Competencia para trasladar esa información aos cidadáns. Seguimos abertos a dar esa información e, por suposto, como segundo elemento, a actuar con toda contundencia para defender os dereitos dos cidadáns. E aí, dende logo, o Instituto Galego de Consumo creo que está facendo un labor realmente importante. Son 20.000 reclamacións relacionadas coa enerxía eléctrica, un dato que creo que é suficientemente relevante. E preto do 80 % desas reclamacións xa foron resoltas de xeito favorable para o consumidor. E iso é o que deriva en que, efectivamente, abrimos dende o ano 2009 preto de 2.400 expedientes sancionadores con esa cifra de 24 millóns de euros polos cales foron sancionadas as empresas eléctricas tanto a través do Instituto Galego de Consumo como a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Creo que ese é o labor do Goberno: primeiro, informar e trasladarlles aos consumidores como poden aforrar na súa factura e, en segundo lugar, loxicamente actuar con toda contundencia defendendo os seus dereitos e, polo tanto, atendendo calquera reclamación que se poida trasladar. Se a iso lles sumamos as iniciativas que a través do Plan de vivenda facemos para

que os consumidores poidan ter aforros na vivenda, encontraremos seguramente as claves para que os consumidores teñan que afrontar un custo menor e, polo tanto, un custo razoable do consumo enerxético que ten cada un dos fogares.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso laboral que está a padecer unha traballadora dunha empresa de transporte de viaxeiros

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, conselleiro.

Hoxe desde o BNG temos que preguntarlle pola situación laboral dunha traballadora, Nélida Pisco, que se atopa arriba na tribuna de convidadas.

Nélida Pisco traballa como condutora de autobuses na empresa Hedegasa, empresa concesionaria de liñas de transporte regular de viaxeiros, de transporte colectivo e transporte escolar público na comarca de Pontevedra.

Desde o ano 2009 vén sufrindo unha situación de acoso laboral. Naquel ano, tras un aborto, un embarazo de alto risco e un parto prematuro pare a súa primeira filla, que nace cunha enfermidade conxénita pola que precisa lactancia natural. Ante isto, Nélida pide á empresa as súas vacacións anuais tras a licenza por maternidade, máis unha redución de xornada para poder atendela. A empresa négase a cumprir a legalidade vixente e dille que o que ten que facer é ir para a súa casa, coidar á súa filla e que logo xa veremos se a volven contratar. Evidentemente, Neli non acepta esta situación porque significaría perder o seu posto de traballo. E a partir de aquí entra nun auténtico calvario de despedimentos, de sentenzas gañadas no xulgado. O xulgado indícalle á empresa que ten que readmitila en condicións laborais que a empresa non acepta. Reincorpóraa, mais nunhas condicións que nada se parecen ao que establece a sentenza: en rutas que non lle permiten o contacto cos seus compañeiros, tendo que recoller o autobús nunha parada, deixar o seu coche e logo estar tres horas sen facer nada na estación de autobuses, e volver ter que deixar o autobús nesta parada. Non lle entregan uniforme dende o ano 2009, tampouco lle entregan as nóminas, que ano tras ano ten que solicitar —e as vacacións— no xulgado. E mesmo foi agredida no ano 2010.

A todo isto hai que engadir que a Dirección Xeral de Tráfico o 20 de decembro trasládalle unha notificación pola que lle suspende o permiso de conducir. Isto faino a DXT por instancias da empresa, que considera que Neli é un risco para a seguridade da conducción e para a seguridade dos viaxeiros; unha lamentable actuación da Dirección Xeral de Tráfico, que non se molesta en comprobar a veracidade da denuncia nin se preocupa por pedir os informes médicos, unha actuación que, dende logo, lamentamos no Bloque Nacionalista Galego. E lamentamos que a empresa volva despedir a Neli coa covardía de facelo por burofax.

Temos que dicir que Inspección de Traballo levantou varias actas de infracción dende o ano 2012 e condenou a empresa. Usou os cualificativos de psicoterrorismo, mobbing, hostigamiento e acoso laboral, e foi condenada por vulneración de dereitos fundamentais a indemnizar a Neli.

Todo isto que acabo de describir non é o guiión dunha película de terror, señor conselleiro. É a vida real, o día a día, dunha traballadora de carne e óso, de Nélica Pisco. E todas estas actuacións son realizadas por unha empresa que ten unha concesión pública da Xunta de Galiza, unha empresa á que se lle paga con cartos públicos, con cartos de todos os galegos e as galegas. E a Xunta de Galiza...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor. Señora Prado, formule a pregunta.

A señora PRADO CORES: ...ten, na súa lexislación, establecida como mellora a potenciación do emprego feminino.

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, por favor, formule a pregunta. Formúlea.

A señora PRADO CORES: Por todo isto, señor conselleiro, pregúntolle: ¿que vai facer?, ¿vai facer algunha actuación dende a Xunta de Galicia, dende a súa competencia, para solucionar a lamentable situación laboral de Nélica Pisco?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, vostede sabe perfectamente que o Goberno sempre ten defendido e, dende logo, sempre defenderá os dereitos de calquera persoa traballadora en Galicia. Esa é a nosa responsabilidade, esa é a nosa forma de actuar, e máxime cando hai unha denuncia de acoso laboral ou de discriminación por xénero. Creo que esa é, xa digo, a nosa responsabilidade e, de feito, nos catro últimos anos —por darlle un dato— a Inspección de Traballo ten realizado preto de 1.100 actuacións relacionadas co dereito á dignidade e á non discriminación dos traballadores. E, ademais, tamén ten realizado a propia Inspección de Traballo máis de 1.600 actuacións para velar pola igualdade efectiva entre homes e mulleres. Polo tanto, creo que o Goberno sempre está para reaccionar, sempre está para defender os dereitos dos traballadores e, como dicía, máxime cando a denuncia se trata de temas de acoso laboral ou de discriminación por xénero.

A Inspección de Traballo, efectivamente, neste caso interveu en tres ocasións perante a empresa Hedegasa, dúas delas en relación coa señora Pisco Suárez. A primeira actuación foi en xaneiro do 2010, que foi relativa á discriminación. E, dado que tamén se presentou unha de-

nuncia no xulgado do social, sabe que non procedeu ningún tipo de actuación administrativa nese caso. A segunda actuación xa foi o 21 de xuño do ano 2012, e deu lugar, efectivamente, a unha acta de infracción moi grave por acoso laboral e tivo unha sanción a propia empresa.

Dende entón, señora Prado, a Inspección de Traballo non actuou, sencillamente, porque non recibiu ningún tipo de denuncia por parte, neste caso, da traballadora. O que si recibimos foi unha petición de conciliación ante o SMAC o pasado venres, 20 de xaneiro, precisamente catro días despois de que o seu grupo rexistrara a pregunta nesta Cámara. E a razón desta petición, como sabe, tamén é a baixa da traballadora na Seguridade Social.

En todo caso, si lle podoo dicir que ese acto de conciliación está fixado para o 9 de febreiro, e eu o que espero, loxicamente, é a actuación contundente, como ten sido ata o de agora, das diferentes administracións. Eu creo que o Parlamento non é o lugar para prexulgar ningún tipo de actuación. Ningún responsable público —cónstame—, ningún funcionario e ningún xuíz vai tomar decisións contra ese dereito. E, dende logo, nós o que imos facer é, loxicamente, seguir o caso a través da propia Inspección de Traballo e actuar, pero en ningún caso, señora Prado, creo que deba ser oportuno establecer xuízos paralelos sobre un caso que se está a resolver polas canles ordinarias e, sobre todo, polas canles para garantir os dereitos dos traballadores, como así está establecido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Prado.

A señora PRADO CORES: É evidente, señor conselleiro, que Inspección de Traballo ten actuado e foi condenada a empresa por actas de Inspección de Traballo no Xulgado do Social de Santiago e no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Pero o que lle estamos preguntando é qué vai facer o Goberno galego diante dunha empresa que vulnera sistematicamente a lexislación laboral e ten esta actuación aberrante cunha traballadora —e non é que o digamos aquí, senón constatado por sentenzas xudiciais—. E a Xunta de Galiza, en vez de actuar, o que fai é renovarlle a concesión. O que lle preguntamos é qué actuacións políticas vai realizar, señor conselleiro. Porque non se trata soamente dunha cuestión laboral, trátase dunha cuestión de actuación política, e a Xunta de Galiza ten instrumentos políticos para poder actuar.

Neli aguanta e aguantou esta situación laboral indecente, aínda que lle ofertaron por parte da empresa que abandonara o seu posto de traballo. E di que o que sempre defendeu foi o seu dereito a ser nai e a manter o seu posto de traballo, como unha cuestión de dignidade. Nunha recente entrevista di que «a pesar de momentos duros, son consciente do que estou facendo. Teño dúas fillas e a loita vale a pena porque o que consiga vai ser tamén para elas. Ao principio custábame máis asumir os golpes, pero co tempo deime conta de que era a peaxe necesaria para exixir dereitos».

E eu preguntolle, señor conselleiro, a vostede e ao Goberno que representa, se vai deixar soa a Nélica na súa loita pola igualdade, pola conquista de dereitos para as mulleres; se vai deixar

que Neli pague esa peaxe individualmente por reclamar o que legalmente lle corresponde. A loita polos dereitos laborais das mulleres está feita a base desas peaxes individuais, da incompreensión, da peaxe da indiferenza, da peaxe da vexación. E a Xunta ten instrumentos para actuar. O que non ten é vontade política nin vergonza se non fai absolutamente nada e queda na resposta que vostede me deu na primeira intervención.

Non deben esquecer vostedes que as que estamos hoxe aquí, as mulleres que estamos hoxe aquí, con dereitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...estámolo porque antes moitas Nélicas Pisco anónimas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...loitaron polos nosos dereitos. E eu dígolle que Nélica...

O señor PRESIDENTE: Agora vai responder o conselleiro. Grazas.

A señora PRADO CORES: ...é un exemplo de coraxe, de valentía...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e de dignidade, e que non merece un goberno como é...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas. Grazas.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, acabou o seu tempo, xa non está gravado isto. Grazas.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro para pechar.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Prado, eu o que lle podó trasladar, loxicamente, é o máximo respecto á traballadora, o máximo respecto tamén aos seus compañeiros, respecto que vostede non lle ten a este goberno pola súa intervención. En calquera caso, o que si está claro é que este goberno vai seguir actuando con total contundencia, vai seguir actuando nas súas responsabilidades, nas súas responsabilidades. E cando vostede me fala da actuación política, efectivamente, a Consellería de Economía, Emprego e Industria vai actuar como autoridade laboral que é, no exercicio das súas competencias, e, polo tanto, seguiremos a colaborar estreitamente coa Inspección de Traballo, é a nosa responsabilidade. E tamén imos velar para que se cum-

pran todos os dereitos laborais de todos os traballadores e de todas as traballadoras da nosa comunidade.

Eu pódolle dar outro dato, e é que cada ano se desenvolven máis de 80.000 actuacións inspectoras en Galicia dende a Inspección de Traballo. E moitas das cales, efectivamente, dan lugar a infraccións. Por iso seguiremos con total contundencia, sen ningún tipo de fisura, para defender eses dereitos.

Eu lamento a súa intervención, señoría. Non todo vale no debate parlamentario. Eu creo que aquí vimos actuar en representación de todos os galegos e galegas, non como voceiros dun sindicato. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, dende logo, eu teño toda a confianza, toda a confianza, na profesionalidade e no bo facer dos funcionarios públicos, que parece que vostede non ten.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta do señor Casal Vidal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai promover o Goberno galego para evitar a fuga e deslocalización das empresas auxiliares do sector do automóbil ao norte de Portugal

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde, señor Conde.

Imos preguntarlle por un dos asuntos máis alarmantes que temos nestes momentos en Galicia a nivel industrial, como é o proceso de deslocalización cara a Portugal da industria de compoñentes do automóbil, que supón máis de doce mil postos de traballo e globalmente coa industria ensambladora máis do 15 % do PIB de Galicia.

E voulle ler algunhas portadas dos periódicos galegos dos últimos dous meses, que seguro que vostede tamén coñece: «*La automoción ganó 5.800 empleos desde 2010 en Portugal y perdió 1.950 en Galicia*», «*La francesa Mecaplast compra una firma lusa para subministrar a PSA desde Aveiro*», «*El norte de Portugal capta dos nuevos proveedores que crearán 550 empleos*», «*Aludec abrirá su segunda planta en Viana do Castelo con más de setenta empleados*», «*Las nuevas inversiones de automoción en el norte luso crean más de 2.000 empleos en un año*».

Ante todo isto, e como damos por feito que tamén vostede le todo isto e está igual de alarmado que nós, ao mesmo que o están os traballadores e traballadoras destas industrias en Galicia —de feito xa máis de trinta provedores de PSA Citroën xa están en Portugal—, as iniciativas estruturais para cambiar esta situación terían que ser implementadas desde hai moito tempo, xa que este proceso se iniciou oito anos atrás. Non se fixo. Agora hai que mudar este rumbo pero estas medidas estruturais terán resultados a medio e longo prazo, e a si-

tuación é tan grave e acuciante que hai que desenvolver unha estratexia de choque para mitigar esta tendencia no curto prazo.

Por iso, queremos coñecer, e por favor non nos fale da excelencia da industria galega de compoñentes, pois coñecémola perfectamente, e o que queremos é que nos conteste á pregunta que lle imos facer: ¿que está a facer e que fará a partir de agora o Goberno galego a curto prazo para revertir a tendencia exponencial de deslocalización da industria de compoñentes do automóbil cara ao norte de Portugal?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu teño que expresar a miña total sorpresa. Tamén a miña total satisfacción porque é a primeira vez que escoito un representante do seu grupo pedir que se apoie a industria en Galicia. Iso creo que é para estar contentos e satisfeitos de que traia esta pregunta.

Mire, nesta Cámara, AGE votou en contra da modificación da Lei do solo que permitiu a ampliación de PSA Citroën en Vigo; votou en contra. Vostede sabe perfectamente que vostedes, xunto ao BNG, cuestionan permanentemente as axudas que reciben as empresas de automoción en Galicia. A última vez, o señor Merlo, de En Marea, na Comisión 6ª o 18 de xaneiro deste mesmo ano. Incluso alguén da súa esfera chegou a dicir neste Parlamento —e cito— que Vigo está secuestrado por Citroën, por non dicir que Galicia está secuestrada por Citroën, e que o obxectivo de Citroën é conseguir que Galicia se converta nunha nación co traballo máis precario da Unión Europea. Iso díxoo un membro cercano ao seu grupo. Polo tanto, eu recibo con total satisfacción esa rectificación que parece que o seu grupo quere traer a esta Cámara e, dende logo, son benvidos a sumar en favor da modernización e da reindustrialización en Galicia.

E pregúntame vostede por medidas estruturais que non se toman dende hai oito anos. Eu aquí si lamento que non coñeza a realidade do sector de automoción en Galicia e non coñeza a realidade das actuacións que levou a cabo este Goberno. Debería saber que esta Administración xa deu apoios por máis de 100 millóns de euros nos últimos cinco anos, mobilizando máis de 600 millóns de euros. Debería saber que grazas a este Goberno a innovación está dentro da axenda, tamén, do sector da automoción, e pónolle como exemplo eses 10 millóns de euros destinados ao Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes no CTAG, os 7 millóns de euros para apoiar oito unidades mixtas de investigación e, en definitiva, tamén a aposta pola industria 4.0.

Parece que lle pasou por riba que precisamente na pasada lexislatura, co traballo deste Goberno, co traballo do sector e sen o apoio de En Marea —neses momentos de AGE—, Galicia

demostrou que efectivamente tiña capacidades tecnolóxicas para desenvolver o coche autónomo, que Galicia tiña capacidades tamén para que lle adxudicaran dous novos modelos na factoría Citroën, que garanten dez anos de actividade no sector de automoción. E parece, señor Casal, que vostede non pasou na pasada lexislatura pola industrialización de Galicia e pola aposta deste Goberno polo sector de automoción. Laméntoo profundamente pero o que si recibo con gran satisfacción é o interese do seu grupo pola industria en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: A verdade é que, señor Conde, como esperaba, non contestou en absoluto que van facer ante unha situación evidente, ou sexa, parece como que pasan por enriba da realidade que se está producindo e non a queren acometer, e non hai peor ignorante que o que non quere saber. É unha realidade evidente, hai que actuar.

É verdade que a Xunta de Galicia —¡faltaría máis!— dotou diñeiro para investimento. Tamén deixou sen investir 220 millóns de euros de I+D+i nos últimos cinco anos. Probablemente unha parte deses 220 millóns de euros sen executar estivera no desenvolvemento tecnolóxico, pero no desenvolvemento tecnolóxico que de verdade fixera valor na cadea de valor real, e non pagar custos que teñen que asumir algunhas empresas, como por exemplo Citroën, para que aforren estruturas salariais que teñen que asumir de maneira propia e que en absoluto aportan valor para a industria dos compoñentes.

Eu, xa que vostede non me di cousas concretas, voulle plantexar posibilidades, e ofrecémosnos a colaborar nese plan que ao mellor vostedes pensan que non é necesario, pero é que ao mellor en dous anos quedamos sen industria de compoñentes ao ritmo que levamos: hai que simplificar os trámites das competencias de axudas industriais en I+D+i, hai que incrementar os límites máximos das axudas ata onde permite a normativa da Unión Europea para verdadeira innovación. Para iso é imprescindible unha mellor estruturación do Igape, para transformalo nunha verdadeira esencia de desenvolvemento, en vez do perfil fundamentalmente financeiro que ten na actualidade. Iso garante un bo control das axudas a nivel financeiro pero non a súa última planificación e o seu destino axeitado. Iso é o que criticamos, o que parece ser que o resto dos grupos da anterior lexislatura criticaban tamén. Non é que se subvencione, senón para que se subvenciona. Para iso o Igape non ten estrutura suficientemente desenvolvida...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Casal.

O señor CASAL VIDAL: E moitas cousas máis que me ofrezco a aportarlles cando teña... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Noutra ocasión, grazas.

Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu creo que —e dígollo con toda honestidade— ten descoñecemento absoluto da Axenda de competitividade Industria 4.0 deste Goberno; non só da súa planificación, senón da súa execución.

Primeiro, debería saber que moitos dos elementos que vostede me traslada están na propia axenda como unha política de solo industrial, como os diferentes incentivos. Debería saber, señor Casal, que estamos aplicando os límites máximos que nos permiten os fondos europeos Feder, tanto nos apoios na industrialización como nos apoios na innovación. En definitiva, estamos poñendo á disposición do sector da automoción e da industria de compoñentes todos os resortes, tanto dende o punto de vista dos apoios industriais como dende o punto de vista dos apoios da innovación.

Polo tanto, estamos traballando na modernización do sector da automoción para competir no mercado global no que nos temos que desenvolver. O elemento diferencial vén polo talento, vén pola innovación, vén pola Industria 4.0 e vén, polo tanto, pola mellora de procesos e de produtos. Iso significa apoiar a innovación, e estámolo facendo coas unidades mixtas. Dunha unidade mixta saíu o desenvolvemento do coche autónomo por parte de Citroën. Seguimos apoiando a través desa orde de investimento a Industria 4.0, que esperemos que dea resultados tamén no sector da automoción. E seguiremos traballando, como por exemplo, con iniciativas como as Business Factory Auto que vai permitir desenvolver investimentos por 20 millóns de euros vinculados, precisamente, ao emprendemento innovador.

Creo e lamento que non ten coñecemento do que está a desenvolver este Goberno, pero loricamente eu recibo ese plantexamento, dende logo, porque temos que ver cara ao futuro. E, efectivamente, cara ao futuro non nos temos que conformar por que Galicia teña dous novos modelos na factoría Citroën; non nos temos que conformar por que o sector de compoñentes vaia facturar un 6 % máis co novo modelo, coa nova furgoneta que coa anterior furgoneta; non nos temos que conformar. E temos que traballar para a modernización do sector, para a innovación do sector. Temos que traballar para que se siga diversificando o sector, para que en Galicia no sector da automoción haxa máis TIER-1 e, polo tanto, que se poida integrar dunha forma máis efectiva o sector da automoción en Galicia. E temos que diferenciarnos, fundamentalmente, pola innovación e pola mellora de procesos e produtos.

Niso estamos a traballar co Igape e tamén coa Axencia Galega de Innovación. Dende logo, a aposta pola industria neste sentido, a aposta polo sector da automoción, é moi evidente. Seguiremos vendo como se desenvolve o panorama do sector de automoción, non só en Portugal senón tamén noutras zonas. E traballaremos para que o noso sector vinculado á factoría de Citroën siga sendo competitivo, non nos próximos dez anos senón tamén nos outros dez anos seguintes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de dona Olalla Rodil Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a pretensión da Xunta de Galicia de suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega nos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Graciñas, presidente.

Antes de máis, hai días, señorías, de verdade que resulta ben difícil ter que estar aquí e escoitar cousas como as que acabamos de escoitar hoxe, simplemente para que o teñan en conta. Neli leva aguantando oito anos actos psicoterroristas dunha empresa concesionaria da Xunta de Galiza, ¡oito anos! (*Aplausos.*) ¡E que se nos veña botar a culpa a nós agora de nada! É difícil aguantar no escano pero o espectáculo debe continuar. Así que aí vai a miña pregunta para o conselleiro de Educación e Cultura.

O pasado mes de decembro de 2016 publicáronse na páxina da Agadic as bases que rexen o proceso de elección de actrices e actores que interpretarán *Martes de carnaval* por parte do Centro Dramático Galego. Un fito histórico toda vez que é a primeira ocasión despois de oitenta anos que poderemos ver e escoitar a obra de Valle-Inclán en galego, unha vez que se levanta a prohibición, o veto, que establecía a propia familia do autor e que impedía ata o momento traducir ao noso idioma a súa obra.

No procedemento de selección impulsado polo Centro Dramático Galego — como digo — recóllense unha serie de requirimentos para as persoas que presentaron a súa candidatura, e neses criterios foron eliminados os relativos ao coñecemento da lingua galega e os criterios de valoración do currículo profesional; o coñecemento e uso do idioma galego no plano cotián e artístico, este último valorado en catro puntos, que como sabe vostede é o procedemento de selección que se determinou. Esa modificación ou esa supresión recollíase toda vez que se volvía publicar a convocatoria para a ampliación até o 10 de xaneiro da presentación das candidaturas.

A pregunta é simple, é sinxela e é directa: ¿por que razón se suprimen nesa ampliación de prazos eses criterios de valoración? E a pregunta que lle formulamos concretamente — esa foi a que foi rexistrada — é se se pretende suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega dos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, efectivamente, hai días mellores e peores e quizais vostedes cando formularon esta pregunta non foi un dos mellores días que tiveron, porque a min, vista a pregunta, pois éntrame unha dúbida, éntrame unha non sei se sa ou insá dúbida, pero ¿cal é a motivación? E eu só vexo dúas posibilidades: a primeira, que non leron a convocatoria e tocan —permítame a expresión artística— de oídas ou simplemente a súa obsesión é tan grande que ven fantasmas onde non os hai. Porque, señora Rodil, aplicando a lóxica máis básica, é unha obra en galego, que se vai representar en galego, con actores que deben falar en galego. Vostede dixo que é a primeira vez que se van representar as obras dun xenial dramaturgo como é Valle-Inclán en galego. Por certo, pola compañía pública. Entón, vostede dixo literalmente se imos levar a suprimir a obriga de coñecer a lingua galega aos actores que van representar unha obra en galego de Valle-Inclán. Simplemente aplicando a lóxica, vostede verá que non é certo. Eu non sei se é ese tocar de oídas ou esa busca de fantasmas, pero vostede sabe que aquí houbo unha petición, ou debería saber que hai unha petición, por parte do sector para que, en determinados casos, actores que, non tendo o Celga, teñen unha competencia sobrada na expresión oral do galego poidan participar neste proceso, neste procedemento público, para poder ser actores contratados polo CDG para representar á compañía. Co cal estamos ante a substitución dun procedemento administrativo, dun certificado administrativo, por un criterio dunha comisión independente, absolutamente independente, que vai avaliar se aqueles actores que non teñen o Celga pero teñen competencia oral en galego poden representar ou non, ou poden facer parte ou non desta obra.

E creo que, se vostede lera a orde, se daría conta, porque de xeito literal —e permítame que a lea de xeito literal— di: «Nesta proba avaliarase o coñecemento e uso do idioma galego, no plano cotián e artístico, como apto ou non apto a criterio do tribunal, quedando excluídos do proceso aqueles que teñen o Celga».

É dicir, vostede sabe que nesta obra hai personaxes de certa idade. E obviamente tamén é necesario que haxa actores que estean en consonancia vital con eses personaxes. E é moi posible que algúns dos pais fundadores do teatro galego, que fixeron un gran traballo pola normalización do galego, non teñan o Celga; co cal, se lle facemos caso a vostede, á súa teoría, estaríamos impedindo que moitos grandes actores do país non poidan participar. Co cal —insisto—, non sei se toca de oído ou se realmente ve fantasmas onde non os hai. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: A miña teoría, non, señor conselleiro. A primeira das bases que se publica a través da páxina web do Agadic formulaba o que eu lle comentei na miña primeira intervención. E puntuaban incluso o coñecemento e uso do idioma galego no plano cotián e artístico. Este último —repito— está no control C, control V, na propia páxina do Agadic, con 4 puntos. Ese é o criterio que vostedes establecían nun primeiro momento, e a

miña pregunta era moi directa e moi concreta, a miña pregunta era moi específica. Era se esta modificación, é dicir, se a avaliación do coñecemento e uso da lingua galega nos procesos de selección das actrices e actores do Centro Dramático Galego van, a partir de agora e con criterio xeral, ser avaliados —como di vostede— polo tribunal dentro da parte de valoración de interpretación artística, ou se, pola contra, van volver vostedes á súa teoría inicial, non á miña, á súa teoría inicial, onde se establecían unha serie de puntos na valoración tamén do coñecemento e do uso do idioma propio.

Eu non vou entrar a valorar se me parece que dentro do proceso de selección de actrices e actores teñan que rexer modelos máis propios da escolla ou da selección do persoal laboral da Xunta de Galiza, simplemente a dúbida —que é o que se lle formula na pregunta tanto escrita como na que acabo de formular eu agora de viva voz— é se esta supresión e esta modificación neste caso, que se fai con motivo da ampliación do tempo para a presentación das candidaturas, vai rexer con carácter xeral ou se, pola contra, van volver emendarse vostedes noutro momento e volverán incorporar a necesidade de que se presente o Celga ou que ese criterio de valoración sexa neste caso puntuado con 4 puntos.

Esa era a pregunta que eu lle formulaba, non queira ver monstros vostede onde non os hai, nin tampouco actúe á defensiva cando non os están atacando neste caso. Repito, a pregunta que nós formulamos é moi concreta: ¿van volver vostedes á súa posición inicial ou van usar como criterio xeral a nova?

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora deputada, eu creo que fun bastante claro na miña resposta inicial. Vostede tamén, pero vostede creo que —e permítame a expresión— está vendo fantasmas onde non os hai. E insisto, insisto en que aquí estamos actuando cun criterio técnico da dirección do Centro Dramático Galego, ao amparo dunha petición do sector na cal se lle di ao Centro Dramático Galego que, ademais do Celga, aqueles actores e actrices que non teñen o Celga pero demostran unha competencia no manexo oral da lingua galega non sexa excluídos. O Celga é un requisito administrativo relativamente recente no tempo. Hai moitos actores, pais do teatro galego, que non teñen o Celga.

Vostede, pola súa teoría, ¿estanos dicindo que non lles fagamos caso aos criterios do sector, aos criterios técnicos impulsados pola dirección do Centro Dramático Galego? ¿Ou vostede nos está dicindo que, dalgún xeito, fixemos un criterio administrativo que non posibilite que aqueles actores galegos que teñen un dominio oral do galego fantástico poidan participar?

Eu creo, señora Rodil, que vostede, na súa ansia de intentar achacarlle a este goberno que perseguimos e atacamos o galego, se pasou sinceramente de freada. Insisto en que aplique a mínima lóxica. (*Aplausos.*) Poña a mínima lóxica enriba da mesa. (*Murmurios.*)

¿Que cabeza humana pode pensar que se vai excluír, que non se vai ter en conta, o galego nun proceso de selección feito con criterios técnicos e artísticos nunha obra que se vai representar en galego, e que os actores non falen galego? É que é realmente –e permítame a expresión– un pouco absurdo.

En todo caso, para a súa tranquilidade, señora Rodil, direille que nesta representación, como noutras anteriores, sempre os criterios de selección se fixeron baixo parámetros técnicos por parte dos profesionais do sector. Non hai ningún tipo de inxerencia política, non hai ningún tipo de cuestión partidista. Simplemente o que hai é unha petición do sector que o que quere é ampliar o abano de persoas e substituír un criterio puramente administrativo —non substituílo senón ampliar un criterio puramente administrativo— por un criterio de coñecemento e de manexo da lingua galega. E eu creo que aquí hai persoas que me entenden perfectamente —non o sei neste caso concreto, pero persoas quizás desta xeración que foron parte dos pais do teatro— e que se verían sorprendidos se imos calibrar a posibilidade ou non dun actor ou dunha actriz de actuar nunha obra en galego por un certificado administrativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do Informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

O informe do Programa internacional para a avaliación de estudantes —o Informe PISA— ten como obxectivo fundamental avaliar a formación dos alumnos cando chegan ao final da etapa do ensino obrigatorio. Trátase dun segmento de poboación que está a piques de iniciar o ensino postobrigatorio ou ben a piques de integrarse na vida laboral.

O programa PISA foi concibido polos países que integran a OCDE como un recurso para ofrecer información abundante e detallada que permitise aos países membros adoptar as decisións e políticas públicas necesarias para mellorar os sistemas educativos. A avaliación dos informes PISA cobre diferentes áreas: a área de lectura, matemáticas e competencia científica, de tal xeito que a avaliación se centra precisamente no dominio dos procedementos, a comprensión dos conceptos e a habilidade de actuar en varias situacións dentro de cada dominio.

Segundo os datos que se desprenden do último informe PISA, do ano 2015, recentemente publicados, Galicia sitúase por riba da media de España e da OCDE nas competencias ava-

liadas, e ademais incrementa a súa puntuación total e a súa posición no ránking de comunidades autónomas con respecto ao último informe ao que facía referencia, do ano 2012.

Tendo presente todo o exposto, ao noso grupo gustaríalle saber que valoración fai o Goberno galego dos datos recentemente publicados no Informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señor deputado, agradezo a pregunta. Os últimos datos de PISA foron positivos para Galicia e foron positivos para España. E marcan unha senda de maior calidade no ensino. Estou seguro de que, se fosen ao contrario, estaríamos asistindo a unha cantidade enorme de reproches por parte dos grupos da oposición respecto do papel da Administración neses malos resultados. Pero, como foron bos, a verdade é que se está falando pouco deles. Eu creo que é positivo que se fale, porque estes datos non son o resultado só e exclusivo da acción política; ao contrario, estes datos son para que toda Galicia estea orgullosa, para que toda a comunidade educativa galega estea orgullosa dos mesmos.

Os datos foron bos no ano 2015. Vou ler algúns indicadores que marcan unha senda creo que moi positiva para o ensino galego.

Tivemos os mellores resultados da nosa historia en matemáticas, ciencias e lectura. A nosa comunidade autónoma está, nas tres variables avaliadas, por riba da media da OCDE. O alumnado galego mellorou en poucos anos en 10 puntos en competencia lectora, e en 5 puntos en matemáticas. En competencia científica, Galicia está ao nivel de países como Alemaña, Australia, Países Baixos, Corea do Sur ou Suíza. E hai un dato que eu creo que é máis máis positivo aínda que todos estes que acabo de dicir, e é que o sistema educativo galego é o máis equitativo dos países que participan no estudo.

Obviamente isto é o froito dun traballo colectivo, onde as familias, o profesorado e tamén a Administración temos todos a nosa parte correspondente neste ámbito. Hai un traballo conxunto e creo que imos na boa liña. Impulsáronse proxectos que tiveron moi boa receptividade por parte do conxunto da comunidade educativa, e, en definitiva, unha acción combinada nunha liña positiva de familias, de profesores, de centros, de equipos directivos e dos programas postos en marcha pola Administración en diferentes ámbitos — formación do profesorado, nos contratos programa, na incorporación ao currículo de materias vinculadas ao eido tecnolóxico, como robótica e programación, no reforzo na lectura, pensemos, por exemplo, no Plambe, no LIA, ou na aposta polo plurilingüismo, polas TIC, pola atención á diversidade ou o fomento da convivencia. É dicir, hai moitas liñas de traballo que foron ben

xestionadas por parte da comunidade educativa e que posibilitan que afortunadamente Galicia nos últimos anos poida presentar un balance positivo. E, como xa dixen ao principio, agradezo esta pregunta, porque estou seguro de que, se os datos fosen negativos, a culpa sería toda da Xunta e seguramente os grupos da oposición nos estarían constantemente reprochando esa cuestión. Como obviamente os datos son positivos, este é un éxito colectivo e estamos tremendamente contentos de que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica do señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, efectivamente, a verdade é que aínda o outro día na sesión da Comisión 4ª tiñamos que escoitar algún voceiro dos grupos da oposición neste caso dicir que había que desmitificar o informe PISA. Claro, evidentemente, hai que desmitificar o informe PISA no momento en que os datos son positivos. Cando os datos non son positivos rapidamente se utiliza o informe PISA como argumento fundamental para construír ese relato da catástrofe ao que habitualmente nos ten acostumada a oposición. *(Aplausos.)*

Pero, bueno, a verdade é que nós temos que felicitarnos por estes resultados, porque amosan dalgún xeito como o sistema educativo galego vai camiñando, como se fan os camiños longos, paso a paso para a mellora da súa calidade. E nese sentido, evidentemente, algo ten que dicir o Goberno galego, que é o que implementa medidas precisamente para acadar esta mellora do sistema educativo, como dicía antes, pasiño a pasiño, que é como se fan as rutas ben longas.

Evidentemente, os resultados deste informe e os resultados de todos estes indicadores non son froito da casualidade, senón que en moitos casos son froito dun traballo, como ben dicía vostede, do traballo de toda a comunidade educativa. Pero, nomeadamente, tamén eu quero poñer en valor o traballo que se pode facer desde a Administración e desde o Goberno. E nese sentido gustaríame, xa para pechar, que nos aclarase un pouco neste último turno que accións e medidas se foron implementando nestes anos para ir conseguindo progresivamente a mellora en todos estes indicadores e, polo tanto, camiñar nesa mellora do sistema educativo galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.

Ben, eu creo que o informe PISA, obviamente, sempre ten detractores, pero é un indicador moi positivo porque nos sitúa nun balance comparativo con outros territorios. E quizás haxa unha cuestión que haxa que destacar, e é que durante moito tempo estivemos asistindo a un discurso no cal se falaba de que progresivamente o sistema educativo español e tamén o galego, por causa dos recortes, perdía calidade.

E os resultados eu cero que están aí. Ao final, dunha política pública hai que ver os resultados. Hai resultados enriba da mesa. ¿Melloramos en equidade social? Si, temos un ensino máis equitativo, temos un ensino que garante a igualdade de oportunidades, temos un ensino que camiña progresivamente cara a unha redución do fracaso escolar, dunha variable tan importante como a redución do fracaso escolar. E temos un proceso educativo que tamén está mellorando os resultados educativos. Creo que ese discurso puramente cuantitativo das políticas educativas, baseadas só nas cantidades orzamentarias, perde certa forza cando se ven ao final os resultados e se poñen os resultados encima da mesa.

E tamén unha segunda reflexión, e é que o Informe PISA tamén nos di que soe haber unha certa correlación entre o nivel socioeconómico dos territorios e os resultados educativos, de tal xeito que as comunidades autónomas ou os territorios —as rexións europeas tamén— que teñen un maior nivel de renda soen ter un maior nivel educativo. E é curioso que no caso español algunhas comunidades autónomas que teñen maior nivel de renda están experimentando unha redución dos seus resultados educativos, nomeadamente, por exemplo, o País Vasco. Mentres que outras rexións que teñen un nivel socioeconómico máis baixo están tendo mellores resultados educativos que os que se presumía con base no seu nivel socioeconómico; por exemplo, Castela-León, e, por exemplo, Galicia. O cal quere dicir que na implementación dunha política pública non só estamos falando de xestión económica, estamos falando de qué se fai cos recursos que os cidadáns poñen nas nosas mans. E creo que iso é o importante de PISA.

E respecto da pregunta de qué se fixo ou qué se está a facer para contribuír conxuntamente con toda a comunidade educativa a mellorar os resultados, hai aspectos fundamentais. Un aspecto fundamental é o reforzo da lectura. Puxemos en marcha unha serie de proxectos e programas que teñen moi boa receptividade por parte dos centros educativos: o Plan LIA, o Plan de bibliotecas escolares —o Plambe—, tamén o Plan de potenciación nas linguas estranxeiras, a aposta pola diversidade, somos a comunidade autónoma que ten unha maior porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais dentro do sistema educativo, o que posibilita que haxa unha maior inclusión, e tamén que haxa un maior reforzamento daquelas competencias para que os alumnos non fracasen escolarmente e poidamos ter todos unha media máis alta. E unha cousa fundamental tamén é a formación do profesorado. Galicia ten un gran plan de formación do profesorado. Todos os anos se fan máis de 2.000 accións de formación do profesorado. Isto, xunto á innovación dos contratos programa posibilita...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que o conxunto da comunidade educativa —familias, profesores, docentes e Administración— ...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...afortunadamente esteamos traballando nunha boa liña e Galicia poida mirar o futuro educativo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...con bos ollos. Aínda que obviamente temos que seguir mellorando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.


Non hai máis cuestións. Remata aquí o pleno.

Boas noites.

Remata a sesión ás seis e trinta e catro minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Sánchez García, Antón	(EM)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Solla Fernández, Eva	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Toja Suárez, María Dolores	(S)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
30. Martínez García, Valeriano	(P)	68. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
31. Mato Otero, Beatriz	(P)	69. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
32. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	70. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25